



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE
IDIOMAS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE GALEGO

CURSO 2024/2025

Contido

| | |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN | 4 |
| 1.1. MARCO LEGAL | 4 |
| 1.2. CONTEXTO EDUCATIVO | 4 |
| 2. NIVEL BÁSICO A2..... | 5 |
| 2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL | 5 |
| 2.2. OBXECTIVOS XERAIS | 6 |
| 2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | 6 |
| 2.3.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 6 |
| 2.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais | 7 |
| 2.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 7 |
| 2.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos..... | 7 |
| 2.3.5. Actividades de mediación..... | 7 |
| 2.4. COMPETENCIAS E CONTIDOS | 8 |
| 2.4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos | 8 |
| 2.4.2. Competencias e contidos estratéxicos | 8 |
| 2.4.3. Competencias e contidos funcionais | 9 |
| 2.4.4. Competencias e contidos discursivos | 9 |
| 2.4.5. Competencias e contidos sintácticos | 10 |
| 2.4.6. Competencias e contidos léxicos..... | 10 |
| 2.4.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos e ortotipográficos. | 11 |
| 2.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL BÁSICO A2 | 11 |
| 3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2 | 38 |
| 3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL | 38 |
| 3.2. OBXECTIVOS XERAIS | 39 |
| 3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS. | 40 |
| 3.3.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 40 |
| 3.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais | 41 |
| 3.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 42 |
| 3.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos..... | 42 |
| 3.3.5. Actividades de mediación..... | 43 |
| 3.4. COMPETENCIAS E CONTIDOS | 43 |
| 3.4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos | 43 |
| 3.4.2. Competencias e contidos estratéxicos | 44 |

| | |
|---|-----|
| 3.4.3. Competencias e contidos funcionais | 44 |
| 3.4.4. Competencias e contidos discursivos | 46 |
| 3.4.5. Competencias e contidos sintácticos | 47 |
| 3.4.6. Competencias e contidos léxicos | 47 |
| 3.4.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos e ortotipográficos | 48 |
| 3.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL INTERMEDIO B1 | 48 |
| 3.6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL INTERMEDIO B2 | 66 |
| 4. NIVEL AVANZADO C1 e C2 | 83 |
| 4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL | 84 |
| 4.2. OBXECTIVOS XERAIS | 84 |
| 4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | 86 |
| 4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais | 86 |
| 4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais | 87 |
| 4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 87 |
| 4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 88 |
| 4.3.5. Actividades de mediación | 89 |
| 4.4. COMPETENCIAS E CONTIDOS | 90 |
| 4.4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos | 90 |
| 4.4.2. Competencias e contidos estratéxicos | 90 |
| 4.4.3. Competencias e contidos funcionais | 91 |
| 4.4.4. Competencias e contidos discursivos | 91 |
| 4.4.5. Competencias e contidos sintácticos | 92 |
| 4.4.6. Competencias e contidos léxicos | 92 |
| 4.4.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos e ortotipográficos | 93 |
| 4.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL AVANZADO C1 | 94 |
| 4.6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL AVANZADO C2 | 116 |
| 5. AVALIACIÓN | 139 |
| 5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN | 142 |
| 5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | 142 |

| | |
|--|-----|
| 5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL | 143 |
| 5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA | 143 |
| 5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO | 145 |
| 5.2.4. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN | 145 |
| 5.2.5. AUTOAVALIACIÓN | 146 |
| 5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS..... | 148 |
| 5.4. ASISTENCIA..... | 148 |
| 5.5. SESIÓNS DE ESTANDARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS..... | 149 |
| 5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 149 |
| 6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS..... | 150 |
| 7. RECURSOS DIDÁCTICOS..... | 159 |
| 8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO..... | 160 |
| 9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO..... | 160 |
| 10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC | 167 |
| 11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 169 |
| 12. OUTROS CURSOS..... | 173 |
| 12.1. CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA..... | 173 |
| 12.2. CURSOS CELGA..... | 175 |
| 12.3. CURSOS CALG | 175 |
| 13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA..... | 176 |
| 14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO..... | 177 |
| 15. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO..... | 179 |

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a prescrición, a admisión, a matrícula e a organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O Departamento de Galego da EOI de Santiago de Compostela creouse no ano académico 2001-2002 e actualmente conta con tres prazas docentes a tempo completo, unha a tempo parcial compartida co Departamento de Portugués e outra praza máis a tempo parcial. As prazas docentes correspóndense, no curso actual, con catro docentes de EOI e un docente interino.

Polo que respecta ao alumnado, atopámonos cun alumnado moi heteroxéneo, un alumnado que presenta diferenzas importantes nos seguintes aspectos:

- Nivel de estudos (estudos primarios, secundarios ou universitarios)
- Capacidade e ritmo de aprendizaxe
- Interese pola lingua (profesional e laboral, académico ou persoal)
- Alfabetización tecnolóxica
- Idade, desde persoas menores de idade (poucas) a persoas xubiladas
- Condicións socioeconómicas (desempregadas, persoal da administración pública, estudiantado universitario, mestres e profesorado, profesionais **liberais...**)
- Coñecemento e contacto previo coa lingua
- Distintas modalidades de acceso aos diferentes cursos e niveis

Se nos centramos nos dous aspectos máis importantes para analizar o contexto educativo do alumnado, o interese pola lingua e a modalidade de acceso aos estudos de Galego, observamos o seguinte:

No tocante ao interese do alumnado pola lingua, o alumnado que estuda o galego ten a necesidade de aprender e perfeccionar a lingua porque desenvolve unha profesión relacionada co ensino ou co turismo (guías, dependente en comercios, empregado/a **dun establecemento hoteleiro...**) ou simplemente quere mellorar o seu currículo; hai quen precisa un certificado de nivel por motivos académicos ou laborais (estudantes universitarios, opositores e profesorado en activo); ou quen realiza cursos de linguas para a súa formación profesional (profesorado de primaria e de secundaria); outras persoas teñen un interese persoal ao contaren con familia ou parella en Galicia; por último, tamén temos alumnado interesado en realizar unha actividade de carácter intelectual e ocupar o seu tempo libre.

No que se refire á modalidade de acceso aos cursos e niveis que se imparten neste departamento, atopámonos coas seguintes tipoloxías:

- Principiantes absolutos, é dicir, alumnado estranxeiro que acaba de chegar a Galicia e empeza en A2.

- Alumnado procedente das probas de clasificación, é dicir, alumnado que accedeu, sen certificación nin titulación previa, a cursos de A2, B1, B2, C1 ou C2.
- Alumnado que dispón de certificacións (celga) de lingua galega (A2, B1, B2 ou C1) emitidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e incorpórase ao curso do seguinte nivel.
- Alumnado que dispón de certificacións emitidas polo sistema de ensinanza regrada oficial, ESO (B2) ou bacharelato (C1) de lingua galega, validadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Alumnado que conta cunha certificación da EOI na convocatoria 2020-2021 ou en anteriores convocatorias (tanto do plan de estudos do 2007 coma do de 1989).
- Alumnado que promocionou de curso dentro da EOI no curso 2024-2025 ou en cursos anteriores

O Departamento de Galego ofrece no presente ano académico para cubrir a demanda de prazas existente os seguintes cursos:

| NIVEL | Nº de grupos | HORARIOS |
|-----------------|--------------|---|
| A2 | 2 | martes e xoves de 09:00 a 11:00 h luns e mércores de 15:30 a 17:30 h |
| B1 | 1 | luns e mércores de 15:30 a 17:30 h |
| B2 | 1 | luns e mércores de 19:30 a 21:30 h |
| C1 | 2 | martes e xoves de 09:00 a 11:00 h mércores e venres de 15:30 a 17:30 h |
| C2 | 2 | mércores e venres de 09:00 a 11:00 h martes e xoves de 19:30 a 21:30 h |
| Celga 2 (1C) | 1 | martes e xoves de 17.00 a 19:30 h |
| Celga 3 (1/2C) | 2 | Luns e xoves de 09.00 a 11.30 h |
| Celga 4 (1/2 C) | 4 | luns e xoves de 11.00 a 13.30 h mércores e venres de 17.30 a 20.00 h |
| LAM liña (1 C) | 2 | curso en liña |
| LAS liña (2 C) | 1 | curso en liña |
| CALC C2 (2 C) | 1 | martes e xoves de 17.30 a 19:30 h |
| Total | 19 | |

2. NIVEL BÁSICO A2

O currículo do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL) e na Lei orgánica de educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque orientado á acción polo que se pronuncia o MCER.

O Departamento de Galego, tal e como establece o Decreto 81/2018, desenvolverá as ensinanzas deste nivel nun único curso denominado Básico A2.

2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel dispoñerá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

2.2. OBXECTIVOS XERAIS

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

Produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.

Comprensión de textos escritos

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.

Produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade –aínda que poida presentar algún descoído de carácter tipográfico– sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como trasladar en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

Mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica.

2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

2.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles axudan coas respostas.

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

2.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.3.5. Actividades de mediación

Transmitirlles, oralmente, a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

Transmitirlles, oralmente, a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial.

Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

2.4. COMPETENCIAS E CONTIDOS

2.4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

- Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...
- Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...
- Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

2.4.2. Competencias e contidos estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

2.4.3. Competencias e contidos funcionais

Usos sociais da lingua:

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.
- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela e breve.

Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e falta de comprensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas, obxectos e lugares.
- Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.
- Expoñer proxectos e formular hipóteses.

Opiniós e valoracións:

- Valorar un feito.
- Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.
- Suxerir unha actividade.

2.4.4. Competencias e contidos discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios
- Formularios
- Listaxes
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Folletos informativos ou publicitarios
- Biografías
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Informacións meteorolóxicas
- Notas e mensaxes
- Instrucións sinxelas
- Programacións de radio e televisión
- Receitas de cociña moi sinxelas
- Carteleiras de espectáculos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara á cara
- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

2.4.5. Competencias e contidos sintácticos

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos.
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.

2.4.6. Competencias e contidos léxicos

- Actividades cotiás: hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, **carácter, estados de ánimo, sentimentos...**
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...

- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

2.4.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos e ortotipográficos.

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

2.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL BÁSICO A2

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, son unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase. Por outro lado, non pretende ser exhaustiva e, para coñecer en detalle os obxectivos, contidos, tipos de textos etc., deberá acudir ao currículo do nivel.

Esta secuenciación estará supeditada á elaboración dunha tarefa e esta á consecución dos obxectivos do nivel. A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

Para o curso básico A2 non se empregará ningún libro de texto en particular. Desenvolveranse os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 81/2018 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo do nivel básico A2, estruturados en 8 unidades. Traballarase con distintos materiais auténticos de elaboración propia, acordados co currículo e coa programación xeral.

A duración prevista para cada unidade é de 5/7 sesións de 120 minutos, aproximadamente, que se impartirán do seguinte xeito:

1º CUADRIMESTRE: unidades 1 a 4

2º CUADRIMESTRE: unidades 5 a 8

A avaliación de progreso levarase a cabo ao longo de todo o curso. Para isto, ademais da avaliación periódica mediante a realización de tarefas que nos permitan coñecer o progreso do alumnado en cada unha das actividades de lingua, teranse en conta os mínimos establecidos ao final de cada unidade.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Unidades temáticas do primeiro cuadrimestre de nivel básico A2

| UNIDADE 1: A IDENTIFICACIÓN PERSOAL | |
|-------------------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a ámbito persoal e temas coñecidos. - Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema. - Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. - Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> |

| | |
|-------------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. - Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas do ámbito persoal, da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual. - Comprender o sentido global e localizar a información sobre o aspecto físico, o carácter, os gustos, a familia, o lugar de orixe etc. - Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas ou non lingüísticas. - Identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social. - Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo. - Redactar textos moi breves e sinxelos que conteñan información persoal básica e nos que se fagan descrições sobre lugares e persoas (aspecto físico, carácter...). - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal básica (nome, idade, enderezo etc.) <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitirlles oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra. - Transmitirlles oralmente a terceiras persoas información relativa á persoa (idade, profesión, parentesco, aspecto físico...) ou explicarlles a terceiras persoas que se lles require esa información, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais... - Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situación da vida cotiá. <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. - Aproveitar os coñecementos previos. - Ensañar o texto oral e escrito. - Utilizar recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral. - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. |

| | |
|-------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Presentarse ou presentar alguén - Dirixirse a alguén - Pedir desculpas - Agradecer - Interesarse por persoas - Describir fisicamente unha persoa - Falar do carácter das persoas - Expresar gustos e preferencias <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formularios - Listaxes - Notas e mensaxes - Instrucións sinxelas - Conversas cara á cara - Biografías - Entrevistas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formas máis usuais para expresar o presente - O artigo determinado e as contraccións - Os posesivos: formas e usos - Os pronomes tónicos e átonos. Colocación (casos máis usuais) - Os números de 0 a 100 <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación persoal: datos persoais (nome, teléfono, enderezo, estado civil, nacionalidade) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O abecedario - Correspondencia entre grafías e fonemas - A pronuncia das vogais e das consoantes (x, e, o). O dígrafo NH - Entoación enunciativa, interrogativa e exclamativa |
| Actividades | <p>CTO: conversas entre amigos que se presentan; completar fichas con datos persoais, textos audiovisuais ou da rede nos que se describen persoas ou comportamentos.</p> <p>CTE: ler información breve sobre algunhas persoas e responder cuestións breves sobre a información máis relevante.</p> <p>PCO: Situacións da vida cotiá: preguntar sobre gustos e intereses, describir persoas, falar do carácter das persoas, dar pistas para descubrir a relación de parentesco que nos une a unha persoa.</p> <p>PCE: Elaborar unha listaxe do que che gusta e do que non che gusta facer; describir persoas.</p> <p>M: Entrevistar o/a compañeiro/a e presentarllo ao resto da clase. Identificar personaxes a través das descricións doutros compañeiros.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñece e aplica o sentido xeral e a información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. - Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma |

| | |
|-------------------|---|
| | <p>lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. - Comprende textos audiovisuais informativos, sinxelos e breves (radio, televisión, xornais, apoiándose para a comprensión nos elementos lingüísticos e paralingüísticos como son as imaxes, o coñecemento do lugar e do tema, un repertorio léxico previsible, sempre que sexa emitido con claridade, lentamente e en lingua estándar. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas. - Comprende as instrucións básicas e sinxelas para ir a un lugar. - Localiza e comprende información específica nun texto sobre o carácter da persoa, o aspecto físico e os gustos sobre as vacacións. Identifica as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprende expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e pode reaccionar de xeito adecuado. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizaos de acordo con textos modelo. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante. - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa á identificación persoal e descrições, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos, as descrições das persoas e os gustos e intereses; así como o sentido xeral de textos audiovisuais sinxelos, pronunciados con lentitude e en lingua estándar, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. - É quen de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de entender o léxico básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de intercambiar información concreta e sinxela. - É quen de redactar textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns. - Redacta textos sinxelos e breves nos que se fan descrições elementais sobre lugares e persoas (aspecto físico, a roupa, o carácter,...), utilizando un |

| | |
|--|--|
| | <p>repertorio lingüístico sinxelo usando conectores simples nos que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribe notas e cartas persoais moi sinxelas nas que se expresen ideas básicas sobre temas persoais (físico, carácter, gustos...) ou de interese persoal (vacacións, viaxes...). - Verifica, igualmente, o coñecemento da estrutura das cartas persoais (cabeceira, saúde, corpo da carta, despedida e sinatura). <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores. - É quen de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos non lingüísticos. - É quen de transmitirlle oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa á identificación persoal e descrições, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 2: VIVENDA, FOGAR E CONTORNA | |
|--------------------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as ideas principais e a información específica en conversas básicas relativas á vivenda, cunha pronuncia lenta e nunha linguaxe estándar, identificando cambios de tema. - Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter un dialogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre a casa expresando preferencias, proxectos o intencións sobre a vida na casa usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Manter un monólogo (cun rexistro estándar e unha pronuncia intelixible) falando da casa cun grao suficiente de coherencia e cohesión. - Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas coa vivenda, e expresar de forma breve a opinión, os gustos ou as suxestións sobre este tema. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localizar e comprender información xeral e específica nun texto sobre a casa. Identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redactar textos sinxelos e breves sobre a vivenda usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. |

| | |
|-------------------------|---|
| | <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitirlle, oralmente ou por escrito, a terceiras persoas a información relativa á casa e a contorna aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos - Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas - Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expor proxectos e formular hipóteses - Expresar dirección, localización... - Describir unha casa, describir o barrio e os servizos - Xustificar, de maneira sinxela, una opinión - Pedir e dar información sobre o mobiliario dunha casa - Facer comparacións <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Folletos informativos - Listaxes. - Carteis, letreiros e sinais - Instrucións sinxelas - Conversas cara á cara <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O artigo indeterminado. Contraccións - Os cuantificadores (un, algún, ningún, moito, pouco...) - As partículas comparativas. - O superlativo relativo - O adverbio de lugar - Locucións preposicionais e adverbiais (preto de, ao lado de, á dereita, enriba...) <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Partes da casa, mobiliario básico (electrodomésticos, aparellos electrónicos...) - Tipos de vivenda (a casa galega) - Servizos (auga, luz, calefacción...) - A cidade, o barrio, a rúa - A contorna da vivenda: animais e plantas - Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Usos básicos dos signos de puntuación |
| Actividades | <p>CTO: conversas sobre distintos tipos de vivenda. A vivenda habitual ou de vacacións.</p> <p>PCO: situacións da vida cotiá; planear a decoración dunha casa por grupos. Falar sobre os veciños. Falar sobre as diferenzas entre a vivenda nas cidades ou no campo. Diálogo sobre os distintos tipos de casa, de arquitectura moderna ou tradicional. Describir o noso barrio.</p> <p>CTE: Distintos tipos de vivenda. Casas con historia. Localizar determinados servizos nun plano.</p> <p>PCE: Describir a nosa vivenda; escribir un anuncio para compartir piso. Describir a nosa vivenda ideal.</p> <p>M: Recoñecer e presentar ao grupo distintos tipos de vivenda, hábitos típicos na decoración (fotografías), dar indicacións a partir da interpretación dun mapa.</p> |

| | |
|--------------------------------|---|
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende as ideas principais e o obxectivo comunicativo en interaccións orais relativas á vivenda cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando cambios de tema e recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza un vocabulario básico relacionado co tema da casa así como o uso adecuado das locucións prepositivas e do tempo da narración, de xeito que a secuencia temporal dos acontecementos poida ser seguida polo interlocutor. - Mantén un diálogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre a casa expresando preferencias, proxectos o intencións sobre a vida na casa usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Produce textos orais moi breves, cun rexistro estándar e unha pronuncia intelixible, falando da casa cun grao suficiente de coherencia e cohesión. - Mobiliza recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localiza e comprende información xeral e específica nun texto sobre a casa. Identifica as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprende expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e pode reaccionar de xeito adecuado. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redacta textos sinxelos e breves sobre a vivenda usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa á casa e a contorna aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender textos básicos relativos á vivenda. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de producir textos orais moi breves e de dialogar utilizando un vocabulario básico; será quen de dar información básica sobre a casa e a contorna usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de localizar e comprender información xeral e específica nun texto sobre a casa, a contorna e os servizos. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de redactar textos sinxelos e breves sobre a casa usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de transmitir oralmente ou por escrito a terceiras persoas información sobre a casa e a contorna aínda con evidentes pausas, titubeos e reformulacións. |

| | |
|--|--|
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |
|--|--|

| UNIDADE 3: HÁBITOS E ACTIVIDADES COTIÁS | |
|---|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos que traten as actividades cotiás e o tempo de lecer, cunha pronuncia lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os horarios, prezos, lugares, medios de transporte. - Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números; comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilizar un repertorio de fórmulas básicas adecuadas para o desenvolvemento dunha conversa telefónica e a capacidade de reaccionar adecuadamente ante elas. - Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo relativas aos gustos, intereses e para obter bens e servizos en situacións de comunicación relativas as actividades cotiás, transportes, tempo de lecer, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender. - Mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguir instrucións básicas, por exemplo, comprar ou reservar un billete por internet. - Localizar a información relevante e comprender información específica nun texto sobre as actividades culturais, horarios, prezos etc., especialmente se contan con apoio visual. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, plans e proxectos relativos ao tempo de lecer, ás actividades culturais e aos asuntos cotiás usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. - Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitirilles oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ao tempo libre e actividades de lecer, contida en gráficos ou imaxes sinxelas, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. - Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contan con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión. |

| | |
|--------------------------------|--|
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vida cotiá: horarios e costumes relacionados con actividades de lecer - Relacións persoais: relacións sociais, familiares e profesionais - Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario... - Estratéxicos: - Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. - Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. - Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Convidar - Suxerir unha actividade - Facer unha proposta. - Aceptar ou rexeitar unha proposta - Facer unha contraproposta. - Expresar a frecuencia - Expresar a secuencia - Fixar unha cita - Reservar telefonicamente un billete dun espectáculo. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Horarios - Billetes e entradas - Cartas de restaurantes e menús - Carteís, letreiros e sinais - Axendas e diarios - Textos sinxelos e breves - Informacións meteorolóxicas - Notas e mensaxes - Carteleiras de espectáculos - Conversas telefónicas sinxelas - Conversas cara á cara <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>ESTAR</i> + xerundio. - <i>ESTAR</i> +A + INFINITIVO - Algúns verbos irregulares en presente. - Verbos reflexivos - Adverbios para expresar afirmación/negación (si/non; eu tamén/eu tampouco) - Adverbios para expresar secuencia e frecuencia (primeiro, despois, normalmente, ás veces, a miúdo, logo...) <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresións para fixar unha cita - Os días da semana. As partes do día e as horas - Tempo de lecer e as actividades culturais e da vida cotiá - Lugares para gozar do tempo de lecer - Medios de transporte - Bens e servizos públicos <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O acento. Regras básicas de acentuación. - Acentuación diacrítica |
|--------------------------------|--|

| | |
|-------------------------------|---|
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Conversas entre compañeiros, de textos audiovisuais ou da rede nos que se fan propostas de ocio e actividades de lecer. PCO: Situacións da vida cotiá, diálogos arredor do tempo libre e as preferencias. Relacionar actividades cotiás coas horas. Falar de gustos e invitar a realizar actividades, aceptar ou rexeitar amablemente, describir unha xornada habitual. CTE: Lecer e tempo libre. Tipos de restaurantes e outros lugares de ocio. PCE: Descrición de actividades ou eventos dun día normal; preferencias no presente, rexeitar ou aceptar convites, escribir unha postal describindo un lugar. M: Referir por escrito ou oralmente o contido de conversas ou lecturas sobre tempo libre, ocio e preferencias de actividades, comidas etc. Resumir brevemente o contido dunha película, libro...</p> |
| <p>Crterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que traten as actividades culturais e o tempo de lecer, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os horarios, prezos, lugares, medios de transporte. - Comprende os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números e comprende preguntas e instrucións básicas e pode seguir indicacións breves. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza un repertorio de fórmulas básicas adecuadas para o desenvolvemento dunha conversa telefónica e a capacidade de reaccionar adecuadamente ante elas. - Comprende preguntas e dá información básica sobre si mesmo relativas aos gustos, intereses e para obter bens e servizos en situacións de comunicación relativas as actividades cotiás, transportes, tempo de lecer, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender. - Mobiliza recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Segue instrucións básicas, por exemplo, comprar ou reservar un billete pola internet, etc... - Localiza e comprende información específica nun texto sobre as actividades culturais, horarios, prezos etc. - Identifica as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprende expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e pode reaccionar de xeito adecuado. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redacta textos sinxelos e breves sobre acontecementos, plans e proxectos relativos ao tempo de lecer, ás actividades culturais e a asuntos cotiás usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que se intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ao tempo libre e actividades de lecer, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. - Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas. |

| | |
|--|---|
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender frases e expresións habituais relacionadas coas actividades cotiás, o tempo de lecer e as necesidades inmediatas sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de expresar nun monólogo, breve e sinxelo, ou nunha conversa informal, cun vocabulario básico, información básica sobre os gustos e preferencias nas actividades cotiás e o tempo de lecer, usando adecuadamente no diálogo as quendas de palabra, e sabendo aceptar ou rexeitar unha proposta aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de seguir instrucións básicas, por exemplo, comprar ou reservar un billete pola internet etc. - Será quen de localizar e comprender información específica nun texto sobre as actividades culturais, horarios, prezos etc. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, plans e proxectos relativos ao tempo de lecer, ás actividades culturais e aos asuntos cotiáns usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de resumir oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ao tempo libre e actividades de lecer, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 4: COMPRAS E ACTIVIDADES COMERCIAIS | |
|---|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender frases e expresións habituais relacionadas coas compras, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolverse de xeito sinxelo pero eficaz para realizar compras de roupa, calzado ou outro tipo de mercadoría, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente. |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar. - Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo. - Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitirlles oralmente a terceira persoa a información relativa a compras (rebaixas, descontos...) ou moda en imaxes moi sinxelas, como carteis publicitarios, publicidade nos comercios..., aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. - Mediar en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vida cotiá: horarios e costumes relacionados co comercio. - Descricións de personaxes e eventos. - Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situación da vida cotiá. Vestiario e comercios. <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. - Ensañar o texto oral e escrito. - Aproveitar os coñecementos previos. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar opinións e valoracións (queixarse, lamentarse, estar indecisos, comparar) - Expresar dúbidas, preguntar o prezo, pedir poder cambiar algo, expresar gustos e opinións, aconsellar, pedir unha opinión, comparar. - Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios). - Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade (dar escusas). - Expresar coñecemento ou descoñecemento. - Manifestar comprensión e falta de comprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. - Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. - Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. - Realizar transaccións comerciais <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Listaxes - Folletos informativos ou publicitarios - Instrucións sinxelas - Cuestionarios - Conversas cara á cara - Conversas telefónicas sinxelas - Instrucións sinxelas |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Etiquetas de produtos e embalaxes <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O xénero e o número do nome - Que + substantivo e cal/cales - Ter que + INFINITIVO - Os demostrativos e as súas contraccións - Pronuncia da nasal velar e alveolar - Algúns usos do imperativo 2ª persoa singular/plural - O presente de indicativo dos verbos regulares máis usuais <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A roupa, o calzado e os complementos - As cores. O vestiario e as cores. - A moda e a vestimenta - Establecementos comerciais e produtos que se venden. A feira - Léxico relacionado coas formas, medidas e envases dos produtos - Léxico relacionado co diñeiro: formas básicas de pagamento - Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os números a partir de 100 - Entoación enunciativa, interrogativa e exclamativa - Usos básicos dos signos de puntuación |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Compresión oral de conversas entre clientes e dependentes ou entre amigos que van de compras.</p> <p>PCO: Simular un diálogo sobre ir de tendas: chamada telefónica, propoñer, falar dos talles e gustos (cores, estilos de roupa...). Ir de compras: interaccións no (super)mercado, na tenda... Elixir o invento máis importante para a humanidade.</p> <p>CTE: Os centros comerciais; o significado das cores; algunha empresa téxtil galega</p> <p>PCE: Descrición de gustos á hora de vestirse ou facer regalos de roupa e accesorios.</p> <p>M: Elaborar unha relación de obxectos para organizar unha fin de semana fóra. Poñerse de acordo cos compañeiros sobre o que levar cadaquén e o que lles falta.</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende frases e expresións habituais relacionadas coas compras, así como o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvólvese de xeito sinxelo pero eficaz para realizar compras de roupa ou calzado; utiliza e recoñece fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía. - Utiliza expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas. - Comprende as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente e sinxelas. - Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e o significado probable de palabras ou frases que descoñece. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organízalos de acordo con textos modelo. - Intercambia información concreta e sinxela cando se realiza unha compra |

| | |
|--|--|
| | <p>online.</p> <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente a terceiras persoas a información relativa a compras e moda en imaxes sinxelas. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender frases e expresións moi habituais relacionadas coas compras, así como o sentido xeral de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de desenvolverse de xeito sinxelo pero eficaz para realizar compras de roupa e calzado e utilizar e recoñecer fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de intercambiar información concreta e sinxela cando se realiza unha compra. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de transmitir oralmente con eficacia a terceiras persoas a información relativa a compras e moda en imaxes moi sinxelas, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

Unidades temáticas do segundo cuadrimestre do nivel básico A2

| UNIDADE 5: O TRABALLO | |
|-----------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as frases e expresións habituais relacionadas co traballo, e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - Identificar cambios de tema recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilizar un vocabulario básico relacionado co tema do traballo así como o uso adecuado das locucións prepositivas e do tempo da narración, de xeito que a secuencia temporal dos acontecementos poida ser seguida polo interlocutor. - Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. - Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as ointes, se llas |

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>repiten e se lle axudan coas respostas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen a un máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia laboral, especialmente se contan con apoio visual. - Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas. <p>Producción e coproducción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redactar textos sinxelos e breves sobre o traballo usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. - Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...). - Transmitirlles oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ao traballo, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vida cotiá: horarios e costumes relacionados co traballo - Condicións de vida: condicións laborais - Relacións persoais: relacións sociais e profesionais <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros - Comprobar hipóteses - Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos - Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas - Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas, obxectos e lugares - Referirse a accións e situacións presentes e pasadas - Expoñer proxectos e formular hipóteses - Valorar un feito - Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade - Expresar estados de ánimo - Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizo - Suxerir unha actividade - Enumerar calidades e defectos das persoas - Preguntar sobre a personalidade e gustos <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara á cara - Conversas telefónicas sinxelas - Instrucións e anuncios - Presentacións públicas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O pretérito: regular e irregular - O participio |

| | |
|-------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Diferenza saber/poder - A perífrase ter + participio - Adxectivos de carácter - Algúns indefinidos <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo e as profesións. Actividades profesionais. - Ciencia e tecnoloxía - Adxectivos que expresan carácter, calidades, personalidade, estados de ánimo... - Condicións laborais - A escola. Material e actividades da aula. centros de ensino. Tipos de estudos <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos |
| Actividades | <p>CO: Conversas sobre distintas profesións e empregos; traballos pouco coñecidos e as novas profesións.</p> <p>PCO: Situacións da vida cotiá: describir unha xornada habitual de traballo; relación entre o traballo e as novas tecnoloxía.</p> <p>CE: Modalidades de emprego. Axencias de colocación. Banco de tempo.</p> <p>PCE: Completar un currículo.</p> <p>M: Adiviñar a que se dedican os/as compañeiros/as a través da súa descrición.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende as ideas principais e o obxectivo comunicativo en interaccións orais relativas ao traballo cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias, a relevancia para a situación actual do falante e os sentimentos que suscitan. Identifica cambios de tema recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación. - Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións. - Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. - Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre o tema laboral ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto. - Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. - Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.. |

| | |
|--|--|
| | <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). - Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ao traballo, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender textos básicos relativos ao traballo. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de producir textos básicos e diálogos utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre o traballo usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de localizar e comprender información xeral e específica nun texto sobre o traballo. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de redactar textos sinxelos e breves sobre o traballo usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de transmitir oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ao traballo ou ao carácter aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet, xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 6: A ALIMENTACIÓN | |
|---------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que traten a cociña e os alimentos cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os tipos de |

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>locais, ingredientes, dietas, cantidades etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números e comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter un diálogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre as preferencias en materia dos costumes alimenticios, cociñas e os locais preferidos para comer e pedindo información sobre prezos, horarios, locais usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen a un máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localizar e comprender información xeral e específica nun texto (menú, blog, receita...) sobre a comida, os alimentos, a cociña e os lugares onde comer. Identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redactar textos sinxelos e breves sobre preferencias e costumes relativos as comidas, os alimentos e os distintos tipos de cociña e locais usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitir lle oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a comidas, cociña e restauración en xeral, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vida cotiá: horarios e hábitos de comida. <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. - Comprobar hipóteses. - Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. - Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dar consellos - Expresar necesidades - Falar da comida e dos costumes alimentarios - Expresar unha opinión - Falar das calidades e das características dos alimentos - Falar de gustos e hábitos culinarios - Desenvolverse en supermercados, tendas de alimentación, bares, cafeterías e restaurantes. - Expresar intereses, preferencias e gustos. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara á cara e telefónicas. - Anuncios - Carteis, letreiros e sinais - Cartas de restaurantes e menús. - Receitas de cociña moi sinxelas. - Axendas e diarios |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Programacións de radio e televisión <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Forma impersonal con se - Os pronomes de CD: o/lo/no - Colocación do pronome átono - Algúns conectores: e, pero, ademais - Algúns usos de SER e ESTAR - Adverbios de frecuencia <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alimentación e gastronomía. As comidas do día - Calidades e características dos alimentos - Tipos de locais de restauración - Diferentes formas de alimentarse - Pesos e medidas <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Usos básicos de maiúsculas e minúsculas |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Conversas entre compañeiros, textos audiovisuais ou da rede que falen de comidas, menús, tipos de restaurantes, tendencias culinarias e alimentación.</p> <p>PCO: Situacións da vida cotiá: facer unha reserva nun restaurante para unha celebración, receitas de cociña, interacción nun restaurante... Organizar a cea de fin de curso.</p> <p>CTE: Tendencias culinarias, receitas de cociña e <i>webs</i> de receitas e videoreceitas. Tipos de alimentación.</p> <p>PCE: Descrición de actividades ou eventos do pasado, das preferencias alimentarias, describir restaurantes (ambiente e comida), elaborar receitas de cociña. Elaborar a carta dun restaurante. Escribirlle unha nota a un familiar para que faga a compra do día/da semana.</p> <p>M: Transmitir por escrito ou oralmente o contido de conversas ou lecturas sobre alimentación a comida (contidos das receitas, carta dun restaurante...)</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que tratan a cociña e os alimentos cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os tipos de locais, ingredientes, dietas, cantidades etc. - Comprende os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números e comprende preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves. <p>Producción e coproducción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación. - Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localiza e comprende información xeral e específica nun texto (menú, blog, receita...) sobre a comida, os alimentos, a cociña e os lugares onde comer. - Identifica as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprende expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e pode reaccionar de xeito adecuado. - Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo á comida ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito gastronómico, e pode deducir do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. <p>Producción e coproducción de textos escritos:</p> |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Redacta textos sinxelos e breves sobre preferencias e costumes relativos as comidas, os alimentos e os distintos tipos de cociña e locais usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a comidas e restauración en xeral, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. - Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas. - Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que traten da cociña e dos alimentos nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os tipos de locais, ingredientes, dietas, cantidades etc. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de utilizar un vocabulario básico e dar información básica sobre as preferencias en materia dos costumes alimentarios, cociñas e os locais preferidos para comer; será quen de solicitar información sobre prezos, horarios, locais usando adecuadamente as quendas de palabra no diálogo, aínda que teña que pedir aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de localizar e comprender información xeral e específica nun texto (menú, blog, receita...) sobre a comida, os alimentos, a cociña e os lugares onde comer. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de redactar textos sinxelos e breves sobre preferencias e costumes relativos ás comidas, os alimentos e os distintos tipos de cociña e locais usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de resumir oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa ás comidas, cociña e restauración en xeral, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

UNIDADE 7: TEMPO LIBRE E OCIO

| | |
|------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que traten as viaxes, as vacacións, lembranzas da infancia, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos |
|------------|--|

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>como tipos de aloxamentos, horarios, prezos, lugares turísticos, medios de transporte, secuencia temporal das experiencias etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números e comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter un dialogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre as preferencias en materia das viaxes e tempo de lecer, pedindo información sobre prezos, horarios, lugares turísticos que visitar, lembranzas da infancia, usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Manter un monólogo (cun rexistro estándar cunha pronuncia intelixible) falando das viaxes feitas no pasado e das intencións para facer viaxes cun grao suficiente de coherencia e cohesión. - Mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localizar e comprender información específica nun texto sobre viaxes e as preferencias sobre as vacacións. Identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado. - Identificar palabras e ideas clave subministradas tanto polo texto como polas imaxes que o ilustran, identificar información relevante a partir do contexto lingüístico e das características do medio en que aparece impresa a información (revistas, carteis, xornais, folletos, internet, etc.). <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos pasados, plans e proxectos relativos ás viaxes e as vacacións e aos gustos e preferencias, usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitir lle oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a viaxes, actividades de lecer e experiencias do pasado, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vida cotiá: actividades de lecer. - Condicións de vida: transporte, viaxe... - Vida cotiá: horarios e hábitos na infancia, costumes e actividades culturais ou de lecer <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. Aproveitar os coñecementos previos. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir un favor - Aclarar unha intención |

| | |
|--------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Informarse sobre algo - Contar experiencias pasadas - Falar de intencións e proxectos - Preguntar como se chega a un sitio e responder - Preguntar canto tempo é necesario para chegar a un sitio e responder - Falar de actividades de lecer - Falar do clima - Preguntar prezos - Pedir e dar información sobre horarios, datas, lugares... <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Formularios - Cartas de restaurantes e menús - Informacións meteorolóxicas - Conversas telefónicas sinxelas - Carteleiras de espectáculos - Guías de lecer - Folletos - Biografía - Correspondencia: cartas, postais, correos electrónicos <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formas e usos do pretérito - A perífrase ir + infinitivo - Estar + xerundio - Marcadores temporais (hoxe, esta semana, o luns que vén, antes, daquela...) - Verbo IR + clima / HABER + tempo cronolóxico - Xénero de substantivos –axe - Verbos: elixir, preferir, percorrer, saír, traer, levar, pedir, repetir, reservar... - Gustárame/che/lle/nos/vos/lles + infinitivo - Adverbios de lugar e tempo - Preposicións: desde, ata... <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nomes de países e xentilicios - Os meses do ano e as estacións - Lugares de interese: festas, monumentos... - Cultura: libros, filmes, música... - Clima e condicións atmosféricas - Animais e plantas máis comúns - Vacacións e tempo de libre - Afeccións e intereses - Viaxes: medios de transporte, aloxamentos, obxectos útiles para viaxar.... - Actividades de lecer (xogos, deportes, prensa, radio, TV...) <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ortografía de palabras estranxeiras máis frecuentes. |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Conversas entre compañeiros, textos audiovisuais ou da rede falando de viaxes ou destinos turísticos e dos recordos da infancia. Tipos de aloxamento.</p> <p>PCO: Contar algunha viaxe que fixemos ou que nos gustaría facer. Organizar unha viaxe de fin de semana para toda a clase.</p> <p>CTE: Informacións turísticas, <i>webs</i> de reservas de viaxes e aloxamentos</p> <p>PCE: Descrición de viaxes. Correspondencia para planificar unha viaxe. Escribir unha postal e un correo electrónico falando das vacacións. Descrición de actividades ou eventos do pasado.</p> <p>M: Interpretar un parte meteorolóxico, interpretar e transmitir información relativa a horarios, medios de transporte, resumir o argumento dunha película...</p> |

| | |
|--------------------------------|---|
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que traten das viaxes das vacacións e de lembranzas da infancia cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os tipos de aloxamentos, horarios, prezos, lugares turísticos, medios de transporte etc. - Comprende os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números e comprende preguntas e instrucións básicas e segue indicacións breves. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mantén un diálogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre as preferencias en materia das viaxes e pedindo información sobre prezos, horarios, lugares turísticos que visitar usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Mantén un monólogo (cun rexistro estándar cunha pronuncia intelixible) falando das viaxes feitas no pasado e das intencións para facer viaxes no futuro cun grao suficiente de coherencia e cohesión. - Mobiliza recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen a un máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localiza e comprende información específica nun texto sobre viaxes e os gustos sobre as vacacións. - Identifica as formas lingüísticas, comprende expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e pode reaccionar de xeito adecuado. - É quen de identificar palabras e ideas clave subministradas tanto polo texto como polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado global a partir do contexto lingüístico e das características do medio en que aparece impresa a información (revistas, carteis, xornais, folletos, internet etc.). <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redacta textos sinxelos e breves sobre acontecementos, plans e proxectos relativos as viaxes e as vacacións usando frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a viaxes, actividades de lecer e experiencias do pasado, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que traten as viaxes cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos coma os tipos de aloxamentos, horarios, prezos, lugares turísticos, medios de transporte etc. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de manter un diálogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre as preferencias en materia das viaxes e pedindo información sobre prezos, horarios, lugares turísticos que visitar usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Será quen de manter un monólogo (nun rexistro estándar e cunha pronuncia intelixible) falando das viaxes feitas no pasado e das intencións para facer viaxes no futuro cun grao suficiente de coherencia e cohesión. |

| | |
|--|--|
| | <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de localizar información específica básica, nunha narración, as liñas xerais do argumento, os personaxes que as levan a cabo, o tempo ou o espazo onde se desenvolven. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, plans e proxectos relativos as viaxes e as vacacións usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de resumir oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a viaxes, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 8: SAÚDE E COIDADOS FÍSICOS | |
|-------------------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender frases e expresións habituais relacionadas coa saúde e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre saúde e coidados físicos, e identificar un cambio de tema. - Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais, consellos, situacións predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilizar un vocabulario básico relacionado co tema da saúde así como o uso adecuado das locucións prepositivas e do tempo da narración, de xeito que a secuencia temporal dos acontecementos poida ser seguida polo interlocutor. - Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. - Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localizar e comprender información xeral e específica nun texto sobre a saúde. Identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado. - Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redactar textos sinxelos e breves sobre a saúde, enfermidades e curas usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. - Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmitirlle oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa á saúde e cuidados físicos en xeral, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais... - Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...). - Vida cotiá: hábitos, horarios, condicións laborais... - Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá... <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Probar novas expresións. - Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. - Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. - Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar gustos relativos ao aspecto físico - Falar de estados de ánimo - Expresar sensacións físicas - Describir problemas de saúde. Describir síntomas ou malestares - Informar sobre problemas persoais - Dar consellos e indicacións - Preguntar por actividades físicas e expresar a propia opinión - Convencer alguén - Expresar condolencias, solidariedade <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formularios e listaxes - Axendas e diarios - Notas e mensaxes. Consellos - Conversas cara á cara - Correspondencia: cartas, postais, correos electrónicos - Instrucións - Presentacións públicas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O futuro dos verbos regulares e irregulares - Algúns usos de SER e ESTAR. Contraste ser/estar - O verbo DOER - Substantivos en -se,-ite,-te <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O corpo humano. Partes do corpo. - Linguaxe corporal. Xestos - A saúde e o estado físico - Doenzas, molestias e síntomas - Servizos médicos e centros de saúde - Remedios naturais - Accidentes. Servizo de urxencias - Necesidades corporais básicas: sono, fame, cansazo, frío, calor |

| | |
|-------------------------|--|
| | <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Repaso dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes |
| Actividades | <p>CTO: conversas entre pacientes ou compañeiros falando da súa saúde a hábitos saudables, remedios e cuidados específicos.</p> <p>PCO: Reproducir un diálogo na sala de espera e na consulta médica. Falar das distintas terapias. Relación saúde e alimentación.</p> <p>CTE: As diferentes terapias de saúde en xeral. Medicina popular.</p> <p>PCE: Consellos de saúde e hábitos de vida saudables.</p> <p>M: Ler unha relación de consellos e aplicalos aos distintos trastornos da saúde que se presenten na clase. Organizar un plan de vida saudable. Adiviñar a doenza dun paciente e aconsellarlle un remedio, tendo en conta os seus síntomas.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identifica cambios de tema recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin. - Comprende preguntas e consellos básicos relativos á saúde, aos remedios e as medicinas. <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utiliza un vocabulario básico relacionado co tema da saúde así como o uso adecuado das locucións prepositivas e do tempo da narración, de xeito que a secuencia temporal dos acontecementos poida ser seguida polo interlocutor. - Dialoga utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre a saúde pedindo información e consellos sobre enfermidades e usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. - Mantén un monólogo (cun rexistro estándar cunha pronuncia intelixible) falando da saúde e do estado físico, dando consellos sobre a saúde a a actividade física cun grao suficiente de coherencia e cohesión. - Mobiliza recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non entendeu. <p>Comprensión de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localiza e comprende información xeral e específica nun texto sobre a saúde. Identifica as formas lingüísticas que vehiculan a intención comunicativa, comprende expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e pode reaccionar de xeito adecuado. - Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común. <p>Produción e coprodución de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Redacta textos sinxelos e breves sobre a saúde, enfermidades e remedios usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, queda claro o que intenta dicir. <p>Mediación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a problemas persoais, á saúde e cuidados físicos en xeral, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de comprender preguntas e consellos básicos relativos á saúde, á curas e ás medicinas. <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de manter un monólogo e un diálogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica sobre a saúde pedindo información e consellos sobre enfermidades e usando adecuadamente as quendas de |

| | |
|--|--|
| | <p>palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender.</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de localizar e comprender información xeral e específica nun texto sobre a saúde. <p>Producción e coprodución de textos escritos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de redactar textos sinxelos e breves sobre a saúde, enfermidades e curas usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir. <p>Mediación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Será quen de transmitir oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa á saúde e coidados físicos en xeral, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: audios, vídeos, cancións, Internet , xogos, exercicios de gramática, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de reforzo ou ampliación para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

Se se dá a circunstancia de que algúns dos contidos previstos non se poidan impartir presencialmente, aqueles contidos que sexan necesarios poderanse subir á aula virtual, especialmente os relacionados coas actividades de lingua máis pasivas.

3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2

O currículo do nivel intermedio das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual plurilingüe e pluricultural.

O nivel intermedio de Galego, tal e como establece o Decreto 81/2018, desenvolverase en dous cursos académicos, un de B1 e outro de B2 .

3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

INTERMEDIO B1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel dispoñerá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

INTERMEDIO B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel dispoñerá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e dispoñerá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

3.2. OBXECTIVOS XERAIS

INTERMEDIO B1

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado será capaz de:

Comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

Produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

Comprensión de textos escritos

Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

Produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación, propósito comunicativo) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

Mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

INTERMEDIO B2

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B2, o alumnado será capaz de:

Comprensión de textos escritos

Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.

Producción e coproducción de textos orais

Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

Comprensión de textos escritos

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

Producción e coproducción de textos orais

Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

Mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

3.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

INTERMEDIO B1

Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender mensaxes e anuncios que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

INTERMEDIO B2

Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con certas limitacións para captar a ironía e o humor.

Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.

Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.

Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

3.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

INTERMEDIO B1

Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.

Dar información xeral sobre un asunto de saúde.

Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (**tendas, hoteis, transporte...**).

Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.

Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre as diferentes formas de pagamento.

Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

INTERMEDIO B2

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.

Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, **nunha visita guiada...**

Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.

Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

3.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

INTERMEDIO B1

Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos sinxelos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

INTERMEDIO B2

Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.

Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.

Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.

Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.

Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.

Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

3.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

INTERMEDIO B1

Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Cubrir impresos e formularios -segundo modelos establecidos ou convencionais- que requiran datos persoais, académicos ou profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.

Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

INTERMEDIO B2

Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.

Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.

Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.

Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

3.3.5. Actividades de mediación

INTERMEDIO B1

Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

INTERMEDIO B2

Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou rere as seccións difíciles.

3.4. COMPETENCIAS E CONTIDOS

3.4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

INTERMEDIO B1

Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.

INTERMEDIO B2

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

3.4.2. Competencias e contidos estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

INTERMEDIO B1 e B2

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e as experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

3.4.3. Competencias e contidos funcionais

INTERMEDIO B1

Usos sociais da lingua:

- Desculparse por algo e reaccionar ante a desculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.

- Proponer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

Control da comunicación:

- Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Pedir lle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

Coñecemento, opinións e valoracións:

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- Explicar un problema de xeito sinxelo.
- Protestar e reclamar por un servizo.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

Organización do discurso:

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.
- Enunciar o peche do discurso e pechalo.
- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

INTERMEDIO B2

Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

Usos directivos, teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo:

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:

- Participar, de xeito apropiado, en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.
- Discutir sobre a información recibida.

3.4.4. Competencias e contidos discursivos

INTERMEDIO B1 E B2

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios.
- Instrucións e indicacións.
- Conversas formais e informais.
- Debates e discusións formais.
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas.
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado.
- Presentacións.
- Cancións.
- Representacións teatrais.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómica.
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo

- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

3.4.5. Competencias e contidos sintácticos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

INTERMEDIO B1 E B2

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo.
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación.
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento.
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores.
- Posición e concordancia dos elementos da oración.
- Uso da impersonalidade.
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes.
- Uso do imperativo afirmativo e negativo.
- O aspecto. Incoativo, durativo.
- O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición.
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto.
- Réxime preposicional con verbos frecuentes.
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes.
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais.
- Posición e concordancia dos elementos oracionais.
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal.
- Oración composta. Coordinación.
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais.
- Correlación temporal nas oracións.
- Uso de conectores propios do nivel.
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos.

3.4.6. Competencias e contidos léxicos

Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

INTERMEDIO B1 E B2

- Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, **cine e teatro, novas manifestacións artísticas...**
- Actividades económicas e comerciais: **comercio, entidades e empresas, industria...**
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e **problemas ambientais...**
- Educación: **o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...**
- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- Información e medios de comunicación: **prensa escrita, televisión e radio, Internet...**

- Política e sociedade: institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e **relixiosos...**
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e **drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...**
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións **laborais, seguridade e riscos laborais...**
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

3.4.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos e ortotipográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

INTERMEDIO B1 E B2

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

3.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL INTERMEDIO B1

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, é unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase. Por outro lado, non pretende ser exhaustiva e, para coñecer en detalle os obxectivos, contidos, tipos de textos etc., deberase acudir ao currículo do nivel.

Esta secuenciación estará supeditada á elaboración dunha tarefa e esta á consecución dos obxectivos do nivel. A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

O libro de texto que se segue é *Aula de galego 2*, manual que consta de 10 unidades. Estas 10 unidades do manual vanse reestruturar nas 8 unidades que seguen e completaranse con distintos materiais doutros métodos comunicativos e materiais auténticos de elaboración propia acordes co currículo e coa programación xeral.

Estableceuse que a duración de cada unidade sexa de 7/8 sesións de 120 minutos, aproximadamente.

Para o ano académico 2024-2025, o curso divídese en dous cuadrimestres:

1º CUADRIMESTRE: unidades 1 a 4

2º CUADRIMESTRE: unidades 5 a 8

A avaliación de progreso levarase a cabo ao longo de todo o curso. Para isto, ademais da avaliación periódica mediante a realización de tarefas que nos permitan coñecer o progreso do alumnado en cada unha das actividades de lingua, teranse en conta os mínimos establecidos ao final de cada unidade.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Unidades temáticas do primeiro cuadrimestre de intermedio B1

| UNIDADE 1: VOLVER EMPEZAR | |
|---------------------------|--|
| Obxectivos | Comprensión de textos orais: -Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual. Produción e coprodución de textos orais: -Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal. -Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. Comprensión de textos escritos: |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares. -Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese. Produción e coprodución de textos escritos: <ul style="list-style-type: none"> -Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos. -Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe. Mediación: <ul style="list-style-type: none"> -Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles. -Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificación persoal. -A familia. -Relacións persoais. -Descricións físicas e anímicas. <p>Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións... -A familia. -Descrición física. -Descrición do carácter e anímica. <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos que se inclúen para este nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Presentarse e presentar a outras persoas. -Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. -Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. -Relatar accións e circunstancias pasadas. -Dar e pedir información sobre sucesos pasados. -Expresar gustos, afeccións, teimas etc. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Conversas formais e informais. -Presentacións. -Enquisas. -Cancións. -Currículo. -Biografías. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O xénero das palabras. -o número das palabras. -Algunhas perífrases: volver + infinitivo, ir + infinitivo, empezar a + infinitivo, acabar de + infinitivo, deixar de + infinitivo, levar +xerundio, seguir +xerundio <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...). -Acentuación I. |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Promoción do 87. CTE: Época de cambios (perífrases).</p> |

| | |
|---|--|
| | <p>PCE: Candidato/a ideal para un posto de traballo. PCO: As nosas experiencias no sistema educativo. M: Vivencias da infancia.</p> |
| <p>Crterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais: -Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada. Produción e coprodución de textos orais: -Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples. Comprensión de textos escritos: -Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade, coa axuda do dicionario. Produción e coprodución de textos escritos: -Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración. Mediación: -Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Comprensión de textos orais: -É quen de identificar, nunha conversa clara e ben estruturada, parte do contido de conversas en que se aborden temas do seu interese. Produción e coprodución de textos orais: -É capaz de opinar de xeito simple e amosar acordo e desacordo sobre temas do seu interese. Comprensión de textos escritos: -É capaz de comprender suficientemente textos narrativos que non sexan difíciles para o seu nivel e coa axuda do dicionario. -Produción e coprodución de textos escritos: -É quen de encher formularios que lle demanden información propia e lle requiran unha explicación ou aclaración. -Mediación: -É capaz de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 8 sesións. Recursos: <i>Aula de Galego 2</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

UNIDADE 2: MOMENTOS ESPECIAIS

| | |
|-------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. -Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, poder responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese. -Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe. -Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Etapas da vida. -Ámbito laboral. -Educación. <p>Estratéxicos:</p> <p>Os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. -Falar dunha acción en proceso. -Relatar accións e circunstancias pasadas. -Dar e pedir información sobre sucesos pasados. -Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo. -Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico. -Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Audiovisuais. -Presentacións. -Cancións. -Correspondencia persoal e formal. -Textos literarios. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Repaso do presente e do pretérito. -O copretérito. -Combinación do pretérito e do copretérito. -Introdución do antepretérito. -Os posesivos. -Os demostrativos. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Profesións. -Tarefas que se desenvolven no traballo e procura de emprego. -Diferentes graos na educación, tipos de formación. |

| | |
|------------------------|--|
| | <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: -A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. -Acentuación II.</p> |
| Actividades | <p>CTO: Que apuro leve! CTE: Historias de Balbino. PCO: A miña árbore xenealóxica. PCE: Unha lembranza querida. M: A árbore xenealóxica dun/ha compañeiro/a.</p> |
| Crterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: -Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal. Produción e coprodución de textos orais: -Participa en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, utilizando fórmulas simples de inicio e remate, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir. Comprensión de textos escritos: -Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexo os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece. Produción e coprodución de textos escritos: -Redacta notas simples e breves –notas que poden presentar algunha incoherencia– solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos. Mediación: -Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais: -É quen de comprender de xeito razoable o que se fala respecto dos temas máis habituais, se se dan opinións, se se fala de experiencias persoais, con pronuncia clara, a velocidade normal e sen modismos ou expresións pouco frecuentes. Produción e coprodución de textos orais: -É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples. É capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo cunha fluidez limitada, facendo pausas cando o precisa. Comprensión de textos escritos: -É capaz de comprender léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexo os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece. Produción e coprodución de textos escritos: -É quen de redactar notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos. Mediación: -É quen de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, pero non sempre de xeito fluído.</p> |

| | |
|---|--|
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | Temporalización: 7 sesións. Recursos: <i>Aula de Galego 2</i> , exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe. |
|---|--|

| UNIDADE 3: BUSQUE E COMPARE | |
|-----------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual. -Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares. -Pedir un menú nun restaurantes, solicitar informacións sobre un menú e sobre as diferentes formas de pagamento. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vida cotiá. -Alimentación e hábitos. -Actividades económicas. <p>Estratéxicos:</p> <p>Os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Desculparse por algo, reaccionar ante a desculpa, xustificarse e botar a culpa. -Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. -Expresar gustos, afeccións e teimas. -Solicitar información sobre servizos. -Protestar e reclamar por un servizo. -Dar e pedir información con distintos graos de seguridade. -Pedir, tomar e ceder a palabra. -Reaccionar e cooperar na interacción. -Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Anuncios publicitarios. -Enquisas. -Catálogos. |

| | |
|-------------------------|---|
| | <p>-Receitas de cociña. Sintácticos: -A comparación. -Imperativo e formas de cortesía para pedir. -Os demostrativos. -Os numerais e indefinidos. Léxicos: -Inventos e tecnoloxía. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: -A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos. -Uso de s/x, b/v.</p> |
| Actividades | <p>CTO: Anuncios. CTE: Pirámide de alimentos PCO: Debate sobre a dieta galega. PCE: Os mellores comercios do barrio. M: Resumir as principais ideas de "Retos publicitarios".</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: -Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal. Produción e coprodución de textos orais: -Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar. Comprensión de textos escritos: -Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc. -Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición. Produción e coprodución de textos escritos: -Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples. Mediación: -Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasladada ás persoas destinatarias ou solicitada con anterioridade para tela dispoñible.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais: -É quen de arranxarse nas xestións máis comúns e cotiás se as súas persoas interlocutoras falan con claridade e en lingua estándar. Produción e coprodución de textos orais: -É quen de desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar. Comprensión de textos escritos: -É quen de comprender e localizar a información relevante en textos do seu interese. -É quen de identificar e seleccionar información relevante, nun texto extenso que estea relacionado cos seus intereses, para preparar unha exposición. Produción e coprodución de textos escritos:</p> |

| | |
|--|--|
| | <p>-É quen de intercambiar información en situacións habituais e sobre asuntos cotiáns de xeito simple.</p> <p>Mediación:</p> <p>-É quen de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias.</p> |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 2</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 4: MAÑÁ | |
|-------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade. <p>Produción e coprodución de textos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Paisaxe urbana e rural. -Ciencia e tecnoloxía. <p>Estratéxicos:</p> <p>Os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. -Expresar opinións e valoracións. -Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo. -Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. -Falar do futuro e facer hipóteses. -Expresar condicións. -Explicar un problema de xeito sinxelo. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Debates e discusións informais. -Enquisas. -Presentacións. -Textos xornalísticos (reportaxes e entrevistas). -Informes. <p>Sintácticos:</p> |

| | |
|-------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Pronomes átonos e a súa colocación. -Futuro de indicativo. -Se + presente/futuro de indicativo. -Marcadores temporais de futuro. -Algúns adverbios de dúbida + futuro. Léxicos: -O clima e o tempo. -O ámbito medioambiental. -A paisaxe urbana. -Inventos e tecnoloxía. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. -A correspondencia entre as unidades melódicas e a puntuación. |
| Actividades | <p>CTO: Predición do tempo. CTE: Un futuro difícil. PCO: Solucións para os problemas do planeta. PCE: Relatar como seremos dentro de 50 anos. M: Resumir opinións de persoas expertas.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: -Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do contexto os significados dalgúns palabras e expresións que descoñece.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p> <p>Mediación: -Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasladada ás persoas destinatarias ou solicitada con anterioridade para tela dispoñible.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais: -É quen de comprender e seguir instrucións, acompañadas de soporte visual, que lle permitan usar aparellos cotiáns.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -É capaz expoñer un tema brevemente e previamente preparado, e responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -É quen de comprender léxico escrito de uso frecuente sobre temas cotiáns e deducir do contexto e do co texto os significados dalgúns termos e expresións descoñecidas.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -É quen de tomar notas breves en lingua estándar, sobre un tema coñecido a partir dun discurso sinxelo e claro.</p> <p>Mediación:</p> |

| | |
|--|--|
| | -É quen de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias. |
| Temporalización ,recursos e atención á diversidade | Temporalización: 7 sesións. Recursos: <i>Aula de Galego 2</i> , exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe. |

Unidades temáticas do segundo cuadrimestre de Intermedio B1

| UNIDADE 5: ISO NON SE FAI | |
|---------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Dar información xeral sobre un asunto de saúde. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións et. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variante estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vida cotiá e convencións sociais. -A saúde. <p>Estratéxicos:</p> <p>Os que se estipulan para este nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico. -Explicar un síntoma dunha enfermidade. -Falar do futuro e facer hipóteses. -Explicar un problema de xeito sinxelo. -Utilizas as convencións propias dos textos e discursos que manexan. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instrucións e indicacións. -Conversas formais e informais. -Consultas médicas. -Enquisas. -Informes, resumos e esquemas. -Prospectos. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É normal/habitual/raro + inf., adoitar + inf, acostumar+inf. -O imperativo. -Uso da impersonalidade. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O corpo. |

| | |
|-------------------------|--|
| | <p>-As doenzas. -Hábitos saudables. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. -As siglas e as abreviaturas de uso frecuente.</p> |
| Actividades | <p>CTO: Chamada dun paciente ao centro de saúde. CTE: Prohibido fumar. PCO: Na consulta médica. PCCE: Consellos para previr o contaxio da Covid. M: Resumir e trasladar a información dun artigo sobre a saúde.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión dun texto oral: -Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións. Produción e coprodución dun texto oral: -Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións. Comprensión dun texto escrito: -Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do contexto os significados dalgúns palabras e expresións que descoñece. Produción e coprodución dun texto escrito: -Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade. Mediación: -Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasladada ás persoas destinatarias ou solicitada con anterioridade para tela dispoñible.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión dun texto oral: -É quen de comprender e seguir as ideas principais e algúns detalles en textos audiovisuais de carácter informativo, articulados lentamente e claramente sobre temas coñecidos, sen comprender algunhas opinións. Produción e coprodución dun texto oral: -É capaz expoñer un tema brevemente e previamente preparado, e responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas. Comprensión dun texto escrito: -É quen de comprender léxico escrito de uso frecuente sobre temas cotiáns e deducir do contexto e do co texto os significados dalgúns termos e expresións descoñecidas. Produción e coprodución dun texto escrito: -É quen de tomar notas breves en lingua estándar, sobre un tema coñecido a partir dun discurso sinxelo e claro. Mediación: -É quen de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias.</p> |

| | |
|---|--|
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | Temporalización: 7 sesións. Recursos: <i>Aula de Galego 2</i> , exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe. |
|---|--|

| UNIDADE 6: VIVIR AQUÍ | |
|-------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual. <p>Produción e coprodución dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. <p>Comprensión dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares. <p>Produción e coprodución dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vida cotiá. -Vivenda e fogar. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Control da comunicación: solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión -Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. -Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión. -Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade. -Solicitar información sobre servizos. -Utilizar as convencións propias dos textos e dos discursos que manexan <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Debates e discusións formais. -Anuncios publicitarios. -Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais... -Adiviñas. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O discurso referido: estilo directo e indirecto -A voz pasiva: ser + participio. -Oración composta: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais. <p>Léxico:</p> |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Tipos de casa e o seu equipamento. -Compra e alugueiro. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. |
| Actividades | <p>CTO: Alugueiros. CTE: Aldea ou cidade? PCO: Debate sobre servizos dos ámbitos rural e urbano. PCE: Unha mensaxe. M: Unha reunión co caseiro (interpretar/transmitir).</p> |
| Crterios de avaliación | <p>Comprensión dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada. <p>Produción e coprodución dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Interactúa en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, utilizando fórmulas simples de inicio e remate, ten un repertorio lingüístico sinxelo e, ás veces, precisa facer pausas para pensar o que quere dicir. <p>Comprensión dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión. <p>Produción e coprodución dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de identificar, nunha conversa clara e ben estruturada, parte do contido de conversas nas que se aborden temas do seu interese. <p>Produción e coprodución dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples. É capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo cunha fluidez limitada, facendo pausas cando o precisa. <p>Comprensión dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É capaz de seguir instrucións con soporte visual que lle permitan usar un aparello. <p>Produción e coprodución dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de intercambiar información en situacións habituais e sobre asuntos cotiáns de xeito simple. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de reelaborar por escrito a información básica que necesite e transmitir a mensaxe con suficiente claridade e eficacia. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 2</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

UNIDADE 7: VAI E DILLE

| | |
|--------------------------------|--|
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión dun texto oral: -Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento. Produción e coprodución dun texto oral: -Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros. Comprensión dun texto escrito: -Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas. Produción e coprodución dun texto escrito: -Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que se ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos. Mediación: -Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: -Actividades artísticas. -Lecer. -Viaxar. Estratéxicos: Todos os marcados para este nivel. Funcionais: -Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. -Expresar gustos, afeccións, teimas -Pedir, tomar e ceder a palabra. -Reaccionar e cooperar na interacción. -Introducir un tema en situacións formais e informais. -Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema. -Enunciar o peche do discurso e pechalo. -Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan. Discursivos: -Audiovisuais: películas, programas de lecer, -Presentacións -Representacións teatrais -Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro... -Guións -Dicionarios Sintácticos: -Conectores para organizar un relato: comezar o relato (resulta que...), secuenciar a acción (nisto, logo, de súpeto, entón; finalmente, por fin, ao final); referencia temporal (cando); explicar causas (como, porque). -Adverbios. Usos e formas máis frecuentes. -Expresar finalidade. -Oración composta: subordinación de relativo. Léxico: -Xéneros dos filmes, novelas, programas de TV. -Vocabulario básico das artes. -Vacacións e tempo de lecer. -Viaxes: medios de transporte, aloxamentos, Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. -Uso de s/ll/l.</p> |

| | |
|---|--|
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Festas galegas. CTE: A lenda. PCO: Simular un diálogo arredor dunha viaxe realizada ou por realizar PCE: Crítica dun libro ou dunha película en galego. M: Resumir a sinopse dun filme.</p> |
| <p>Critérios de avaliación</p> | <p>Comprensión dun texto oral: -Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información. Produción e coprodución dun texto oral: -Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel. Comprensión dun texto escrito: -Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc. Produción e coprodución dun texto escrito: -Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital. Mediación: -Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Comprensión dun texto oral: É quen de comprender e seguir razoablemente, aínda que perda información, a trama de textos audiovisuais narrativos, nunha lingua sinxela e estándar e con soporte visual. Produción e coprodución dun texto oral: É capaz de solicitar e intercambiar información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos do seu interese e sobre asuntos familiares, cun repertorio léxico suficiente para o nivel. Comprensión dun texto escrito: É quen de comprender e localizar a información relevante en textos do seu interese. Produción e coprodución dun texto escrito: É quen de empregar adecuadamente para que o texto sexa bastante comprensible, os signos de puntuación principais, as regras ortográficas básicas e as convencións formais máis habituais en textos de soporte papel e dixital. Mediación: É capaz de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 8 sesións. Recursos: <i>Aula de Galego 2</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 8: BASTA XA! | |
|-------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común. <p>Produción e coprodución dun texto oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas. <p>Comprensión dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese. <p>Produción e coprodución dun texto escrito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Información e medios de comunicación. -Política e sociedade. <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos os sinalados para este nivel</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresar a necesidade ou desexo de facer algo ou de que suceda algo. -Expresar desexos e reclamacións -Valorar situacións e feitos -Falar do futuro e facer hipóteses, -Protestar e reclamar por un servizo. -Propoñer solucións e reivindicar <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Anuncios publicitarios. -Telexornais e documentais. -Enquisas e entrevistas. -Textos xornalísticos (noticias, reportaxes), cartas á dirección, entrevistas. -Informes, resumos e esquemas. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O presente de subxuntivo. -Cando + subxuntivo. -O pospretérito. <p>Léxico:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A prensa escrita e dixital, a radio, a televisión. -Institucións. -Conflitos e movementos sociais. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. |
| Actividades | <p>CTO: Entrevistas. Cancións. Anuncios.</p> <p>PCO: Cuestionario sobre temas que preocupan en Galicia (gráfico de opinión).</p> <p>CTE: Entrevista "As voces da liberdade".</p> <p>PCE: carta á dirección sobre a programación televisiva.</p> <p>M: Resumo/Sintese das ideas principais dun extracto de entrevista</p> |
| Criterios de | Comprensión dun texto oral: |

| | |
|--|--|
| <p>avaliación</p> | <p>-Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.</p> <p>Produción e coprodución dun texto oral:</p> <p>-Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>Comprensión dun texto escrito:</p> <p>-Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.</p> <p>Produción e coprodución dun texto escrito:</p> <p>-Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Comprensión dun texto oral:</p> <p>-É quen de comprender e identificar palabras e ideas clave proporcionadas polo texto e as imaxes que o ilustren, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico, dos coñecementos do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.</p> <p>Produción e coprodución dun texto oral:</p> <p>-É capaz de pronunciar e entoar de xeito intelixible, cun evidente acento estranxeiro e cometendo erros de pronuncia que non interrompan a comunicación.</p> <p>Comprensión dun texto escrito:</p> <p>-É quen de identificar e seleccionar información relevante, nun texto extenso que estea relacionado cos seus intereses, para preparar unha exposición.</p> <p>Produción e coprodución dun texto escrito:</p> <p>-É quen de redactar documentos moi breves, sinxelos, en formato convencional, con información persoal ou do seu interese, ofrecendo a súa opinión sobre feitos concretos.</p> <p>Mediación:</p> <p>-É quen de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> |
| <p>Temporalización , recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 8 sesións.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 2</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

Se se der a circunstancia de que algúns dos contidos previstos non se poden impartir presencialmente, aqueles contidos que sexan necesarios poderanse á aula virtual, especialmente os relacionados coas actividades de lingua máis pasivas.

3.6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL INTERMEDIO B2

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, é unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase. Por outro lado, non pretende ser exhaustiva e, para coñecer en detalle os obxectivos, contidos, tipos de textos etc., deberase acudir ao currículo do nivel.

Esta secuenciación estará supeditada á elaboración dunha tarefa e esta á consecución dos obxectivos do nivel. A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

O libro de texto *Aula de galego 3* servirá como manual de apoio; porén, servirémonos tamén doutros recursos didácticos dispoñibles no banco de materiais do departamento de galego, materiais de elaboración propia, acordos co currículo e que incorporan diferentes enfoques comunicativos.

A programación didáctica para o nivel B2 consta de 8 unidades. Estableceuse que a duración de cada unidade sexa de 7/8 sesións de 120 minutos, aproximadamente.

Para o ano académico 2024-2025, o curso divídese en dous cuatrimestres:

1º CUADRIMESTRE: unidades 1 a 4

2º CUADRIMESTRE: unidades 5 a 8

A avaliación de progreso levarase a cabo ao longo de todo o curso. Para isto, ademais da avaliación periódica mediante a realización de tarefas que nos permitan coñecer o progreso do alumnado en cada unha das actividades de lingua, teranse en conta os mínimos establecidos ao final de cada unidade.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.

- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Unidades temáticas do primeiro cuadrimestre de Intermedio B2

| UNIDADE 1: NÓS E AS NOSAS RAÍCES | |
|----------------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos. Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Biografía. Identificación persoal. -Etapas da vida: infancia; adolescencia; terceira idade. -Ámbito familiar: relacións e celebracións. <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo. -Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua. -Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. <p>Funcionais:</p> |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. -Referir o contido dunha información. -Narrar lembranzas empregando tempos do pasado. -Aceptar e rexeitar visitas, invitacións etc. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Biografías. -Presentacións -Audiovisuais: programas de lecer, telexornais e documentais. -Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, entrevistas. -Informes, resumos. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Repaso do número de substantivos e adxectivos. -Repaso dos posesivos e algúns usos especiais. -Contraccións. -Emprego do pretérito e do copretérito. -Verbos de uso pronominal/non pronominal (casar / namorarse...). -Conectores concesivos, adversativos e consecutivos (aínda que, así que, porén, polo tanto, por iso...) <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Datos persoais e profesionais. -O mundo da infancia e dos coidados. Medrar e envellecer. -A familia: tipos, eventos relacionados co paso da vida, conflitos. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os fonemas que presentan maior dificultade. -Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...). |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Entrevista “Sexto grao”. Medrar con apego.</p> <p>CTE: Biografía. Etapas da vida: infancia; adolescencia; terceira idade.</p> <p>PCO: Pros e contras de cada época vital.</p> <p>PCE: Narrar unha lembranza familiar importante da nosa infancia ou adolescencia.</p> <p>M: Resumir/contar celebracións familiares.</p> |
| <p>Cráterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Interactúa –inicia, mantén e remata– de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos... e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. |

| | |
|--|--|
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender: unha entrevista en lingua estándar. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de referir as información máis destacables dunha escoita. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender unha noticia de prensa escrita. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de producir un texto adecuado á situación lingüística requirida. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de explicarlle á /ao compañeira/o unha noticia escoitada ou lida. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 2: TEMOS QUE FALAR | |
|----------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresar emocións e sabelas recoñecer; traballar con elas e desenvolver empatía. -Adecuarse a diferentes contextos e relacións sociais. -Descrición de persoas (físico e estética, personalidade, valores e crenzas relixiosas). <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Deducir e establecer relacións entre as palabras coñecidas. -Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Participar, de xeito apropiado, en diferentes tipos de situacións sociais. -Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento..). -Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. -Mostrar sorpresa, admiración e outras reaccións. -Describir cambios de personalidade. -Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc. -Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas. |

| | |
|-------------------------------|--|
| | <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Debates e discusións formais. -Enquisas. -Presentacións. -Correspondencia persoal. -Textos literarios. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Xénero do substantivo e do adxectivo. -Gradación do adxectivo. -Estruturas comparativas. -Oracións para expresar sentimentos (oracións de suxeito: amólame..., encántame + inf./ que + pres. Subx.; estou farto de...). -Repaso do presente de subxuntivo. - Te/ che: usos e casos con dobre posibilidade. Pronomes en construcións valorativas (fascínate...? amólache...?). <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Características físicas. -Personalidade. -Emocións. -Relacións humanas (coa veciñanza, coas amizades, no traballo etc.) <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos. -A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación. |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Está enfadado?; Pero que dis!</p> <p>CTE: <i>Piercings</i> e tatuaxes. Unha moda de agora?</p> <p>PCO: Calidades dunha boa amizade, da parella ideal, dunha gran xefa ou xefe.</p> <p>PCE: Descrición para buscar unha persoa desaparecida.</p> <p>M: Mediar nun conflito.</p> |
| <p>Crterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Interactúa –inicia, mantén e remata– de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media. -Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas claramente estruturados e resolve situacións simples. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... -Reacciona á vista da información esencial e dos detalles relevantes do texto de que se trate. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación. -Utiliza, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. e. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. e. uso |

| | |
|---|---|
| | <p>de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender textos en lingua estándar con información relevante para os seus obxectivos. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de describir a aparencia e a personalidade dunha persoa. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender un texto en lingua estándar onde ofrezan información relevante. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de producir un texto adecuado á situación lingüística requirida. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de explicarlle a un compañeiro a postura doutro e funcionar como mediador nun conflito. |
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, textos literarios, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 3: UNHA SAÚDE DE FERRO | |
|--------------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Hábitos saudables. -Alimentación. -Coidados físicos e saúde. <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. -Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade..) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías..). <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Facer hipóteses e conxecturas. |

| | |
|-------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Entender e aventurar un diagnóstico simple. -Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. -Especular sobre causas e consecuencias. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Conversas formais e informais. -Correspondencia persoal: blogs e chats. -Textos literarios: contos, relatos breves... -Prospectos. -Receitas de cociña <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Usos do pospretérito para ofrecer consellos e facer recomendacións. -Emprego do imperativo para dar indicacións. -Adverbios e expresións para falar de frecuencia (frecuentemente, de vez en cando...) <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O corpo: sensacións e percepcións físicas. -Alimentación: nutrición e gastronomía (receitas). -Doenzas e servizos de saúde. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. -A acentuación I. |
| Actividades | <p>CTO: Programa de GastroRadio. CTE: Medicina convencional e alternativa. PCO: Unha nutricionista pode cambiar a túa vida. PCE: A saúde onte e hoxe. M: Na consulta cun familiar.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Desenvólvese en transaccións da vida cotiá expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos científicos habituais e é quen de comprendelos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as –sempre que se fale sobre temas coñecidos– de maneira organizada e en lingua estándar. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender recomendacións básicas sobre saúde. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de describir síntomas dunha doenza. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender un texto en linguaxe científica, non moi complexo. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de elaborar un artigo de opinión sobre a alimentación ou a saúde. |

| | |
|---|--|
| | <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de referir como se atopa un familiar doente. |
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, artigos xornalísticos, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 4: CASA DE DESEÑO OU TRADICIONAL | |
|--|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. -Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados. -Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes, conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan comunicación ou doutras fontes (p.e. noticias e opinións, argumentos e análises). |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vivenda, fogar e contorna. -Comercio de proximidade. -Consciencia medioambiental. <p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Relacionar a información nova con coñecementos previos. -Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. -Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. -Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Pedir opinións sobre algo ou alguén. -Discutir sobre a información recibida. -Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes. -Desenvolverse con soltura nun comercio. -Expresar dúbidas. -Negociar un acordo. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>gravado.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Anuncios publicitarios. -Textos xornalísticos. -Debates. -Catálogos. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Determinantes: demostrativos, indefinidos e cuantificadores. -Adverbios de lugar. -Preposicións. -Uso de relativo con preposición. Especificativas e explicativas. Presenza / ausencia do artigo nas oracións de relativo. Relativos adverbiais (unha casa en que/ na que/ onde...). -Impersonalidade (alégase, véndese...). -Correlación temporal nas oracións de relativo (pospretérito... que + pretérito de subxuntivo). -Verbos con alternancia (serve para...; consome...) <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A vivenda: tipoloxía (ecoeficiente, con domótica...), equipamento e decoración. -Contorna urbana: servizos e actividades comerciais. -Contorna natural: clima, paisaxe e ecoloxía. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. -A acentuación II. |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Parellas, mentiras e pisos de alugamento.</p> <p>CTE: Campo ou cidade?</p> <p>PCO: Cando teña unha casa de meu...</p> <p>PCE: Proposta ecolóxica.</p> <p>M: Paraísos na terra. Seleccionar o lugar ideal para alguén tendo en conta unha serie de parámetros.</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fai presentacións breves –sempre que poida preparalas previamente– sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións. -Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos... e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as –sempre que se fale sobre |

| | |
|---|---|
| | temas coñecidos– de maneira organizada e en lingua estándar. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais: -Será quen de comprender un audio en lingua estándar con noticias breves de actualidade.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Será quen de explicar como afecta o cambio climático e o desequilibrio campocidade.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -Será quen de comprender un anuncio ou solicitude de piso en aluguer.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Será quen de comentar distintas formas de vida (en contacto coa natureza, na cidade etc.).</p> <p>Mediación: -Será quen de transmitir a outra persoa o lido nun visto ou visto na tv/internet.</p> |
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, anuncios, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

Unidades temáticas do segundo cuadrimestre de Intermedio B2

| UNIDADE 5: RETOS PROFESIONAIS | |
|-------------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais: -Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: -Desenvolverse no ámbito laboral. -Principais sectores económicos. -Dereitos do consumidor.</p> <p>Estratéxicos: -Deducir e establecer relacións entre as palabras coñecidas. -Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</p> <p>Funcionais: -Construír argumentos razoados. -Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.</p> |

| | |
|-------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Discutir sobre a información recibida. -Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc. -Presentar unha queixa ou reclamación. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instrucións e indicacións. -Documentos oficiais: formularios, impresos e instancias. -Currículo -Textos xornalísticos <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Informar sobre causas e razóns (debido a, por mor de, ao + inf., posto que...). -O pretérito de subxuntivo e o antepretérito (-ra / -se). -Construcións para a hipótese (Se + pretérito de subxuntivo... + pospretérito: se fose... iría...). -Contrastes: senón / se non; con que / conque / en tanto / no entanto <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Ámbito profesional: profesións e cargos, desemprego, condicións laborais, seguridade e riscos laborais. -Actividades económicas: sectores produtivos, comercio. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O recoñecemento e uso das formas ortográficas. -A acentuación III. |
| Actividades | <p>CTO: Desculpas de mal pagador.</p> <p>CTE: A actividade económica en Galicia.</p> <p>PCO: Explorando a nosa vida profesional e outras posibilidades.</p> <p>PCE: Presentándose a unha oferta de traballo.</p> <p>M: Un/ha candidato/a a medida.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fio condutor. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, quendas, obrigas... -Reacciona á vista da información esencial e dos detalles relevantes do texto de que se trate. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender textos en lingua estándar con información relevante para os seus obxectivos. |

| | |
|---|---|
| | <p>Produción e coprodución de textos orais: -Será quen de comentar en lingua sinxela unha situación real ou ficticia.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -Será quen de comprender un texto en lingua estándar onde ofrezan información relevante.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Será quen de falar da súa formación e da súa experiencia profesional.</p> <p>Mediación: -Será quen de resumir as condicións dun traballo e transmitirlas aos compañeiros.</p> |
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, documentos oficiais, textos xornalísticos, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 6: COMO NON O SABÍA? | |
|------------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais: -Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...</p> <p>-Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.</p> <p>-Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.</p> <p>Mediación: -Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requirido.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: -Sistema educativo. -Ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Estratéxicos: -Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. -Restablecer e anticipar posicións en relación co que segue no texto (palabra, frase, resposta...).</p> <p>-Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.</p> <p>Funcionais: -Redactar textos de ámbito académico.</p> |

| | |
|-------------------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> -Construír argumentos razoados. -Poñer condicións para unha acción futura. -Discutir sobre a información recibida. - Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Debates e discusións formais. -Presentacións. -Textos xornalísticos. -Textos literarios. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O pronome átono e a súa colocación. -Contraccións do pronome átono (mo, cho...; llo/ llelo). -Uso do futuro. -Repaso dos tempos de pasado. -Recursos para formular hipóteses co indicativo e o subxuntivo. -Recursos para expresar graos de seguridade. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Distintos niveis educativos. -Ámbito académico e da investigación. -Avances científicos e tecnolóxicos. <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O uso especial de maiúsculas e minúsculas. |
| Actividades | <p>CTO: Preescolar na casa.</p> <p>CTE: Nova: "O alumnado poderá obter o bacharelato cunha materia suspensa".</p> <p>PCO: No 2100: debate sobre os avances científicos.</p> <p>PCE: Novos retos na educación e como pode axudar a tecnoloxía.</p> <p>M: Sintetizar as ideas de dous proxectos educativos para cambiar o mundo.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. -Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Distingue entre feitos, opinións, argumentos... e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte. -Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira escrita. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible ás persoas receptoras. |
| Mínimos esixibles | Comprensión de textos orais: |

| | |
|--|---|
| | <p>-Será quen de comprender un audio en lingua estándar e da temática da unidade.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-Será quen de expor ideas coherentes e adecuadas ao contexto requirido.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Será quen de comprender un texto non moi complexo da temática da unidade.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Será quen de facer conxecturas e prognósticos sobre o futuro.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Será quen de resumir información sinxela sobre os distintos niveis educativos.</p> |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, textos xornalísticos, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

| UNIDADE 7: BOAS NOVAS | |
|-------------------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.</p> <p>-Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p.e. noticias, fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>-Coñecer os medios de comunicación</p> <p>-Valorar feitos históricos, noticias, medios de comunicación etc.</p> <p>-Coñecer a actualidade e os principais conflitos sociais do momento.</p> <p>Estratéxicos:</p> <p>-Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).</p> <p>-Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</p> <p>-Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as</p> |

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>persoas... informarse se hai axudas visuais etc.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Pedir opinión sobre algo ou alguén. -Engadir, matizar, contrapoñer e desmentir unha información. Expresar causa. -Discutir sobre a información recibida. -Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística... <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Conversas formais e informais. -Debates e discusións formais. -Anuncios publicitarios e anuncios por palabras. -Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas... -Informes, resumos e esquemas. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Estilo directo/ indirecto. -Construcións pasivas. -Verbos de transmisión de información: manifestar, declarar... -Conectores e marcadores para organizar a información: engadir, matizar, contrapoñer e desmentir. -O pleonasma do OD en casos de anticipación deste (Os xogos transmitíronos pola TV). <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Medios de comunicación: prensa escrita/ dixital, radio, TV e redes sociais. -Institucións e organismos de goberno. -Movementos e tendencias sociais. <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. -As siglas e abreviaturas de uso frecuente. |
| <p>Actividades</p> | <p>CTO: Televisión á carta.</p> <p>CTE: Prensa galega. Publicacións periódicas.</p> <p>PCO: Pero ti que contas?</p> <p>PCE: Artigo defendendo un/ha movemento/iniciativa social.</p> <p>M: Sintetizar/transmitir as ideas principais (noticias, infografías, gráficas).</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. -Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. -Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter. -Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os matices de sentido e posturas concretas. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte. -Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra. |

| | |
|---|--|
| | <p>-É capaz de reelaborar información procedente de distintas máis habituais de redacción de textos, tanto en fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos. Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible ás persoas destinatarias. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-Será quen de comprender un audio en lingua estándar con noticias breves de actualidade.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-Será quen de comentarlle a outra persoa que leu ou viu na fin de semana.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Será quen de comprender e interpretar a información básica dunha nova da xornal.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Será quen de tomar notas e elaborar un guión para informar sobre un suceso de actualidade.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Será quen de referir, tanto oral coma na escrita, a información máis relevante dun artigo ou dun programa.</p> |
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, noticias e artigos, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

UNIDADE 8: POR FIN, TEMPO LIBRE!

| | |
|------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.</p> <p>-Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.</p> <p>-Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p.e. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen</p> |
|------------|---|

| | |
|-------------------------|--|
| | <p>opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.</p> <p>-Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Sintetizar e transmitir por escrito e oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>-Valorar as diferentes manifestacións artísticas dunha cultura.</p> <p>-Poñer en valor os itinerarios culturais.</p> <p>-Desenvolverse viaxando e afrontar posibles problemas.</p> <p>Estratéxicos:</p> <p>-Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).</p> <p>-Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</p> <p>-Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos...</p> <p>Funcionais:</p> <p>-Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.</p> <p>-Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.</p> <p>-Expresar intención ou vontade.</p> <p>-Pedir opinións sobre algo ou alguén.</p> <p>Discursivos:</p> <p>-Debates e discusións formais.</p> <p>-Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado.</p> <p>-Cancións.</p> <p>-Representacións teatrais.</p> <p>-Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...</p> <p>-Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas.</p> <p>-Catálogos.</p> <p>Sintácticos:</p> <p>-Outros usos do pospretérito (desexos, recomendacións...)</p> <p>-Contraste futuro/ pospretérito: viaxarei/ viaxaría...</p> <p>-Construcións para a hipótese (se + pret. De subxuntivo... + pospret.: se fose... iría...).</p> <p>Léxicos:</p> <p>-Lecer en xeral.</p> <p>-As diferentes artes e manifestacións culturais.</p> <p>-Viaxes e transportes. Planificación de vacacións e incidencias.</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <p>-A entoación dos distintos tipos de oracións de textos orais e escritos.</p> |
| Actividade | <p>CTO: Programa cultural (literatura, cine etc.).</p> <p>CTE: Compostela: unha cidade pequena cunha grande oferta cultural.</p> <p>PCO: Se non tivese que traballar nunca máis...</p> <p>PCE: Consellos para facer o Camiño de Santiago.</p> <p>M: Recomendacións turísticas dunha axencia de viaxes.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias,</p> |

| | |
|--|--|
| | <p>programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Desenvólvese en transaccións da vida cotiá –aloxamento, restaurantes ou actividades económicas– expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora. -Fai presentacións breves –sempre que poida preparalas previamente– sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso. -Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribe pequenas recensións –imitando modelos– sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos. Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible ás persoas destinatarias. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de comprender a oferta cultural referida nun programa de radio ou TV. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de explicar o argumento sinxelo dun libro ou dunha película. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de entender a información sobre diferentes destinos turísticos e os requisitos para viaxar. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de facer unha reseña dun libro ou dunha película. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Será quen de referir, tanto oral coma na escrita, a información máis relevante de distintas fontes (p. e. diferentes actividades culturais ou destinos turísticos). |
| Temporalización ,recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos.</p> <p>Recursos: <i>Aula de Galego 3</i>, exercicios de gramática, cancións, vídeos de internet, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo, se for preciso, para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.</p> |

Se se der a circunstancia de que algúns dos contidos previstos non se poden impartir presencialmente, aqueles contidos que sexan necesarios poderanse subir á aula virtual, especialmente os relacionados coas actividades de lingua máis pasivas.

4. NIVEL AVANZADO C1 e C2

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel C1, segundo se define este nivel no MECRL do Consello de Europa.

Este nivel ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, con riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

4.1. DEFINIÇÃO DO NIVEL

AVANZADO C1

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel dispoñerá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

AVANZADO C2

O alumnado que supere o nivel avanzado C2 poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos. Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez.

O alumnado que acade este nivel dispoñerá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e transmitir matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

4.2. OBXECTIVOS XERAIS

AVANZADO C1

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

Producción e coproducción de textos orais

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

Comprensión de textos escritos

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

Producción e coproducción de textos escritos

Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

Mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

AVANZADO C2

Comprensión de textos orais

Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.

Producción e coproducción de textos orais

Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoído ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

Comprensión de textos escritos

Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

Producción e coproducción de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

Mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

AVANZADO C1

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

AVANZADO C2

Comprender, independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.

Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).

Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.

Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.

Comprender conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.

Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural ou sociolingüístico.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

AVANZADO C1

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

AVANZADO C2

Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.

Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.

Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.

Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación así como capacidade de reacción e improvisación.

Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.

Conversar en situacións da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros e un uso apropiado da ironía.

Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

AVANZADO C1

Os obxectivos que terá que acadar o alumnado serán:

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan releer as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

AVANZADO C2

Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.

Comprender as implicacións da información contida en instrucións, normativas, ordenamentos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.

Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, p.ex. actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación, ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.

Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional; identificar actitudes e opinións implícitas e apreciar as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.

Comprender e interpretar de maneira crítica a información contida en material bibliográfico especializado de carácter académico ou profesional, en calquera soporte.

Comprender publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.

Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.

Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes.

4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

AVANZADO C1

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

AVANZADO C2

Tomar notas e apuntamentos mentres se participa en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.

Negociar textos de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificar e corrixir borradores.

Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica sobre textos técnicos de indole académica ou profesional, sobre obras literarias ou artísticas, sobre proxectos de investigación ou sobre outras recensións e artigos (temáticos) escritos por terceiros.

Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos que se presenta o contexto, o transfondo teórico e a literatura precedente e onde se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente.

Escribir, independentemente do soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.

4.3.5. Actividades de mediación

AVANZADO C1

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

AVANZADO C2

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo de texto.

Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, por exemplo, variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.

Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

4.4. COMPETENCIAS E CONTIDOS

4.4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

AVANZADO C1 e C2

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

4.4.2. Competencias e contidos estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

AVANZADO C1 e C2

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- Informarse, se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

4.4.3. Competencias e contidos funcionais

AVANZADO C1 e C2

O alumnado será capaz de realizar a comprensión e a expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

4.4.4. Competencias e contidos discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

AVANZADO C1 e C2

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

Anuncios publicitarios complexos retransmitidos

Instrucións e indicacións detalladas

Conversas especializadas

Reunións de traballo con vocabulario específico

Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos

Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...

Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo

Sondaxes e cuestionarios complexos

Audiovisuais

Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas

Cancións
Representacións teatrais
Podcasts
Informativos
Clases gravadas
Páxinas *web* gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

Correspondencia persoal e profesional especializada
Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
Instrucións extensas
Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
Informacións, anuncios e slogans publicitarios
Textos que poidan amosar trazos non normativos
Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
Textos ensaísticos

4.4.5. Competencias e contidos sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

AVANZADO C1 e C2

Consolidaranse todos os contidos sintácticos que se viron nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestaráselle atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

4.4.6. Competencias e contidos léxicos

Os contidos léxicos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

AVANZADO C1 e C2

Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...

Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...

Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...

Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...

Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...

Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...

Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...

Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...

Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...

Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...

Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...

Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

4.4.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos e ortotipográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

AVANZADO C1 e C2

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do texto

- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

4.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL AVANZADO C1

A programación dos obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, é unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase. Por outro lado, non pretende ser exhaustiva e, para coñecer en detalle os obxectivos, contidos, tipos de textos etc., deberase acudir ao currículo do nivel.

Esta secuenciación estará supeditada á elaboración dunha tarefa e esta á consecución dos obxectivos do nivel. A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

Para este curso de Avanzado C1 empregárase unicamente como material de apoio o libro de texto *Aula de galego 4*, manual que consta de 8 unidades mais que non se corresponden coas unidades temáticas desta programación. Servirémonos doutros recursos didácticos dispoñibles no banco de materiais do departamento de galego, acordos co currículo e que incorporan diferentes enfoques comunicativos. Todo isto completárase con distintos materiais doutros métodos comunicativos e materiais auténticos de elaboración propia; nelas desenvolveranse os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 81/2018 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo do nivel avanzado C1.

A programación didáctica para o nivel avanzado C1 consta de 8 unidades didácticas. Estableceuse que a duración de cada unidade sexa de 6/9 sesións de 120 minutos, aproximadamente.

Para o ano académico 2024-2025, o curso divídese en dous cuatrimestres:

1º CUADRIMESTRE: unidades 1 a 4

2º CUADRIMESTRE: unidades 5 a 8

A avaliación de progreso levarase a cabo ao longo de todo o curso. Para isto, ademais da avaliación periódica mediante a realización de tarefas que nos permitan coñecer o progreso do alumnado en cada unha das actividades de lingua, teranse en conta os mínimos establecidos ao final de cada unidade.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.

- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Unidades temáticas do primeiro cuadrimestre de Intermedio C1

| UNIDADE 0: ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE | |
|---------------------------------------|---|
| Obxectivos | <ul style="list-style-type: none"> • Planificar: establecer/deseñar unha tarefa... • Predición: usar partes dun textos ou dunha situación real e o seu coñecemento anterior para anticipar o que pode ocorrer. • Autocontrol: buscar as condición que axuden á aprendizaxe. • Activación dos coñecementos previos: usalos para comprender e aprender algo novo, facer asociación e analoxías, escribir ou expresar oralmente o que xa se coñece. • Monitorizar: ser consciente de como vai unha tarefa e avaliala. • Atención selectiva: centrarse en aspectos específicos dunha tarefas como localizar as partes dunha historia, identificar palabras ou ideas claves, escoitar ou escanear un texto na procura de información específica, observar elementos relevantes. • Usar e comprender as regras: aplicar unha regra para comprender un texto ou completar unha tarefa, deducir unha regra a partir dun exemplo. • Toma de notas: apuntar a información clave, de forma gráfica ou numérica, a través de mapas conceptuais, listaxes... • Emprego de imaxes: usar imaxes mentais ou reais ou calquera outra clave visual para comprender ou lembrar información ou solucionar un problema. • Cooperación: traballar cun compañeiro/a para completar unha tarefa ou proxecto, demostrar un proceso ou produto, compartir coñecemento, resolver problemas, dar e recibir retroalimentación, desenvolver habilidades sociais. • Facer inferencias: usar un texto oral ou escrito e o coñecemento previo para adiviñar significados de palabras e ideas descoñecidas. • Substitución: usar sinónimos, paráfrases cando se quere expresar unha idea ou non se coñece a palabra exacta. • Usar fontes de referencia: usar materiais de referencia (libros, dicionarios, enciclopedias, vídeos, etc.) para buscar información ou completar unha tarefa. • Clasificación: Agrupar palabras, conceptos, obxectos físicos, números ou cantidades de acordo cos seus atributos, construír organizadores gráficos para mostrar unha clasificación. • Pedir aclaracións: negociación mediante a solicitude de aclaración, explicación ou confirmación. • Resumir: facer resumos mentais, orais ou por escrito de algo que se escoitou ou leu. • Mediar: transmitir información usando palabras propias. |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Autoavaliar/Coavaliar: completar unha tarefa e logo valorar como se realizou. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 2 sesións (transversal sobre o desenvolvemento do curso)</p> <p>Recursos: fotocopias, presentacións, Internet, vídeos, audios, xogos, banco de material do Departamento e aula virtual <i>Moodle</i>.</p> |

| UNIDADE 1: IDENTIFICACIÓN PERSOAL, RELACIÓNS SOCIAIS, RELIXIÓN E FILOSOFÍA | |
|--|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais: Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p>Mediación: Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: -Identificación persoal, dimensión física e anímica. -Sensacións, percepcións e crenzas. -Institucións relixiosas e correntes filosóficas.</p> <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais: Expresivos.</p> <p>Discursivos: Textos orais: -Conversas especializadas. -Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo. -Audiovisuais.</p> <p>Textos escritos: -Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica.</p> |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Revisión dos principais contidos lingüísticos dos niveis anteriores (resumo gramatical) -O condicional e o imperfecto de subxuntivo. -Estilo indirecto, o discurso referido e a correlación de tempos. -Adverbios de dúbida: disque/seica. -O posesivo: valores especiais -Familias léxicas irregulares: persoa, xeral... <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identidade persoal (por exemplo: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...) -Relacións persoais e sociais (formas de convivencia, interaccións humanas...) -Relixión e filosofía (correntes e institucións) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas -Secuencias cunha entoación característica (refrás, poemas...). |
| <p>Actividades</p> | <ul style="list-style-type: none"> -Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade a través dunha chuvia de ideas. -Entrevistar e ser entrevistado. -Presentar oralmente unha/un compañeira/o <p>PCE: Redactar un texto escrito de 150 a 200 palabras usando aplicando o punto de gramática da unidade para describir unha situación na que sentise moita morriña.</p> <p>CTE: Lendas e tradicións.</p> <p>CTO: Entrevistas a persoeiros famosos; costumes sobre celebracións sociais. Variantes dialectais; conversas sobre actos sociais.</p> <p>PCO: Mensaxe nunha botella (estilo indirecto). Presentación sobre crenzas e supersticións: santa compañía, meigas, romarías... (info web Galicia encantada).</p> <p>M: Resumo oral de textos sobre identidade. Actividades de mediación sobre as emocións. Un relato sobre <i>Cartas de amor</i>. Texto sobre valores.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Usos das formas verbais FIXERA/FIXESE. |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> |

| | |
|--|--|
| | <p>Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.</p> <p>Mediación: Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e bastante fluída, respectando as quendas de palabra e valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É quen de recoñecer a intención e o significado da maior parte dos propósitos comunicativos.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: É quen de escribir textos bastante complexos e extensos, expresándose con bastante eficacia e precisión.</p> <p>Mediación: É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual <i>Moodle</i>.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 2: VIVENDA, FOGAR E CONTORNA. XEOGRAFÍA, NATUREZA E MEDIO RURAL

| | |
|------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais: Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa vivenda, o fogar e a contorna.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> |
|------------|---|

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>Producción e coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p>Mediación: Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Paisaxe urbana e rural - Futuro do campo e da cidade - Intervencións urbanas - Medio natural: especies vexetais e animais - Problemas ambientais <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar acordo e desacordo. - Valorar e facer propostas. - Poñer condicións para negociar. - Defender a propia opinión. - Aludir a temas ou opinións. - Iniciar e xestionar as quendas de fala. <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios complexos - Audiovisuais - Podcasts <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correspondencia persoal e profesional especializada. - Informacións, anuncios e slogans. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A oración de participio/Logo de + infinitivo - Infinitivo conxugado - Xénero - Recursos para debater e argumentar - As convencións de distribución e organización do texto. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vivenda, fogar e contorna (por exemplo: contorna e hábitat, compra e alugueiro, equipamento e mantemento...) - Xeografía, natureza e medio rural (por exemplo: paisaxe urbana e rural, ecoloxía e problemas ambientais, movementos migratorios...) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación. |
| <p>Actividades</p> | <p>- Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade a través dunha nube de ideas.</p> <p>CTO: Arquitectura modular. Ecoloxía e problemas ambientais. Cambio climático</p> |

| | |
|---|---|
| | <p>CTE: Diferentes tipos de vivenda, equipamentos e decoración. Comprender os argumentos a favor e en contra dunha opción (compra/alugueiro/rehabilitación). Entender as vantaxes e desvantaxes dunha escolla. Decoración e urbanismo. Paisaxe urbana e rural.</p> <p>PCE: Describe a túa cidade/ vila/ aldea. Facer hipóteses sobre acontecementos futuros (a vivenda do futuro). Modelos ecolóxicos europeos. Determinar as características do teu lugar ideal para vivir. Elaborar escritos en que se presenten diferentes contornas para vivir. Paraísos na terra.</p> <p>PCO: Defender opinións sobre agricultura rendible, agricultura solidaria. Incendios, mareas negras, deforestación. Xogo do abecedario (sobre contorna rural).</p> <p>M: Resumir/sintetizar negociacións sobre medio e urbanismo.</p> <p>Artigo de opinión no que se traballen hipóteses e conxecturas / Contribución nunha bitácora sobre problemas de vivenda ou ecoloxismo.</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais: Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p>Mediación: Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p> |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: É capaz de producir un texto oral adecuado, usando conectores e mecanismos de cohesión apropiados, a partir dunha diversidade de textos fonte.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: É quen de redactar un texto e adaptalo á situación requirida.</p> <p>Mediación: É capaz de xestionar a interacción entre as partes para lograr que flúa a comunicación. É capaz de aclarar posturas, insistir no importante, recapitular e resolver o tema.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet,</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |
|--|---|

| UNIDADE 3: TRABALLO E ACTIVIDADES PROFESIONAIS. SAÚDE E COIDADOS FÍSICOS | |
|--|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais: Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.</p> <p>Mediación: Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Traballo e actividades profesionais - Asociacións profesionais -Seguridade -Saúde e coidados físicos -Síntomas e enfermidades - Prevención de adicións -Terapias alternativas <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais: Asertivos</p> <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Textos orais: Conferencias, páxinas web, documentos audiovisuais -Textos escritos: O informe <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vínculos entre oracións. As conxuncións e locucións conxuntivas. |

| | |
|-------------------------|--|
| | <p>-Oracións concesivas, causais, finais, consecutivas e modais. -O obxecto directo coa preposición a -O pronome de solidariedade. -Coherencia e cohesión dos textos.</p> <p>Léxicos: -Traballo e actividades profesionais (condicións laborais e contratos, seguridade, novas modalidades de emprego...) -Saúde, coidados físicos e atención sanitaria (saúde e tratamentos, terapias alternativas, cirurxía e material...)</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos: Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)</p> |
| Actividades | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade a través dun remuíño de ideas.</p> <p>CTE: Un mundo que se vai (oficios tradicionais). Traballo e saúde: profesións con estrés. Informe laboral sobre a selección de candidatos. Texto sobre acupuntura.</p> <p>PCO: Conciliación laboral. Presentacións sobre medicina convencional e alternativa. Debate sobre adiccións.</p> <p>CTO: Entrevista de traballo. Xefes. Negociamos, con condicións.</p> <p>PCE: Emprendedores. Artigo sobre a cirurxía e a moda corporal. Causas e consecuencias. Carta de presentación laboral.</p> <p>M: Mediación sobre diferentes terapias de medicina tradicional galega.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: - Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte. -Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>Mediación: Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de</p> |

| | |
|---|---|
| | <p>significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: -É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e bastante ben estruturada. -É capaz de producir un texto oral adecuado, usando conectores e mecanismos de cohesión apropiados, a partir dunha diversidade de textos fonte.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É quen de identificar o contido e a importancia de textos de temas profesionais ou académicos.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: É quen de transmitir por escrito os puntos máis relevantes dos textos fonte e a maioría dos detalles que considere importantes.</p> <p>Mediación: É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 4: ALIMENTACIÓN, COMPRAS E ACTIVIDADES COMERCIAIS

| | |
|-------------------|--|
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión de textos orais: Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.</p> <p>Mediación: Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades</p> |
|-------------------|--|

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>imprevistas.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: -Alimentación e dietas -Produtos con denominación de orixe -Gastronomía e restauración, tendencias -Compras e actividades comerciais (mercadorías) -Comercio tradicional e dixital -Campañas publicitarias</p> <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais: -Que implican compromiso. -Directivos.</p> <p>Discursivos: Textos orais: -Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas. -Informativos.</p> <p>Textos escritos: -Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos.</p> <p>Sintácticos: Perífrases verbais -O participio -Posición dos pronomes -Usos de te/che e llelo/lo -Usos de botar, quedar</p> <p>Léxicos: -Alimentación (por exemplo: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...) -Compras e actividades comerciais (calidade, produtos, mercadorías, mercado, competencia, consumidor, campaña publicitaria, formas de pagamento...)</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos: -A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.</p> |
| <p>Actividades</p> | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade.</p> <p>CTE: Alimentación e dietas. Comercio tradicional fronte ao comercio por Internet. -Texto con ocós sobre dietas (perífrases).</p> <p>CTO: Transxénicos. Gastronomía enolóxica. Evolución do comercio en Galicia.</p> <p>PCO: Presentacións simples sobre produtos con denominación de orixe.</p> <p>PCE: Carta de reclamación. Elaboración dun artigo de opinión e dunha carta ao director ou foro de discusión sobre as novas formas de pagamento (Internet, bizun)</p> <p>M: Presentar/Resumir/Sintetizar unha experiencia gastronómica / unha dieta / unha campaña publicitaria. As novas tendencias en nutrición. Xogo Un, dous, tres...</p> |

| | |
|---|--|
| | sobre alimentación. |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Mediación: Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: É quen de adaptar a fala segundo o contexto social no que se atope dunha forma flexible. É capaz de utilizar un rexistro formal ou informal dependendo do interlocutor ou da situación.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É capaz de entender o que se pretende ou o que se lle require na maioría dos casos.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Mediación: É capaz de xestionar a interacción entre as partes para lograr que flúa a comunicación. É capaz de aclarar posturas, insistir no importante, recapitular e resolver o tema.</p> |
| Temporalización , recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

Unidades temáticas do segundo cuadrimestre de nivel avanzado C1 (febreiro – maio)

| | |
|--------------------------------|---|
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión de textos orais: Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.</p> <p>Mediación: Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Prensa, radio, televisión e internet en Galicia: calidade e valores. -Goberno, política e sociedade (problemas, conflitos, demandas sociais). <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Directivos: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, lembrarlle algo a alguén, -Asertivos: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir. <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instrucións e indicacións detalladas. -Conversas especializadas. -Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo. -Audiovisuais. -Podcats. <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Textos ensaísticos. -Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral. -Correspondencia formal. -Diarios oficiais. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formación de palabras: derivación e composición. - Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos. -Correlacións das formas verbais nas construcións temporais. |

| | |
|-------------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos. - Os indefinidos. Contraccións e valores - Expresión da voluntariedade/involuntariedade: afogouse/afogou <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Información e medios de comunicación (por exemplo: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...) - Goberno, política e sociedade (por exemplo: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...). <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As convencións de distribución e organización do texto. - Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas - A énfase |
| Actividades | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a través dun remuíño de ideas.</p> <p>CTE: Presentación dunha nova canle televisiva. Artigos de prensa. Tendencias sociais</p> <p>PCO: Valoración da programación semanal. Publicidade enganosa. Confrontamento de ideas. Telenostalxia. Gustos televisivos. Análise/Exposición semanal da prensa.</p> <p>CTE/PCE: Reclamamos. Sondaxes e cuestionarios. Páxinas web institucionais.</p> <p>CTO: Audiovisual galego. Temas de actualidade informativa (corrupción, violencia, inmigración...)</p> <p>M: Transmitir/resumir queixas ou reclamacións. Contar/sintetizar unha noticia. Explicar viñetas de temática política. Xogo Pasagalego.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e reconece matices de significado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente. -Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. <p>Comprensión de textos escritos: Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: Presenta por escrito ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p>Mediación: Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de percibir a maior parte das variedades</p> |

| | |
|---|---|
| | <p>fonético-fonolóxicas estándares propias da lingua e recoñecer algúns matices de significado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: É capaz de expresarse cun bo grao de corrección. É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É capaz de localizar a información ou seguir o fío do discurso en textos que teñan unha estrutura discursiva complexa ou non perfectamente estruturados, e nos que as relacións e conexións se poidan expresar con marcadores implícitos.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: É quen de presentar por escrito ideas e puntos de vista destacándoos, diferenciándoos e eliminando a maioría das ambigüidades.</p> <p>Mediación: É capaz de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 6: LECER E TEMPO LIBRE. VIAXES E ESTADAS NO ESTRANXEIRO

| | |
|-------------------|---|
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión de textos orais: Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p>Mediación: Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos</p> |
|-------------------|---|

| | |
|-------------------------|---|
| | <p>ámbitos profesional e académico.</p> |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: - Tempo de lecer, actividades físicas e deportivas - Viaxes, aloxamento e transporte</p> <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais: Que implican compromiso.</p> <p>Discursivos: Textos orais: - Anuncios publicitarios complexos retransmitidos - Sondaxes e cuestionarios complexos - Audiovisuais - Cancións</p> <p>Textos escritos: - Textos ensaísticos - Documentos oficiais</p> <p>Sintácticos: - Oracións de relativo - O participio. A pasiva - Falar de ideas previas ou expectativas - Falar de sentimentos</p> <p>Léxicos: - Lecer e tempo libre (por exemplo: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...) - Viaxes e estadas no estranxeiro (por exemplo: viaxes e vacacións, trámites burocráticos, estadias no exterior...)</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos: - Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas</p> |
| Actividades | <p>Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a partir dun remuíño de ideas.</p> <p>PCE: Quedei alucinada. Texto para unha bitácora. Balnearios. Xogos e deportes.</p> <p>CTO: Queixas e protestas. Galegos no mundo. Deporte e emocións.</p> <p>CTE: Instrucións. Modalidades turísticas. Documentos sobre estadias. Dous lugares para descubrir. Descrición.</p> <p>PCO: Que facemos este verán? Tipos de viaxeiros. Aeroportos. Sondaxe. Sabes de que sitio che faló? Imaxes. Evolución do tempo libre. Síntese oral. Xogo: A túa estrela das viaxes. Vilas pintorescas.</p> <p>M: Transmite información esencial e relevante dun texto sobre a historia do turismo.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun</p> |

| | |
|---|---|
| | <p>amplio repertorio de actos de fala.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: -Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. -Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> <p>Mediación: Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala.</p> <p>Producción e coprodución de textos orais: -É quen de transmitir oralmente e claramente os puntos máis relevantes dos textos fonte e algúns detalles que considere importantes. -É capaz de variar a entoación a a énfase para expresar o que quere dicir e pronunciar de forma clara e natural.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: É quen de producir un texto escrito bastante coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> <p>Mediación: É quen de citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> |
| Temporalización e recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 7: BENS E SERVIZOS. ECONOMÍA E INDUSTRIA. CIENCIA E TECNOLOXÍA

| | |
|------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais: Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorcido.</p> |
|------------|---|

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>Producción e coprodución de textos orais: Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan releer as seccións máis difíciles.</p> <p>Producción e coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p>Mediación: Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Bens e servizos -Economía e industria (investimento, sindicato, seguros, póliza) -Avances científicos e tecnolóxicos <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais: Asertivos</p> <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reunións de traballo con vocabulario específico -Audiovisuais -Cancións <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Correspondencia persoal e profesional especializada -Informes, resumos e esquemas -Textos lexislativos <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Nominalización. Nomes derivados de verbos e de adxectivos -Formación de palabras: prefixación, composición -O plural das palabras compostas. Casos especiais -Recursos para a cohesión de textos <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Bens e servizos (inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...) -Economía e industria (finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...) -Ciencia e tecnoloxía (avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación...) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos: As abreviaturas, siglas, símbolos e</p> |

| | |
|-------------------------|--|
| | acrónimos de uso común. |
| Actividades | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a partir dun remuíño de ideas.</p> <p>PCO: Presentacións simples para expoñer experiencias persoais relativas a bens e inmobles así como ao equipamento e servizos. Enerxías renovables. Tipos de industrias. Automóbil. Gandaría industrial (ficha). Antes do móbil. Faladoiro sobre os avances tecnolóxicos</p> <p>PCE: Recensión das opinións doutras persoas sobre propiedade intelectual. Correspondencia comercial. Redactar unha queixa ou reclamación. Elaborar un artigo de opinión para unha revista sobre o comercio local</p> <p>CTO: A historia das cousas</p> <p>CTE: Economía circular. Empresas de bens e servizos. Tipos de enerxías</p> <p>M: Síntese/resumo das liñas principais de avances utópicos. Mediación sobre textos sobre taxis/VTC, economía circular.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter -Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección. -Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> <p>Mediación: Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades ocasionais que poida ter. -É capaz de contraargumentar adecuadamente e intervén de forma bastante natural.</p> |

| | |
|---|---|
| | <p>Comprensión de textos escritos: É quen de comprender os significados asociados a unha boa gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección. -É quen de citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> <p>Mediación: É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 8: EDUCACIÓN E ACTIVIDADES ACADÉMICAS. CULTURA E ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

| | |
|--------------------------------|---|
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión de textos orais: Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p>Mediación: Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos: -Actividades académicas, conflitos e tendencias -Cultura e actividades artísticas (persoeiros da arte galega)</p> <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais: -Asertivos. -Directivos.</p> |

| | |
|-------------|--|
| | <p>-Fáticos.</p> <p>Discursivos: Textos orais: - Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos. - Audiovisuais. - Cancións.</p> <p>Textos escritos: - Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos. - Textos literarios: contos, relatos breves, poemas... - Novelas gráficas: bandas deseñadas e tiras cómicas. - Textos con trazos non normativos.</p> <p>Sintácticos: -Futuro de subxuntivo. -Construcións pasivas e impersonais en futuro -Verbo en futuro en 3ª persoa + se -Uso dos pronomes relativos: quen, cuxo... -Calquera -Expresar condicións indispensables. -Introducir información nova.</p> <p>Léxicos: -Educación e actividades académicas (por exemplo: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...). -Cultura e actividades artísticas (por exemplo: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...)</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos: -A entoación e os cambios de ton -Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)</p> |
| Actividades | <p>Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a través dun remuíño de ideas.</p> <p>CTO: Ben de interese cultural (BIC). Evolución do sistema educativo galego. Palabra de autor (entrevistas a escritores/as).</p> <p>PCO: Intercambios escolares. Arte contemporánea. Monólogos sobre versión orixinal/dobraxa // literatura orixinal/traducida. Diálogos sobre patrimonio cultural. Describir arte (Seoane)</p> <p>CTE: Fracaso escolar. Ficha da arte urbana en Carballo. Aprender a escribir. Está ben escrito. Describir arte (Seoane)</p> <p>PCE: Unha exposición de arte. Presentación sobre museos. Ficha sobre festivais galegos.</p> <p>M: Banda deseñada. Expresións artísticas. Premios literarios.</p> <p>Xogo das palabras contaminadas.</p> |

| | |
|---|---|
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais: Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias. -Expón preguntas para comprobar que comprende o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.</p> <p>Comprensión de textos escritos: Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico. -Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).</p> <p>Mediación: Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais: É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -É quen de usar un bo repertorio léxico, mesmo con algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permite superar as súas carencias. -É quen de preguntar para comprobar que comprende o que a persoa interlocutora quixo dicir e conseguir aclaración dos aspectos ambiguos.</p> <p>Comprensión de textos escritos: É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos. -É capaz de facer unha cita e utilizar as referencias seguindo as convencións.</p> <p>Mediación: É capaz de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 6-8 sesións de 120 minutos Recursos: <i>Aula de galego 4</i>, fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for</p> |

preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.

Se se der a circunstancia de que algúns dos contidos previstos non se poden impartir presencialmente, aqueles contidos que sexan necesarios poderanse subir á aula virtual, especialmente os relacionados coas actividades de lingua máis pasivas.

4.6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES, SECUENCIADOS POR CUADRIMESTRE, DE NIVEL AVANZADO C2

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, son unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase. Por outro lado, non pretende ser exhaustiva e, para coñecer en detalle os obxectivos, contidos, tipos de textos etc., deberase acudir ao currículo do nivel.

Esta secuenciación estará supeditada á elaboración dunha tarefa e esta á consecución dos obxectivos do nivel. A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións dependendo de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

Para o curso de Avanzado C2 non se empregará ningún libro de texto en particular. Desenvolveranse os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 81/2018 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo do nivel avanzado C2, estruturados en 8 unidades didácticas temáticas e mais unha unidade 0 inicial. Traballarase con materiais de métodos comunicativos e materiais auténticos de elaboración propia.

A programación didáctica para o nivel avanzado C2 consta de 8 unidades didácticas. Estableceuse que a duración de cada unidade sexa de 6/9 sesións de 120 minutos, aproximadamente. Esta temporalización está condicionada polo feito de termos que administrar e avaliar as probas libres no mes de xaneiro, ademais de administrar as probas extraordinarias de certificación na segunda quincena de xuño; esta resolución, de non ser revogada, vai implicar irremediamente unha redución da docencia no curso actual.

Para o ano académico 2024-2025, o curso divídese en dous cuatrimestres:

1º CUADRIMESTRE: unidades 1 a 4

2º CUADRIMESTRE: unidades 5 a 8

A avaliación de progreso levarase a cabo ao longo de todo o curso. Para isto, ademais da avaliación periódica mediante a realización de tarefas que nos permitan coñecer o progreso do alumnado en cada unha das actividades de lingua, teranse en conta os mínimos establecidos ao final de cada unidade.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Unidades temáticas do primeiro cuadrimestre de Avanzado C2

| UNIDADE 0: ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE | |
|---------------------------------------|--|
| Obxectivos | <ul style="list-style-type: none"> • Planificar: establecer/deseñar unha tarefa... • Predición: usar partes dun textos ou dunha situación real e o seu coñecemento anterior para anticipar o que pode ocorrer. • Autocontrol: buscar as condición que axuden á aprendizaxe. • Activación dos coñecementos previos: usalos para comprender e aprender algo novo, facer asociación e analoxías, escribir ou expresar oralmente o que xa se coñece. • Monitorizar: ser consciente de como se crea unha tarefa e avaliala. • Atención selectiva: centrarse en aspectos específicos dunha tarefas como localizar as partes dunha historia, identificar palabras ou ideas claves, escoitar ou escanear un texto na procura de información específica, observar elementos relevantes. • Usar e comprender as regras: aplicar unha regra para comprender un texto ou completar unha tarefa, deducir unha regra a partir dun exemplo. • Toma de notas: apuntar a información clave, de forma gráfica ou numérica, a través de mapas conceptuais, listaxes... • Emprego de imaxes: usar imaxes mentais ou reais ou calquera outra clave visual para comprender ou lembrar información ou solucionar un problema. • Cooperación: traballar cun/cunha compañeiro/a para completar unha tarefa, |

| | |
|----------------------------|--|
| | <p>demonstrar un proceso ou produto, compartir coñecemento, resolver problemas, dar e recibir retroalimentación, desenvolver habilidades sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Facer inferencias: usar un texto oral ou escrito e o coñecemento previo para adiviñar significados de palabras e ideas descoñecidas. • Substitución: usar sinónimos, parafrasear algo cando se quere expresar unha idea ou non se coñece a palabra exacta. • Usar fontes de referencia: usar materiais de referencia (libros, dicionarios, enciclopedias, vídeos etc.) para buscar información ou completar unha tarefa. • Clasificación: agrupar palabras, conceptos, obxectos físicos, números ou cantidades de acordo cos seus atributos, construír organizadores gráficos para mostrar unha clasificación. • Pedir aclaracións: negociación mediante a solicitude de aclaración, explicación ou confirmación. • Resumir: facer resumos mentais, orais ou por escrito de algo que se escoitou ou leu. • Mediar: transmitir información usando as palabras propias. • Autoavaliar/Coavaliar: completar unha tarefa e logo valorar como se realizou. |
| Temporalización e recursos | <p>Temporalización: 3 sesións (transversal sobre o desenvolvemento do curso)</p> <p>Recursos: fotocopias, presentacións, Internet, vídeos, audios, xogos, banco de material do departamento e aula virtual Moodle.</p> |

Nesta UD tratarase de presentar o curso e explicar ao alumnado o máis significativo do nivel C2 ao que se vai enfrontar.

| UNIDADE 1: IDENTIFICACIÓN PERSOAL, RELACIÓNS PERSOAIS E SOCIAIS. RELIXIÓN E FILOSOFÍA | |
|---|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender con facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen, en relación coa dimensión física e anímica e a cuestión identitaria. - Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas como, por exemplo, diálogos sobre valores, crenzas e estilos de vida na sociedade. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer declaracións públicas con fluidez, sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas. - Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo da súa escolla, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose, se for necesario, do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais. - Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso como, por exemplo, nun telexornal da historia ou interpretando ou entrevistando un personaxe que admira. - Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación coa cuestión da identidade, valores e crenzas, facendo un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender cuestionarios, mensaxes, entrevistas, artigos, correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico, ironía), en relación coa biografía e a dimensión físico-anímica. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Producir textos de calidade sobre temas complexos, correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. - Producir textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir de diversas fontes. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Novos estilos de vida. Formas de convivencia - Frases célebres e pensamentos filosóficos <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos os que se inclúen para o nivel</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresivos. <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas especializadas - Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo - Audiovisuais <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoién excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correspondencia entre unidades melódicas e puntuación - O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal (dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...) - Relacións persoais e sociais (formas de convivencia, interaccións humanas...) - Relixión e filosofía (por exemplo: correntes filosóficas ou relixiosas e institucións) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <p>Secuencias cunha entoación característica (refrán, poemas...).</p> |
| <p>Actividades</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade a través dunha nube de ideas. E - Enquisa inicial <p>CTO: Entrevistas a persoeiros famosos. Audios/vídeos sobre identidade/identidade de xénero. Vídeos con variantes dialectais. Podcast sobre ética e IA.</p> <p>CTE: Test/cuestionarios sobre personalidade/artigos de opinión sobre identidade.</p> <p>PCO: Falar/debater sobre experiencias e expresar emocións. Ética e xustiza. O galego e a igrexa. Artigos xornalísticos sobre fe e razón ou sobre crenzas. Pensamentos positivos sobre a vida</p> <p>PCE: Valores persoais. Relacións sociais. Identidade de xénero. Redactar unha</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>biografía.</p> <p>M: Extractos de biografías, entrevistas. Frases ou pensamentos filosóficos. Correntes relixiosas.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. - Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándares propias da lingua e recoñece matices de significado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado. - É quen de percibir a maior parte das variedades fonético-fonolóxicas estándares propias da lingua e recoñecer algúns matices de significado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de transmitir oralmente e claramente os puntos máis relevantes dos textos fonte e algúns detalles que considere importantes. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de escribir textos complexos e extensos, expresándose con bastante eficacia e precisión. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as ideas orixinais. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática; vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 2: TRABALLO E ACTIVIDADES PROFESIONAIS

| | |
|------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, |
|------------|---|

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen como, por exemplo, información sobre actividades profesionais ou coidados físicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas como, por exemplo, diálogos sobre a prevención de riscos laborais ou para a saúde. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas. - Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo da súa escolla, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando for necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións en referencia ao traballo e á saúde. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas como, por exemplo, notas sobre unha conferencia. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. - Producir textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir de diversas fontes. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipoloxía de contratos. - Prevención de riscos. <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asertivos <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conferencias. - Páxinas web gobernamentais. - Audiovisuais. <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Textos xornalísticos - Textos ensaísticos - Correspondencia persoal e profesional especializada - Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde. - Mecanismos de cohesión para organizar textos orais e escritos. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo e actividades profesionais (por exemplo: condicións laborais e contratos, seguridade e riscos laborais, novas modalidades de emprego...) |

| | |
|--|--|
| | <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...) |
| Actividades | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade a través dun remuíño de ideas. Vídeo sobre o traballo e preguntas.</p> <p>CTO: Novas fontes de emprego-novas formas de emprego. Salario mínimo interprofesional. Música</p> <p>CTE: Tipoloxía de contratos. Riscos laborais. Conciliación laboral. Adición ao traballo. Razionalización dos horarios.</p> <p>PCO: Unha vida sen desgustos (traballo e saúde).</p> <p>PCE: Informe sobre prevención de riscos laborais. Pasapalabra mundo laboral.</p> <p>M: Limitacións de xénero.</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala. - Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sabe utilizar as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativo. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo. |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala. - É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de facer unha cita e utilizar as referencias seguindo as convencións. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 5 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 3: VIVENDA, FOGAR E CONTORNA. XEOGRAFÍA, NATUREZA E MEDIO RURAL

| | |
|-------------------------|--|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprender información complexa con condicións e advertencias, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa xeografía, o medio, a vivenda ou a contorna.- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas como, por exemplo, debates sobre características, vantaxes e desvantaxes de diferentes vivendas ou tipos de fogares. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none">- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas.- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo da súa escolla, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando for necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación co medio natural, facendo un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas sobre a vivenda, o fogar e a contorna, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas en cartas comerciais e do ámbito empresarial.- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, sobre a natureza ou o medio natural, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler os parágrafos difíciles. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada, como, por exemplo, un informe da contorna. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.- Producir textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir de diversas fontes. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Distribución territorial- Medio rural e urbano <p>Estratéxicos:</p> |

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>Todos os que se inclúen para o nivel Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asertivos <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios complexos - Audiovisuais - Podcasts <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correspondencia persoal e profesional especializada. - Textos xornalísticos. Textos de opinión ou ensaísticos. - Informacións, anuncios e slogans. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Usos das formas verbais e nominais na composición dos textos - Gramática textual: procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vivenda, fogar e contorna : hábitat, organización urbana, localización no espazo, compra e alugueiro, construción, equipamento e mantemento... - Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, ecoloxía e problemas ambientais... <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación. - As convencións de distribución e organización do texto. |
| <p>Actividades</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade a través dunha nube de ideas. Pasapalabra. <p>CTO: Vivendas e inmobles. Natureza galega. Ecoloxía: casas ecolóxicas/domóticas.</p> <p>CTE: Diferentes tipos de vivenda, equipamentos e decoración. Comprender os argumentos a favor e en contra dunha opción (compra/alugueiro/rehabilitación). Causas e consecuencias do cambio climático. Emparellamentos sobre xeografía e medio e sobre urbanismo. Contaminación ambiental.</p> <p>PCO: Cambio climático e a súa influencia en Galicia. Xentrificación. Opinións/debates en que se traballen hipóteses e conxecturas sobre acontecementos futuros.</p> <p>PCE: Escritos de diferente tipoloxía en que se presenten diferentes contornas para vivir. Paraísos na terra. Reclamacións e queixas.</p> <p>M: Resumir/sintetizar/seleccionar consellos sobre educación ambiental/construción ecolóxica e cambio climático. Movementos migratorios.</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. - Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir de distintas fontes. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. <p>Mediación:</p> |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Mínimos esixibles | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas. - É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de transmitir oralmente e claramente os puntos máis relevantes dos textos fonte e algúns detalles que considere importantes. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de entender o que se pretende ou o que se lle require na maioría dos casos. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos detalles que considere importantes. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 4: SAÚDE, COIDADOS FÍSICOS E ATENCIÓN SANITARIA. ALIMENTACIÓN

| | |
|------------|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas, identificando pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes como, por exemplo, reportaxes relacionados con tendencias na alimentación ou hábitos de compra. - Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas, como por exemplo debates sobre características, aspectos positivos e negativos de diferentes escollas alimentarias ou modalidades de compra. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas. - Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo da súa escolla, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose se for necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as |
|------------|---|

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>preguntas finais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación coa alimentación e as compras, facendo un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións en referencia á relación entre medios de comunicación e alimentación e comercio. - Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles, como textos de consulta que analicen e informen sobre os diferentes estilos de alimentación ou diferentes actividades comerciais. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas. - Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións. - Producir textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir de diversas fontes. |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Medicinas alternativas. - Estilos de alimentación <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos os que se inclúen para o nivel</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que implican compromiso. - Directivos <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas. - Informativos. <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Gramática textual: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc. - Usos sintácticos complexos: infinitivo conxugado, futuro de subxuntivo... <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alimentación (tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...) - Compras e actividades comerciais (compra, venda e subrogación, sistema bancario, formas de pagamento...) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación. |

| | |
|--------------------------------|--|
| <p>Actividades</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade. CTO: Alimentación. Falan os expertos. Saúde mental. CTE: Novas tendencias en nutrición. Medicina alternativa. PCO: Foro de discusión sobre hábitos alimentarios. Experiencias gastronómicas. PCE: artigo de opinión/carta ao director/foro de discusión. Migrañas M: Recensión e síntese das producións doutras persoas sobre hábitos alimentarios. Presentar/Resumir/Sintetizar unha experiencia gastronómica / unha dieta / campaña publicitaria. As novas tendencias en nutrición |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. - Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente. - Expón preguntas para comprobar que comprende o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversas fontes. - Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión. - Transmite con certeza información complexa e detallada. |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado. - É quen de recoñecer expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices sutís de significado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada. - É quen de preguntar para comprobar que comprende o que a persoa interlocutora quixo dicir e conseguir aclarar os aspectos ambiguos. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de recoñecer a intención e o significado da maior parte dos propósitos comunicativos. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É quen de presentar ideas e puntos de vista destacándoos, diferenciándoos e |

| | |
|--|---|
| | <p>eliminando as ambigüidades.</p> <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - É capaz de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversas fontes. - É capaz de xestionar a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación. |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

Unidades temáticas do segundo cuadrimestre do nivel avanzado C2

| UNIDADE 5: EDUCACIÓN E ACTIVIDADES ACADÉMICAS. CULTURA E ACTIVIDADES ARTÍSTICAS | |
|--|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas, identificando pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes, como por exemplo en escenas de películas e cancións satíricas. -Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas, como por exemplo debates sobre finalidades, características e beneficios de diferentes modalidades educativas e/ou culturais. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Facer declaracións públicas con fluidez, sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas. -Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación co cine, a música e a literatura, facendo un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. -Realizar exposicións sobre temas complexos, cun estilo apropiado, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión adecuada. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas. -Valorar a información procedente de distintas fontes para o fin ou tarefa en cuestión. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada como, por exemplo, unha recensión ou unha crítica. -Escribir textos complexos, coherentes e cohesionados, con claridade cun estilo apropiado e eficaz e cunha estrutura lóxica. -Utilizar variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar |

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.</p> <p>-Transmitir información complexa e detallada, así como aspectos sutís das posturas, opinión e implicacións dos textos orais ou escritos de orixe.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Educación e actividades académicas -Sistema educativo e lexislación -Actividades formativas, innovación e tendencias -Cultura e actividades artísticas -Correntes de vangarda <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Directivos: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, lembrarlle algo a alguén, -Aertivos: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir. -Fáticos. <p>Discursivos: Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos. - Audiovisuais. - Cancións. <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos. - Textos literarios: contos, relatos breves, poemas... - Novelas gráficas: bandas deseñadas e tiras cómicas. - Textos con trazos non normativos. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos. -Correlación temporal na construción de textos orais e escritos. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Educación e actividades académicas (sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...). -Cultura e actividades artísticas (música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A entoación e os cambios de ton -Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...) |
| <p>Actividades</p> | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a través dun remuíño de ideas. Debate sobre os cambios na educación.</p> <p>CTO: O valor das letras. Cambios na educación. Oferta cultural.</p> <p>CTE: Como se pode aprender mellor? Manifestacións artísticas e/ou artesanais. Historias itinerantes.</p> |

| | |
|---------------------------------------|---|
| | <p>PCO: Monólogos/Debates sobre a dobraxe / literatura orixinal/traducións. Debate educación dixital.</p> <p>PCE: Dinamización da cultura (estratexias). Tecnoloxía.</p> <p>M: Evolución do sistema educativo. Conflitos. Consumo cultural. Expresións artísticas (música, cine, youtubeir@s...)</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. -Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter. -Inicia, mantén e remata unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter moi esporádico. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. -Adapta os textos ao propósito comunicativo. |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado. -É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades que poida ter. -É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e fluída, respectando as quendas de palabra e valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes. |

| | |
|--|---|
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e interactivos, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle. Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |
| <p align="center">UNIDADE 6: LECER E TEMPO LIBRE. VIAXES E ESTANCIAS NO ESTRANXEIRO</p> | |
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado, en relación con actividades de tempo libre e estadias. -Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas como, por exemplo, debates sobre actividades, evolución e concepto do tempo libre. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Facer declaracións públicas con fluidez, sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas. -Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo da súa escolla, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose se for necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais. -Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación co lecer e as viaxes formativas, facendo un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas sobre actividades e servizos de lecer, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles. -Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles, como un informe sobre as modalidades e o valor do tempo libre e das estadias. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas como, por exemplo, para explicar e aconsellar sobre pros e contras de diferentes actividades de lecer. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas. -Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións. |

| | |
|-------------------------|--|
| | -Transmitir con certeza información complexa e detallada a partir dunha gran diversidade de fontes. |
| Competencias e contidos | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Concepción e valor do tempo libre. -Xogos tradicionais de Galicia. -Iniciativas e programas de mobilidade. <p>Estratéxicos: Todos os que se inclúen para este nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Directivos: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, lembrarlle algo a alguén, -Asertivos: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir. <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Anuncios publicitarios complexos retransmitidos. -Sondaxes e cuestionarios complexos -Audiovisuais -Cancións. <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Textos ensaísticos e xornalísticos -Correspondencia persoal e profesional especializada -Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Correlación temporal na construción de textos orais e escritos. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Lecer e tempo libre (por exemplo: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...) -Viaxes e estancias no estranxeiro (por exemplo: viaxes e vacacións, trámites burocráticos, estadias no exterior...) <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas |
| Actividades | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a partir dun remuíño de ideas.</p> <p>CTO: Anuncios. Música galega (curiosidades festivas galegas). Viaxar en decembro. Tomar as augas. Rutas de historia.</p> <p>CTE: Instrucións. Modalidades turísticas. Particularidades doutros países. Documentación sobre estadias.</p> <p>PCO: Interpretación dunha película e/ou canción. Sondaxes. Evolución dos xogos e dos xoguetes (xogos tradicionais).</p> <p>PCE: Importancia e beneficios do tempo libre. Formas alternativas de lecer. Textos con condicións.</p> <p>M: Bitácoras de viaxe. Publicidade (anuncios).</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. -Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>-Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.</p> <p>-É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-É quen de expresarse cun bo grao de corrección.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-É quen de localizar a información ou seguir o fío do discurso en textos que teñan unha estrutura discursiva complexa ou non perfectamente estruturados, e nos que as relacións e conexións se poidan expresar con marcadores implícitos.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección.</p> <p>Mediación:</p> <p>-É quen de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> |
| Temporalización, recursos e atención á diversidade | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

| UNIDADE 7: GOBERNO, POLÍTICA E SOCIEDADE. INFORMACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN | |
|--|---|
| Obxectivos | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-Comprender, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado, relacionado co ámbito social.</p> <p>-Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos (como, por exemplo, a organización administrativa) ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.</p> <p>-Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas como, por exemplo, debates sobre aspectos positivos e negativos do sistema social.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas.</p> |

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>-Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación co sistema de goberno e social, facendo un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles, como un artigo que analiza as tendencias sociais.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas como, por exemplo, para identificar e explicar diferenzas entre os distintos partidos políticos.</p> <p>-Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico como, por exemplo, nun foro de debate.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.</p> <p>-Producir textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir de diversas fontes.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os medios de comunicación de Galicia. -O galego nas redes sociais. -Estrutura administrativa de Galicia. -Organizacións políticas, profesionais e sociais. <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos os que se inclúen para este nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Directivos: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, lembrarlle algo a alguén, -Asertivos: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir. <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instrucións e indicacións detalladas. -Conversas especializadas. -Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo. -Audiovisuais. -Podcats. <p>Textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Textos ensaísticos. -Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral. -Correspondencia formal. -Diarios oficiais. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formación de palabras: derivación e composición. - Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos. |

| | |
|-------------------------|--|
| | <p>-Léxicos: -Información e medios de comunicación (por exemplo: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...) -Goberno, política e sociedade (por exemplo: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...).</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos: -As convencións de distribución e organización do texto. -Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas -A énfase</p> |
| Actividades | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a través dun remuíño de ideas.</p> <p>CTO: Estado do benestar. Actualidade informativa. Movementos sociais e políticos. Couto mixto. O himno.</p> <p>CTE: Actualidade informativa (pandemia, corrupción, violencia, inmigración...).</p> <p>PCO: Análise e valoración das principais preocupacións da cidadanía. Seguimento semanal da prensa. Información-desinformación.</p> <p>PCE: Sondaxes e cuestionarios: conflitos sociais. Ensaos e artigos de opinión.</p> <p>M: Viñetas políticas. Explicar proverbios e expresións idiomáticas</p> |
| Criterios de avaliación | <p>Comprensión de textos orais: -Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. -Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala. -Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais: -Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. -Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.</p> <p>Comprensión de textos escritos: -Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos: -Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p>Mediación: -Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. -Selecciona os recursos lingüísticos máis convenientes para o propósito comunicativo en función dos destinatarios e da situación.</p> |
| Mínimos esixibles | <p>Comprensión de textos orais: -É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas. -É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala. -É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.</p> |

| | |
|---|--|
| | <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de adaptar a fala segundo o contexto social no que se atope dunha forma flexible. É capaz de utilizar un rexistro formal ou informal dependendo do interlocutor ou da situación. -É quen de variar a entoación e a énfase para expresar o que quere dicir e pronunciar de forma clara e natural. <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de identificar o contido e a importancia de textos de temas profesionais ou académicos. <p>Producción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de redactar un texto e adaptalo á situación requirida. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes das distintas fontes, así como aqueloutros detalles que considere importantes. |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 7 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

UNIDADE 8: CIENCIA E TECNOLOXÍA. ECONOMÍA E INDUSTRIA. BENS E SERVIZOS

| | |
|-------------------|--|
| <p>Obxectivos</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos do eido da economía e industria, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa contorna ou coa ciencia e tecnoloxía. -Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas, como por exemplo diálogos sobre características, limitacións, evolución e tendencias de diferentes factores de desenvolvemento económico ou tecnolóxico. -Poder localizar información ou seguir o fio da argumentación dun texto complexo ou que non estea perfectamente estruturado. <p>Producción e coprodución de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Facer declaracións públicas con fluidez, sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión, en relación con proverbios e expresións idiomáticas. - Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo da súa escolla, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose se for necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais. -Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos, en relación con bens e servizos, coa economía, coa industria, a ciencia e a tecnoloxía facendo |
|-------------------|--|

| | |
|--------------------------------|---|
| | <p>un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p> <p>-Realizar exposicións sobre temas complexos, cun estilo apropiado, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión adecuada.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas no ámbito da economía e sociedade.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas diverxentes.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.</p> <p>-Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p> <p>-Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a información, o estilo e o posicionamento das fontes.</p> |
| <p>Competencias e contidos</p> | <p>Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>-Economía</p> <p>-Bens e servizos. Servizos públicos e privados</p> <p>-Tecnoloxía do século XXI. Instrucións de funcionamento e especificacións de produtos e servizos. Servizos comunitarios.</p> <p>Estratéxicos:</p> <p>Todos os que se inclúen para o nivel.</p> <p>Funcionais:</p> <p>-Directivos: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, lembrarlle algo a alguén,</p> <p>-Asertivos: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir.</p> <p>Discursivos:</p> <p>Textos orais:</p> <p>-Reunións de traballo con vocabulario específico.</p> <p>-Audiovisuais.</p> <p>-Cancións.</p> <p>Textos escritos:</p> <p>-Correspondencia persoal e profesional especializada.</p> <p>-Informes, resumos e esquemas.</p> <p>-Textos lexislativos.</p> <p>-Textos ensaísticos.</p> <p>-Textos xornalísticos</p> <p>-Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.</p> <p>Sintácticos:</p> <p>-Usos sintácticos complexos: a prep. A + CD</p> <p>Léxicos:</p> <p>-Economía e industria (finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...)</p> <p>-Bens e servizos (inmobles, servizos públicos e privados, individuais e colectivos...)</p> |

| | |
|--------------------------------|--|
| | <p>-Ciencia e tecnoloxía (avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación...)</p> <p>Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <p>-As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común.</p> |
| <p>Actividades</p> | <p>-Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade a partir dun remuíño de ideas.</p> <p>CTO: Sectores económicos de Galicia. A industria mineira, leiteira, farmacéutica, téxtil.</p> <p>CTE: Inventos galegos. Bens e servizos. Estratexias de mercadotecnia. Artigos xornalísticos sobre empresas galegas innovadoras. A propiedade intelectual.</p> <p>PCO: Actividades relativas a bens e/ou inmobles así como ao equipamento e servizos. Vantaxes e desvantaxes dos diferentes servizos. Debates sobre os avances tecnolóxicos. Hábitos de compra.</p> <p>PCE: Bens e servizos. Diversidade funcional. Límites da ciencia e a tecnoloxía. Valores éticos.</p> <p>M: Sintetizar/resumir os grandes fitos do século XXI.</p> |
| <p>Criterios de avaliación</p> | <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</p> <p>-Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, con intervencións fluídas e espontáneas.</p> <p>-Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <p>-Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <p>-Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>Mediación:</p> <p>-Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversas fontes.</p> <p>-Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p> <p>-Adapta os textos ao propósito comunicativo.</p> |
| <p>Mínimos esixibles</p> | <p>Os seguintes descritores débense acadar de xeito suficiente para o nivel.</p> <p>Comprensión de textos orais:</p> <p>-É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.</p> <p>-É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais:</p> <p>-É quen de contra argumentar adecuadamente, intervindo de forma bastante natural.</p> <p>-É quen de usar un bo repertorio léxico, incluíndo algunhas expresións idiomáticas</p> |

| | |
|---|--|
| | <p>e coloquiais, que lle permitirán superar as súas carencias.</p> <p>Comprensión de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de comprender os significados asociados a unha boa gama de estruturas sintácticas da lingua escrita. <p>Produción e coprodución de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É quen de transmitir por escrito os puntos máis relevantes dos textos fonte e a maioría dos detalles que considere importantes. <p>Mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -É capaz de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversas fontes. -É capaz de xestionar a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación. -É capaz de analizar as semellanzas e diferenzas. |
| <p>Temporalización, recursos e atención á diversidade</p> | <p>Temporalización: 8 sesións de 120 minutos</p> <p>Recursos: fotocopias, exercicios de gramática e de internet, vídeos, audios, presentacións, xogos, banco de materiais do departamento e aula virtual Moodle.</p> <p>Actividades de ampliación, afondamento ou reforzo así como adaptacións, se for preciso, ao ritmo individual de aprendizaxe do alumnado.</p> |

Se se der a circunstancia de que algúns dos contidos previstos non se puidesen impartir presencialmente, eses contidos poderanse subir á aula virtual, especialmente os relacionados coas actividades de lingua máis pasivas.

5. AVALIACIÓN

A avaliación dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial réxese polo Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial; polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia; pola Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia para o curso 2024/25; e pola Instrución 8/2024 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2024-2025.

CURSOS TERMINAIS DE NIVEL (A2, B1, B2, C1 e C2)

PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará

previsiblemente na segunda quincena de xuño. Nos cursos intensivos e de nivel integrado que se realicen no primeiro cuadrimestre, a convocatoria ordinaria será a finais do primeiro cuadrimestre, e a extraordinaria tras a finalización do segundo cuadrimestre.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 e intermedio B1 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación Profesional na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1 e C2 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

Estrutura e contido

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaranse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado (B1, B2, C1 e C2) estruturaranse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

O alumnado examinarase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas.

As probas correspondentes á comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos basearanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

No nivel A2, na proba de produción, coprodución e mediación escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción, coprodución e mediación oral constará das tarefas

necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

A cualificación da coprodución e mediación escrita e produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Nos niveis B1, B2, C1 e C2, na proba de produción e coprodución escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción e coprodución oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaranse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos, e mediación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os niveis B1, B2, C1 e C2 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda.

O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

CONVOCATORIAS

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na administración das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións para realizalas.

5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN

As probas de avaliación serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha das destrezas lingüísticas, sen prexuízo o seu tratamento global no proceso de ensino aprendizaxe. O alumnado será avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos no currículo e na presente programación.

5.2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Nas probas de certificación de todos os cursos e niveis estarase ao disposto das instrucións que envíe a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación Profesional ao longo do curso; de se producir unha modificación desta normativa, será notificada na páxina web do centro, www.eoisantiago.org.

Mentres non sexan derogadas, as normas de avaliación aplicables son as que recolle a Orde do 8 de setembro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012.

Cómpre consultar a normativa aplicable na páxina *web* da EOI ([eoisantiago.org](http://www.eoisantiago.org)) e no portal educativo da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es), especialmente as Guías para persoas candidatas das probas de certificación de nivel básico, de nivel intermedio e de nivel avanzado. Estas guías estarán dispoñibles na seguinte ligazón http://www.edu.xunta.es/centros/eoidesantiago/alumnado_avalacion; dado que se actualizan anualmente, débese consultar a actualización correspondente ao ano 2024 cando sexa publicada.

Ao remate de cada proceso de avaliación, informarase o alumnado, ou os seus representantes legais no caso de menores de idade, dos resultados da avaliación. A devandita información realizarase a través da aplicación informática *CentrosNET* e incluírá as cualificacións obtidas nas distintas destrezas comunicativas cursadas e tamén, se é o caso, a promoción ao curso seguinte.

5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

Esta forma de avaliación aplícase ao comezo de cada curso e determina o nivel de competencia do alumno con respecto ao nivel previsto do devandito curso e con respecto ao grupo. Mediante a avaliación inicial, o profesorado obtén unha visión de conxunto para cada grupo e unha información precisa dos puntos fortes e débiles deste e dos distintos individuos que o forman. Isto permite planificar e organizar o desenvolvemento do curso de forma que lles poida dar unha mellor resposta ás necesidades do alumnado, ao mesmo tempo que serve como unha primeira autoavaliación para que o alumnado tome conciencia do nivel dos seus coñecementos e das necesidades da súa aprendizaxe.

Un dos instrumentos usados na aula para a valoración do desenvolvemento da programación son as táboas de autoavaliación do Portfolio Europeo das Linguas, táboas que son útiles para que o profesorado faga una reflexión sobre o enfoque do curso e para que o alumnado reflexione sobre a súa competencia nas diferentes destrezas, sobre o seu proceso de aprendizaxe e sobre o grao de adquisición das competencias do nivel. Supón unha reflexión sobre o proceso de aprendizaxe e sobre a forma máis eficaz de aprender que ten cada persoa. Este instrumento de autoavaliación utilizarase na aula de modo individual e permitirá coñecer a situación de partida do alumnado.

Este coñecemento é moi importante nos cursos de idiomas, por mor da diversidade de formas de acceso que existen e das distintas procedencias e graos de competencia do alumnado. Coñecer toda esta diversidade permitiralle ao profesorado elaborar actividades específicas para tratar algún aspecto que non domina todo o alumnado, prever aqueles aspectos da programación que se deben tratar dun modo especial e propoñerlles tarefas individualizadas ao alumnado que o precise. Ademais, tamén se procurará obter un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional para identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa.

5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa é unha ferramenta para a aprendizaxe. Trátase dun proceso que se desenvolve ao longo de toda a instrución na aula, tanto na ensinanza como na aprendizaxe, co único obxectivo de mellorar e optimizar o proceso educativo. É importante lembrar que a avaliación formativa difire da avaliación sumativa, unha avaliación da aprendizaxe que mide os obxectivos acadados e que emprega puntuacións e baremos numéricos ao final do curso nas probas terminais de promoción e de certificación.

Neste sentido, a avaliación formativa require unha constante reflexión sobre tres cuestións clave:

1. Cara a onde vou? Cales son os obxectivos de aprendizaxe que se están a traballar?
2. Onde estou? Cal é o progreso actual do alumnado respecto a eses obxectivos?
3. Como chego? Cales son os pasos que debería dar o alumnado para se achegar aos obxectivos desexados e superar a fenda entre eles e o seu progreso real?

Os axentes da avaliación formativa son tanto o profesorado como o alumnado e os/as seus/súas compañeiros/as de clase. Todos/as deben realizar actividades de reflexión, comprensión, e avaliación para obter a información que lles permita facer axustes constantes na docencia e na aprendizaxe, coa finalidade de acadar os obxectivos de aprendizaxe.

Empregaranse un abano de técnicas e estratexias, segundo o contexto da aula e as necesidades do alumnado. Entre elas, destácanse as seguintes:

- Técnicas (tradicionais e dixitais) para comprobar a comprensión
- Técnicas (tradicionais e dixitais) para proporcionar feedback/retroalimentación
- A autoavaliación
- A avaliación entre pares (coavaliación)
- Análise e avaliación de textos modelo, escritos e orais, para comprender os criterios de calidade esixidos.

A continuación preséntase un gráfico co resumo das principais estratexias da AF segundo os axentes implicados (tomado de Leahy et. al, 2005):

| | Cara a onde vou? | Onde estou? | Como chego? |
|------------|--|--|--|
| DOCENTE | Aclarar, compartir e comprender os obxectivos de aprendizaxe | Obter evidencias de aprendizaxe | Proporcionar feedback que permita avanzar na aprendizaxe |
| COMPAÑEIR@ | | Activar o alumnado como recurso mutuo de aprendizaxe | |
| APRENDIZ | | Facer de cada alumno o responsable da súa propia aprendizaxe | |

De acordo cos principios da avaliación formativa, é moi importante que o alumnado participe nas actividades de autoavaliación e coavaliación e, por tanto, o profesorado non avaliará todos os seus produtos de aprendizaxe. Os avaliadores, sexan alumnado ou profesorado, empregarán unha variedade de instrumentos de avaliación formativa, orais e escritos, tales como listas de verificación, rúbricas, cadros de comentarios, símbolos de corrección, así como feedback/retroalimentación sobre producións en audio e en vídeo.

Para máis información sobre a avaliación formativa recoméndase consultar [esta presentación interactiva](#) e esclarecer calquera dúbida co profesorado.

5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas, actividades ou probas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua (comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación). Esta avaliación terá unicamente valor orientador para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. Os departamentos/as coordinacións establecerán as datas e mais o número de tarefas que se recollerán por cada actividade de lingua.

5.2.4. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

Nos cursos terminais, isto é A2, B1, B2, C1 e C2, realizaranse un informe de progreso na metade do curso académico e unha proba final de certificación ao final do curso.

Ademais, ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, quen establecerá as medidas pedagóxicas oportunas.

Características xerais das probas e persoas destinatarias

1. Para obter os certificados dos niveis básico A2, intermedio B1 e B2, avanzado C1 e C2 será necesario superar as probas terminais de certificación.
2. O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse con referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.
3. As probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

Elaboración, administración e cualificación

As probas de certificación, ordinarias e extraordinarias, correspondentes aos niveis terminais serán elaboradas seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación Profesional no correspondente documento de especificacións. A súa elaboración corresponderá á Comisión de Elaboración de Probas.

Estrutura e contido / Puntuación e cualificación

Seguirase o disposto nas instrucións que envíe a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación Profesional. No momento en que se produza algunha modificación desta normativa será notificada na páxina web do centro, www.eoisantiago.org e aplicada nesta programación.

5.2.5. AUTOAVALIACIÓN

Nestes tempos en que tanto se fala de calidade na educación non debemos perder de vista que, nunha sociedade democrática e plural, un ensino de calidade debe ser sinónimo de atender os diferentes ritmos de estudo e de aprendizaxe do alumnado.

Unha das estratexias que pode contribuir a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíe a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, a criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

Ademais, nela destacan os seguintes beneficios:

- a) O alumnado coñece e toma conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe.
- b) Axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolve a capacidade de autogoberno.
- c) É un factor básico de motivación e reforzo da aprendizaxe.
- d) Permítelle á/ao docente coñecer cal é a valoración que o alumnado fai da aprendizaxe, dos **contidos que se traballan na aula, da metodoloxía empregada...**
- e) Axuda a reflexionar individualmente sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.
- f) Pode substituír outras formas de avaliación. Para atender a diversidade é necesario utilizar diferentes instrumentos avaliativos para tratar de valorar a progresión das capacidades de cada alumno/a. A autoavaliación pode ser unha estratexia máis nese proceso de valoración.
- g) Axuda a afondar nun maior autoconhecimento e comprensión do proceso realizado.
- h) Posibilita a autonomía e a propia dirección do alumnado.

De todas as razóns anteriormente expostas, non cabe ningunha dúbida de que a autoavaliación pode e debe ser empregada como estratexia para afrontar a diversidade de intereses, necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- b) A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- c) As medidas individualizadas de ensino.
- d) O desenvolvemento da programación: estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...
- e) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- f) As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)

g) A coordinación co resto do profesorado.

A seguir, presentamos unha listaxe de técnicas que o profesorado poderá utilizar para facer realidade os procesos de autoavaliación como estratexia de aprendizaxe para atender a diversidade:

a) O caderno de autoavaliación: Actividade en que a/o estudante evidencia os esforzos realizados, a valoración do traballo conseguido (o que sabía?, como aprendín?, o que sei agora?), en relación aos contidos tanto do ámbito conceptual, procedemental e actitudinal, cales foron as mellores ideas, os **logros conseguidos nos distintos ámbitos do coñecemento...**

Véxase a continuación un posible modelo que se podería aplicar:

| TÍTULO DA UNIDADE | |
|--|--|
| Obxectivos | Especificaranse os obxectivos da unidade |
| Actividades | Cada alumna/o ten que facer unha reflexión sobre as actividades que se levaron a cabo na clase para acadar os obxectivos e relacionalos aquí. |
| Conseguino? (Escala 1-5) | O profesorado decidirá se utilizar unha autoavaliación ou coavaliación (despois dun intercambio de impresións entre pares), alternando as dúas metodoloxías nas diferentes unidades. |
| Que máis podo facer para consolidar/repasar? | Caderno de exercicios, actividades en liña, fotocopias, actividades etc. (O profesorado recomenda recursos para consolidar e repasar a unidade e pídelles ao alumnado que presente máis ideas e materiais.) |

b) Ferramentas de autorreflexión elaboradas polo/a docente: Actividades que o/a docente diseña co obxecto de avaliar e comprender como o alumnado vai conseguindo os obxectivos: elaboración de cuestionarios, listas de control, escalas de estimación, protocolos, adaptación das rúbricas para a **avaliación das actividades de produción...** Estas ferramentas, entre outras, servirán para recoller as informacións relevantes sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

A autoavaliación do/da docente

O profesorado e o departamento deben facer unha autoavaliación sobre os resultados obtidos tras as diferentes probas feitas ao alumnado. Cada docente deberá reflexionar sobre a idoneidade da proba e formular unha serie de preguntas:

- Correspóndese a proba coa programación da aula?
- Que mecanismos debo activar para mellorar os resultados?
- Axústase a programación ao nivel?

- As actividades na aula ao longo do curso foron as adecuadas?
- Que podo facer para, nunha nova convocatoria, mellorar os resultados, se for posible?

Esta autoavaliación debe integrarse en cada reunión de departamento posterior ás diferentes probas. Nela débense valorar tanto os resultados individuais como colectivos do departamento e valorar a posibilidade de establecer uns criterios de mellora comúns. Estes criterios poden incidir en mellorar as coordinacións de elaboración de probas, as pilotaxes internas das probas e unha avaliación crítica de cada docente sobre o seu traballo.

Ao rematar o curso e, como parte da memoria do curso, farase un estudo estatístico dos resultados obtidos e analizaranse na reunión de departamento para fixar medidas correctoras, de seren necesarias, e trasladar finalmente os resultados ao claustro.

5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

As datas das probas terminais de certificación serán fixadas pola Dirección Xeral de Formación Profesional, entidade que establece anualmente o calendario de probas.

As probas terminais de certificación (niveis básico, intermedio e avanzado) realizaranse nos meses de maio/xuño (convocatoria ordinaria para o alumnado oficial). Haberá unha única convocatoria para o alumnado libre. Ademais, haberá unha convocatoria extraordinaria no mes de xuño unicamente para o alumnado oficial.

As datas das probas e o horario concreto serán anunciados no seu momento na páxina *web* da escola (www.eoisantiago.org).

O alumnado que estea matriculado na modalidade presencial poderá inscribirse por libre para realizar as probas terminais de certificación na mesma convocatoria e idioma en niveis diferentes aos que estea cursando de maneira oficial.

5.4. ASISTENCIA

O profesorado está obrigado a levar un control diario de asistencia ás clases, aínda que calquera falta de asistencia considerase xustificada e as faltas de asistencia non lle causan ningún prexuízo ao alumnado á hora de realizar a avaliación de progreso ou as probas terminais de certificación.

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotar as convocatorias, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

5.5. SESIÓNS DE ESTANDARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Protocolo para a estandarización dos criterios de avaliación dos departamentos didácticos

Para garantir a fiabilidade das certificacións das escolas oficiais de idiomas, a Resolución do 17 de decembro de 2014 establece que o profesorado deberá participar en sesións de estandarización para a corrección destas probas. Estas sesións dedicaranse á estandarización dos criterios de avaliación da expresión oral e da expresión escrita dos niveis que certifique o departamento: básico, intermedio, avanzado (A2, B1, B2, C1 e C2).

Estas sesións leváranse a cabo polo menos unha vez no curso académico, preferiblemente antes da administración das probas de certificación. No noso caso, normalmente, unha vez que se incorpora ao centro o profesorado de apoio ou reforzo que solicitamos cada ano para administrar as probas de certificación.

Para levar a cabo as sesións, o/a xefe/a de departamento ou a persoa coordinadora das probas de certificación seleccionará mostras de probas de expresión oral e escrita feitas por persoas candidatas dos distintos niveis da convocatoria anterior. Estas mostras repartiranse entre o profesorado do departamento, que deberá avalialas de forma individual, utilizando as ferramentas propias das probas de certificación (baremos, guías de administración, criterios de avaliación, MECR etc.).

Logo, todo o profesorado fará unha posta en común da súa cualificación e dos resultados, ben reunido como departamento ou ben en grupos pequenos, co obxectivo de chegar a un entendemento común dos descritores dos baremos de avaliación. Se houber desacordo nas notas outorgadas, o profesorado deberá chegar a un consenso a través do debate, sempre apoiado nos criterios de avaliación do nivel. Este proceso permitirá que o profesorado acade unha comprensión máis profunda das características da produción oral e escrita das persoas candidatas en cada un destes niveis.

Finalmente, concluído este proceso, lograrase un grao de fiabilidade cada vez maior na avaliación das probas de expresión oral e escrita.

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación de progreso dos niveis A2, B1, B2, C1 e C2 utilizaranse os baremos incluídos no documento de Especificacións da Proba de Certificación de Nivel Básico e nas Guías de Administración das Probas de Certificación dos niveis intermedio e avanzado. As grades que se aplicaron no curso 2024-2025 son as que aparecen na información sobre avaliación e exames recollida nas guías para persoas candidatas.

Grades de cualificación para o nivel A2,

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/system/files/A1A2%20instrumentos%20de%20avaliaci%C3%B3n.pdf>

Grades de cualificación para o nivel B1,

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/system/files/B1%20instrumentos%20de%20avaliaci%C3%B3n.pdf>

Grades de cualificación para o nivel B2

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/system/files/B2%20instrumentos%20de%20avaliaci%C3%B3n.pdf>

Grades de cualificación para o nivel C1,

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/system/files/C1%20instrumentos%20de%20avaliaci%C3%B3n.pdf>

Grades de cualificación para o nivel C2

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/system/files/C2_instrumentos_avaliacion.pdf

Toda a información actualizada para o curso 2024-2025 estará dispoñible, no seu momento, na web da EOI: <http://www.eoisantiago.org>. Cómpre estarmos pendentes da publicación das guías actualizadas para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel básico, de nivel intermedio e de nivel avanzado para o curso 2024-2025, guías que se poderán consultar na páxina *web* da EOI no momento en que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades Ilelas remita aos centros.

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativa (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Parte dunha idea do alumnado como usuario da lingua.

Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...), e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagoxicamente, que estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais das persoas que a executan, que requira delas unha atención prioritaria ao contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística.

Estas tarefas deseñaranse tomando como base os obxectivos definidos no currículo e nesta programación, pero tendo tamén en conta as necesidades reais e intereses e contextos de uso do alumnado.

A miúdo na aula existirá un perfil de competencias desigual e motivacións e intereses diversos; daquela, deberase adaptar a metodoloxía para que todo o mundo acade os obxectivos correspondentes ao nivel e por outra parte reciba resposta ás súas necesidades e intereses.

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- A realización de tarefas e a recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo.
- A aprendizaxe centrada no alumnado e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posible dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do grupo); identificando os seus coñecementos previos para activalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación.
- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o multiculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo. Deben aproveitarse os coñecementos doutras linguas para mellorar a competencia na lingua que se está a aprender, salientando as similitudes e diverxencias. Por exemplo, a un alumno inglés seralle de axuda para a aprendizaxe do galego saber que o n velar ou o son aspirado da gheada tamén existen na súa lingua materna.
- A variación das formas de socialización e da organización tradicional da aula. Unha aula con mesas orientadas cara ao profesor non favorece a realización de actividades de comunicación; é preferible optar, por exemplo, por un deseño en U, ou distribuír as mesas en varios grupos. O deseño en U ou ben en pequenos grupos (4-6 mesas) garante a cohesión, a interacción e a motivación de cara á aprendizaxe significativa e fai que o profesorado non teña un lugar predominante que estableza barreiras físicas e psíquicas e pase a ser un presentador, informador, guía e avaliador das diferentes actividades. Ademais, hai que ter en conta outros espazos de socialización e aprendizaxe distintos da aula, dentro da escola (salón de actos e aula de informática, laboratorio, cafetería e sala de estudo...) e fóra dela (a través de excursións, intercambios...).
- O estímulo da capacidade de aprender a aprender e o fomento da autonomía na aprendizaxe, da autoaprendizaxe e das condicións que permiten o seu desenvolvemento para aprender ao longo da vida.

- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese, de confianza e motivación dentro e fóra da aula.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas, e que será obxecto dun apartado específico na programación.
- A concepción da aula como un espazo social e de aprendizaxe; e da clase como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.
- A reflexión do docente (individualmente e en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

Daquela, debemos dedicar momentos da aprendizaxe:

- Á análise do proceso de aprendizaxe –que erros se cometen e por que, que se sabe facer respecto da tarefa proposta e que se necesita aprender para abordala con éxito e corrección lingüística– e a realizar de enquisas sobre este.
- Á identificación dos coñecementos doutras linguas (lingüísticos, textuais, sociolingüísticos e culturais de uso) que poden axudar a aprender esta.
- Á referencia a recursos que favorezan autonomía do/da aprendiz e a autoaprendizaxe. Por exemplo, as TIC, o Portfolio etc. O profesorado debe informar sobre a existencia das páxinas de exercicios e dos recursos educativos existentes na rede, así como do material interactivo dispoñible; tamén debe dar información sobre o uso do Portfolio para a autoavaliación e sobre as estratexias de aprendizaxe.
- Ás estratexias de comunicación (planificación, execución, control e reparación) requiridas para levar a cabo as actividades comunicativas.

As metodoloxías comunicativas –especialmente as baseada en tarefas– reproducen na aula as situacións de uso en contextos auténticos ao mesmo tempo que, para desenvolverse nelas, proporcionan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos etc., factores que posibilitan a realización da tarefa comunicativa). Seguen un proceso de ensino-aprendizaxe contrario ao tradicional, que partía da lingua para abordar as actividades: o enfoque baseado na acción, no uso, non presenta aspectos da lingua para a súa aprendizaxe e posterior utilización na comunicación, senón que, en función das actividades comunicativas que se vaian realizar, propón unidades de uso. A selección dos contidos deriva da actividade de uso da lingua, da tarefa que se realice. E, aínda que se poden prever os contidos lingüísticos para realizar unha tarefa, hai que ter presente que calquera tarefa podería resolverse con outros recursos diferentes.

Os contidos introducíranse, pois, en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica.

A avaliación será sempre coherente cos obxectivos e contidos da programación. Debemos optar por unha avaliación distinta da tradicional, que se baseaba fundamentalmente na corrección dos erros. Estes son proba da vontade que ten o alumno de comunicarse a pesar de equivocarse, e son produto inevitable e pasaxeiro da interlingua que desenvolve. Débense corrixir se interfíren na comunicación (e a posteriori, unha vez realizada a tarefa ou proba, cando non afecte o desenvolvemento desta). Por tanto, a corrección é só un aspecto máis da avaliación (máis importante conforme o nivel é máis alto), a carón da riqueza, a cohesión, a coherencia e a adecuación, pero non o único aspecto.

É conveniente que o alumnado realice tarefas tamén fóra da aula. O profesorado debe revisar tanto estas como as realizadas na aula e entregarllas ao alumno con notas aclaratorias ou comentalas na aula de forma non personalizada.

Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe gramatical na práctica diaria e sobre todo na avaliación. O obxectivo é que o alumnado aprenda a comunicarse en galego, non que saiba o que é un antepretérito.

O traballo en parellas ou de grupo será o preferente para romper a limitada estrutura de interacción profesorado-alumnado e permitir que o alumnado fale máis tempo e de forma máis auténtica. Así mesmo, as clases organizaranse de modo que se favoreza a comunicación entre o alumnado.

Os textos escritos e orais que se utilicen deberán ser auténticos dentro do posible (material audiovisual, música, curtametraxes e longametraxes, documentais, material radiofónico ou da TV, fotos, cómics, artigos de xornal e revista, bitácoras, charlas TED, *audioblogs*, *podcasts* etc.). Por outra parte, ao procurar que a aprendizaxe se faga tamén a través de textos de diverso tipo (literarios, xornalísticos etc.), a adquisición de coñecementos terá un carácter menos mecanizado.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar a monotonía, é conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (de expresión oral e escrita e de comprensión oral e escrita). Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas máis lúdicas e creativas e utilizarase, sempre que for posible, o material adicional do que dispón o departamento (vídeos, DVD, CD, cintas, cancións, xogos didácticos...) así como o material dispoñible na rede para dinamizarmos as clases e ao mesmo tempo consolidar os contidos nocionais e funcionais, lingüísticos e temáticos desenvolvidos.

Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introducíranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ao desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo).

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será, evidentemente, o galego, xa desde os niveis máis baixos, para garantir unha exposición directa e unha inmersión total do alumnado no idioma obxecto de estudo.

Entre as competencias que o alumnado debe adquirir, a sociocultural ten tanta importancia como a lingüística, posto que unha maior competencia sociocultural implica unha maior competencia lingüística. Podemos pensar que, no caso linguas ambientais, o alumnado xa posúe ese coñecemento da sociedade e da cultura; mais o certo é que a miúdo o que coñece é a cultura estatal, pero non tanto a propiamente galega; e, por outra parte, moitas veces ese é un dos seus obxectivos de aprendizaxe. Daquela, haberá que introducir esa información na aula, non só nas unidades que tratan ese tema especificamente, senón de forma cotiá e natural. Neste sentido serán de axuda as obras de lectura recomendada, que non terán unha función de apoio lingüístico e ampliación léxica simplemente, senón tamén de acceso á cultura galega a través da literatura. E tamén a celebración das nosas festas (magosto, o Samaín, o Nadal, os maíos etc.), actividades que lle darán ao alumnado a oportunidade de socializar en galego e coñecer a nosa cultura ao mesmo tempo.

O obxectivo é capacitar o alumnado para que sexa usuario da lingua; pero, para ser usuario real, debe vencer os prexuízos existentes na sociedade e nel mesmo que impiden o seu uso de modo normalizado. Daquela, procurarase que o alumno coñeza a historia externa e a situación actual do galego, para que sexa consciente da necesidade de dar o paso de empregalo fóra da aula. De nada serve que saiba empregar a lingua se non a emprega e, alén diso, a competencia lingüística vaise perdendo por esa mesma falta de uso.

A pedagogía debe seguir unhas directrices de carácter progresista e renovador e cómpre fuxir do gramaticalismo teorizador. A aprendizaxe debe ser activa, amena e atractiva para manter vivo o interese pola lingua. En resumo, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

Práctica: de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do idioma.

Realista: que estea en consonancia coa realidade de coñecementos previos e cos centros de interese do propio alumnado.

Flexible: que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.

Integral: que procure a formación do alumnado dunha maneira completa, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos puntos sobre a cultura galega cuxo coñecemento poida supoñer para o alumnado unha mellora da competencia;

Contextualizada: permitir a adecuación do programa ao contorno así como ás necesidades e carencias do alumnado.

Progresiva, partindo do básico, para conseguir, pouco a pouco, unha maior complexidade e participación do alumnado.

A ensinanza da lingua galega na Galiza non pode ter o mesmo tratamento que a dun idioma estranxeiro, pois neste caso a lingua obxecto de estudo é a propia do territorio, coa vantaxe de que o alumnado ten un

contacto diario con ela fóra da aula. Case todos parten, xa desde os cursos máis baixos, dun bo nivel de competencia nas destrezas de comprensión oral e lectora, e moitos teñen xa certo nivel mesmo nas destrezas de expresión: a maioría deles poden falar e moitos tamén escribir en galego, malia que o grao de corrección sexa con frecuencia mellorable por mor das interferencias co castelán.

Como contrapartida, a heteroxeneidade do alumnado en cada aula é moito maior, pois á propia dunha escola de idiomas, onde o alumnado presenta unha acusada diversidade no relativo á procedencia, idade, formación, idade, intereses e coñecementos (tanto xerais como específicos da lingua obxecto de estudo), hai que engadir no noso caso a maior diversidade en canto a coñecementos específicos da lingua e da cultura galegas e a intereses.

Así, no nivel básico podemos atopar falantes de portugués, de español ou doutras linguas románicas, falantes de linguas non románicas, e mesmo nativos sen estudos de galego ou que desexan empezar desde abaixo. No nivel intermedio os alumnos nativos teñen en xeral un bo nivel de comprensión oral e escrita, pero en canto ao nivel de expresión oral e escrita xa hai máis diverxencias (os de máis idade a miúdo teñen unha gran riqueza léxica pero presentan dificultades en canto á corrección e ao dominio do código estándar por non teren sido escolarizados en galego; os máis novos adoitan coñecer o código estándar pero teñen unha menor riqueza léxica e fluidez; o alumnado de acceso directo normalmente posúe certos coñecementos de ortografía e morfosintaxe, pero no plano do léxico presentan grandes lagoas etc.); por outra banda, están o alumnado non nativo, un grupo tamén bastante heteroxéneo e cada vez máis grande. Isto fai que esteamos a falar dunha didáctica complexa, na procura do equilibrio entre os coñecementos do alumno e os seus intereses e necesidades, tendo sempre presentes os obxectivos que deberán ser acadados en cada nivel.

O profesorado terá que analizar cal é a situación concreta en cada aula e axustar a metodoloxía ás súas necesidades; debe facer un seguimento individualizado de cada alumno, para que aqueles que teñen máis dificultades nun ou noutro aspecto poidan atinxir ao final do curso os obxectivos, e aqueles que teñen máis nivel continúen progresando.

Se o alumnado xa ten acadado ao inicio do curso o nivel de comprensión oral e escrita esixido, darémoslles menor importancia ás tarefas relacionadas con estas destrezas. Con todo, hai que ter presentes os obxectivos referentes a elas principalmente en alumnos procedentes do exterior, e non relegalos a un segundo plano malia que sexan unha minoría no conxunto do grupo; isto implica realizar as adaptacións metodolóxicas que se consideraren necesarias (por exemplo, preparando tarefas de reforzo para eles, ou tarefas de ampliación para os que xa teñen o nivel esixido).

No caso da expresión oral e escrita, é mais doado que haxa un maior número de alumnado que non teña acadado o nivel que se esixe, por mor das circunstancias sociolingüísticas actuais; será preciso conseguir que sexan capaces de se expresaren oralmente e por escrito, como en calquera outra lingua, pero tamén que o fagan fóra da aula, rompendo con prexuízos de carácter diglósico, non só deles mesmos, senón tamén da

sociedade. A realización de tarefas significativas, como as que se realizan na vida real, é un bo sistema para acadar este obxectivo.

En canto á ensinanza do léxico, realízase a partir dos usos reais que trae o alumnado ás aulas. Trátase, xa que logo, de respectar os usos e as diferenzas individuais e, a través deles, buscar estándares que permitan que se produzan os procesos comunicativos.

No referente á ensinanza da expresión, tanto oral como escrita, e tendo en conta os obxectivos da materia, propónse, máis que unha atención ás diferenzas individuais, unha ensinanza individualizada na que se teñen en conta os seguintes aspectos: o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e a súa zona de desenvolvemento próximo.

Para a práctica da expresión oral é importante que o alumnado participe nun club para falar, como o Tándem do EDLG, no que o alumnado, de xeito voluntario, ten un espazo no que pode realizar prácticas orais ben entre eles, ben co profesorado ou con persoas invitadas.

Consideramos necesario contar con subscricións a publicacións periódicas en galego como *Grial*, *Biblos* e tamén ter en conta os recursos existentes na rede para a lectura de textos auténticos de diferentes medios de comunicación. A través da rede existe a posibilidade de ler en galego os diarios de maior tiraxe nacional e igualmente está dispoñible a versión electrónica en galego de xornais galegos como *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, ademais dos xornais galegos na rede como *Praza Pública*, *Sermos Galiza*, *Galicia Confidencial*, revistas como *GPS* etc.

Canto á expresión escrita, pode combinarse a escritura tradicional coa electrónica (correos, foros, *webs...*) nas actividades.

Será preciso que o profesor parta da realidade dos coñecementos e das posibilidades de comprensión do seu alumnado. De partirmos do punto correcto dependerá chegarmos ou non aos obxectivos marcados. Farase imprescindible, xa que logo, unha avaliación inicial das catro destrezas básicas; comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita.

Respecto dos materiais didácticos, seguiremos os libros *Aula de Galego 1, 2, 3 e 4* por seren os únicos existentes até o de agora adaptados aos niveis do Marco para o ensino de adultos, e completaremos con materiais diversos que podemos atopar en diferentes soportes. Isto implica un esforzo considerable á hora de seleccionarmos e distribuímos estes recursos segundo os niveis e os contidos desenvolvidos anteriormente.

Utilizaremos o material fornecido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para a preparación das probas dos certificados CELGA, que aparecen na páxina *web* deste organismo: <http://www.lingua.gal/portada>

Serán tamén de grande utilidade os programas de radio e televisión aos que é posible acceder a través da páxina *web* Compañía de Radio e Televisión de Galicia <http://www.crtvg.es/rg>

No caso concreto do nivel avanzado C1 e C2, debemos insistir en que o obxectivo principal da metodoloxía empregada é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, é dicir, a aprendizaxe dunha

serie de destrezas que lles permitan comunicarse de maneira efectiva e correcta en situacións diversas propias do seu nivel; para iso empregaranse as seguintes ferramentas:

- Práctica das destrezas de falar, escribir, ler e escoitar.
- Desenvolvemento das actitudes e procedementos de aprendizaxe adecuados por parte do alumnado.

A interacción é unha prioridade dentro da aula, deixando claro que o papel do alumnado será fundamentalmente o de participar de maneira activa no desenvolvemento da clase, polo tanto primará o traballo en grupos ou parellas.

O horario semanal de catro horas presenciais ha de complementarse necesariamente con, cando menos, unha hora adicional semanal de traballo fóra da aula para realizar tarefas asignadas polo profesorado. Este traballo autónomo é imprescindible para acadar os obxectivos dos cursos de nivel avanzado C1 e C2 e para participar con aproveitamento nalgúns actividades da aula, e considérase parte esencial do traballo do alumnado. Estas actividades poderán incluír a lectura de artigos, blogs etc., ou escoitar material extraído da internet, redaccións sobre diversos temas, presentacións orais e preparación para debates na aula.

Ademais deste traballo obrigatorio, o alumnado do nivel C1 e C2 debe ter en conta que a exposición a "unha ampla variedade de textos (orais e escritos) extensos e con certo nivel de esixencia (MECR) ten que ser unha tarefa cotiá.

Relación docente-aprendiz

Para que o desenvolvemento desta metodoloxía sexa eficaz e a aprendizaxe se produza, cómpre recordar a seguinte relación docente-aprendiz tal como a define o propio Decreto 191/2007, de 20 de setembro:

a) O docente é o deseñador, presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero será o alumnado o que deberá asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais membros do grupo e co docente para atinxir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma. En definitiva, a actividade do/a aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza, de maneira que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende.

b) As estratexias de aprendizaxe son maneiras de obter, comprender e reter a nova información na memoria para poder utilizala posteriormente; inclúen tanto a reflexión sobre o que se aprende e a maneira de aprendelo como as nocións, as motivacións ou a organización da aprendizaxe. Para garantir que a súa aprendizaxe se produza, os alumnos deben adoptar todas aquelas estratexias de aprendizaxe que estimen oportunas, contando en cada momento co asesoramento do docente. Algunhas destas estratexias son:

- Establecer de forma clara e realista os propios obxectivos e as necesidades a curto e a longo prazo.
- Organizar adecuadamente o tempo persoal para a aprendizaxe da lingua.

- Desenvolver o estilo de aprendizaxe que mellor se adapte ás características persoais e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos.
- Desenvolver e utilizar técnicas de estudo e de traballo adecuadas ás propias capacidades e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos obxecto de aprendizaxe.
- Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe.
- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñibles tanto dentro como fóra da aula e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua.
- Recoñecer e entender a función dos distintos tipos de actividades así como das diversas funcións do profesor.
- Comprender o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.
- Utilizar a autoavaliación como elemento de mellora do proceso de aprendizaxe.
- Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.).
- Tomar notas de palabras clave mentres se escoita ou se le.
- Empregar recursos para destacar a información importante dun texto.
- Utilizar distintas técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as táboas de clasificación.
- Utilizar a linguaxe aprendida a medida que se adquire.
- Aproveitar a presenza de nativos ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para aclarar, verificar ou corrixir.
- Tolerar a comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
- Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe.
- Solicitar axuda, correccións, aclaracións ou confirmacións.
- Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua.
- Saber traballar en equipo, unha fonte máis da aprendizaxe.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

A docencia actual é totalmente presencial; con todo, o profesorado que o desexe pode crear unha aula virtual aloxada na plataforma Moodle do centro. Nos cursos ordinarios que dispoñan dunha aula virtual, o profesor/a responsable matriculará o seu alumnado ou explicarlle como automatricularse no curso que lle corresponda.

Durante os primeiros días da clase, os/as titores/as de cada un dos grupos facilitaranlle ao alumnado a chave para a inscrición na aula virtual do curso correspondente.

O profesorado asegurarse de que o seu alumnado coñeza o funcionamento desta plataforma virtual e da metodoloxía que seguirá.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento ten á súa disposición os recursos didácticos tradicionais como poden ser libros de texto, dicionarios e outros recursos como películas, documentais, xogos, revistas, subscricións periódicas e recursos en liña. Parte da labor do profesorado do departamento este curso, como noutros anteriores, é contribuír a crear e actualizar un banco de materiais compartido entre todo o profesorado. Tamén este curso se promoverá a colaboración entre o profesorado para crear un banco de ligazóns de uso didáctico mediante DIIGO e que se pode consultar na páxina web da EOI: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/taxonomy/term/176>

O alumnado poderá mellorar a súa competencia a través da autoaprendizaxe mediante diversos recursos existentes na rede como os seguintes:

- Páxina da EOI de Santiago de Compostela, <http://www.eoisantiago.org/>, para ver a programación didáctica, titorías, avaliación, datas das probas, notas en centrosNet, ausencias do profesorado etc.
- Páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal/portada>
- Material audiovisual dispoñible na páxina web de Política Lingüística para os cursos celgas <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo>
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega/Fundación Barrié: <http://portaldaspalabras.gal/> (dicionario, xogos, vídeos...)
- #DigochoEU, [DigochoEu – G24 CRTVG \(digochoeu.gal\)](http://DigochoEu-G24.CRTVG(digochoeu.gal))
- Redes sociais: http://www.lingua.gal/recursos/outros/_aprendelo/contido_0097/rede-sociais
- Páxina de Vitoria Ogando: <http://www.ogalego.eu/>
- *Galipedia*: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- *Enciclopedia Galega Universal*: http://www.xunta.es/linguagalega/enciclopedias_na_rede
- Ferramentas lingüísticas innovadoras: <https://linguakit.com/about>
- Nomenclátor: <http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator>
- Ferramentas en galego para Crome: <http://cabozo.com/wordpress/?p=1718>
- Fraseoloxía visual 1: <https://www.youtube.com/watch?v=Isn8Iso5UF4&feature=youtu.be>
- <http://www.xunta.es/linguagalega/falamos> (guía de iniciación á conversa)

A EOI dispón, entre outros, dos seguintes recursos educativos:

- Material reprográfico: Contamos cunha fotocopiadora en rede cos ordenadores do centro para fotocopiar o material para as aulas e outra no departamento.
- Biblioteca. A actual biblioteca da EOI de Santiago de Compostela pertence á rede MEIGA de bibliotecas da Xunta de Galicia. O Departamento de Galego dispón dun fondo de libros de lectura, CD e DVD de interese. Pódense atopar os materiais recomendados para os diferentes cursos e niveis.
- Departamento. A comezos de curso, o Departamento de Galego conta con certo material bibliográfico ou audiovisual, fundamentalmente para os niveis básico e intermedio e, cada vez máis, para o nivel avanzado. Durante o curso, faranse as xestións necesarias para adquirir fondos bibliográficos e audiovisuais.
- Sala de lectura. A sala de lectura conta con varios ordenadores con conexión á internet. Ademais, o alumnado de Galego pode ler exemplares de publicacións periódicas en galego, concretamente Tempos Novos, mercadas cos fondos anuais dos que dispón o departamento para subscricións. Tamén pode encontrar nesta sala o xornal Nós Diario e o semanal *Sermos Galiza* en papel, á parte de

acceder á publicación en liña *Nós Diario*: <https://www.nosdiario.gal/>

- Dispoñemos dunha aula móbil de *tabletas* que se poden usar sempre que se reserven con antelación.
- Conexión á internet na aula a través de cable. O alumnado pode acceder á internet desde os ordenadores da sala de lectura.
- Salón de actos. O salón de actos conta cun encerado dixital e sistema de megafonía; utilízase tamén como aula. Aínda que a ocupación con grupos ordinarios ou outro tipo de cursos fai que practicamente non sexa operativo para a súa función inicial; se estiver libre, pode servir, sempre reservando con antelación, para levar a cabo as actividades extraescolares que se programen durante o curso desde o Departamento de Galego.

8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utiliza e para poñer en práctica o contido dela. Nalgúns casos, todo o material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un libro de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e da análise das carencias que poidan presentar. Tamén irá acompañada dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou procurados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria.

O departamento de Galego dispón, desde hai anos, dun banco de materiais. Parte do labor do profesorado do departamento este curso, igual que en cursos anteriores, é contribuír a incrementar e manter actualizado o banco de materiais, uns materiais que son compartidos por todo o profesorado. O obxectivo final é facilitar que o profesorado poida acceder facilmente aos materiais antes descritos e permite que o profesorado de nova incorporación ou o profesorado substituto poida impartir as clases con normalidade.

O Departamento de Galego clasificará os materiais do banco en dous tipos: material obrigatorio, que forma parte esencial da programación didáctica, e material de uso opcional, presente para completar e enriquecer a docencia. O profesorado que imparta cada nivel clasificará e organizará este material, nos cartafolios pertinentes, por unidades didácticas e por destrezas. Iso facilitará o acceso e sempre estará dispoñible unha copia en formato dixital.

Este curso tamén se promoverá a colaboración entre o profesorado para crear un banco de enlaces ou ligazóns de uso didáctico.

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utiliza e para poñer en práctica o contido dela. Nalgúns casos, todo o material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un libro de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e da análise das carencias que poidan presentar. Tamén irá acompañada dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou procurados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria.

9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

Ademais, usarase outro tipo de material suplementario escrito e audiovisual a disposición tanto no propio Departamento de Galego como na biblioteca do centro.

Tamén se usarán revistas e xornais, gramáticas, manuais de exercicios, libros específicos para potenciar cada unha das destrezas, xogos variados, filmes, cancións e audicións, os materiais do banco de materiais do departamento, etc. Así mesmo, o uso das TIC e a súa familiarización terán un papel moi importante no proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais disto, recomendarase participar nas actividades de dinamización enmarcadas no Plan Anual de Lectura do Centro que se levan adiante desde a biblioteca.

O material escrito achegarase ao alumnado en forma de fotocopias. O material audiovisual será simplemente escoitado/visto pola clase en grupo e, se o/a profesor/a contase coa plataforma Moodle, poñeríase á disposición do alumnado. Os xogos de mesa e cartas serán axeitados para a súa manipulación en pequenos grupos.

A bibliografía básica recomendada, tamén se pode consultar en liña:
http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/galego_bibliografia

Para consultar os recursos web para a autoaprendizaxe da lingua galega, será necesario consultar o seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/taxonomy/term/176> A listaxe de recursos na rede é unha escolla, xa que calquera web de aprendizaxe da lingua é recomendable e útil. Esta listaxe aínda está en preparación e será aumentada durante o curso por parte dos membros do departamento.

Cada profesor/a do departamento informará sobre os libros de lectura recomendados para os seus grupos e, ao alumnado interesado aconsellaránselle libros concretos en función dos dispoñibles na biblioteca do centro e dos intereses amosados polo alumnado en cuestión.

NIVEL BÁSICO A2

O Portal da Lingua galega, [Portada - O Portal da Lingua Galega](#)

Os materiais e recursos existentes na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística, son de moita utilidade, máis concretamente <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1>

RECURSOS RECOMENDADOS

LIBRO DE TEXTO: Aula de Galego 1 ,VVAA, Xunta de Galicia, 2008 (nivel A2)

Diccionario da Real Academia Galega <http://www.realacademiagalega.org/diccionario/#inicio.do>

Portal das palabras, <http://portaldaspalabras.org/>, Real Academia Galega e Fundación Barrié

Diccionario visual interactivo, <http://centros.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/>

Diccionario de castelán-galego Rinoceronte, <https://rinoceronte.gal/diccionario/>

Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos, Ed. Xerais, 2007

Guía de conversa en Galego (varios idiomas), Xunta de Galicia

Guía Falamos I https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-lingua/recursos/Guia_Falamos_1.pdf

Guía Falamos II https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-lingua/recursos/Guia_Falamos_2.pdf

#DígochoEU, [DigochoEu – G24 CRTVG \(digochoeu.gal\)](http://DigochoEu - G24 CRTVG (digochoeu.gal))

Enderezos web de interese

- Servizo de Normalización Lingüística da USC: <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/>
- Galipedia: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- Páxina da Radio e da Televisión de Galicia: <http://ww2.crtvg.es/rsc/>
- Podgalego: <https://podgalego.agora.gal/>
- Música en galego: <http://musicaengalego.blogspot.com/>
- Cinema en galego, <https://engalecine.jimdo.com/>
- Lista de títulos con versión en galego nas plataformas, https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_t%C3%ADtulos_con_versi%C3%B3n_en_galego_nas_plataformas_de_streaming

LECTURAS RECOMENDADAS A2

- *Poetízate*, Fran Alonso, Ed. Xerais
- *Xardín de inverno*, Leticia Costas, Everest Galicia
- *Tristes armas*, Marina Mayoral, Ed. Xerais
- *Contos por palabras*, Agustín Fernández Paz, Ed. Xerais
- *Pippi Mediaslongas*, Astrid Lindgren, Kalandraka

<http://www.eoisantiago.org/>, a web da nosa EOI, imprescindible para consultar a programación didáctica, titorías, ausencias do profesorado, sistema de avaliación, notas en CentrosNET, actividades culturais e calquera outra información de interese.

NIVEL INTERMEDIO B1

Libros de texto e materiais didácticos recomendados

- *Aula de galego 2*, VVAA, Xunta de Galicia, 2009
- Tamén na rede <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga>

Materiais de consulta recomendados

É importante usar dicionarios actualizados segundo a nova normativa, posteriores ao 2003.

- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
- *Diccionario de gallego para principiantes*, VVAA, Susaeta Ediciones
- *Diccionario castelán-galego Rinoceronte* editora, <https://rinoceronte.gal/diccionario/>
- *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*, Ed. Xerais, 2007

- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, RAG / ILG , 2003 (edición revisada)
- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais
- *Historia da lingua galega*, VVAA, A Nosa Terra

Outros materiais existentes na rede

- http://www.xunta.es/linguagalega/xogos_educativos_na_rede
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega/Fundación Barrié: <http://portaldaspalabras.gal/> (diccionario, xogos, vídeos...)
- #DigochoEU, [DigochoEu – G24 CRTVG \(digochoeu.gal\)](http://DigochoEu-G24.CRTVG(digochoeu.gal))
- Tarefas: <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/repositorio/cont/medrando>
- Os materiais e recursos existentes na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística, <http://www.lingua.gal>, máis concretamente <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2>
- Corrector ortográfico 2.mil3 (pódese descargar de balde en www.edu.xunta.es ou en www.imaxin.com)
- Corrector de galego IMAXIN GALGO 2.0 © <http://www.xunta.es/linguagalega/galgo>

NIVEL INTERMEDIO B2

Libros de texto

- *Aula de galego 3*, VVAA, Xunta de Galicia
<http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3/aula-de-galego/alumnado>
- Material audiovisual do CELGA 3 (dispoñible na páxina web de Política Lingüística
<http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3/materiais-de-clase>

Libros de consulta de exercicios e recursos recomendados:

- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
 - *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
 - *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- Estes manuais están dispoñibles tamén en: http://www.xunta.es/linguagalega/manuais_de_galego
- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, RAG/ILG , 2003 (edición revisada)
<http://ilg.usc.es/gl/publicacions/libros/normas-ortograficas-e-morfologicas-do-idioma-galego-0>
- Resumo dos cambios normativos: https://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego_-_Cambios_morfol%C3%B3xicos
- *Novas prácticas de lingua*, A. Colmenero, Ed. do Cumio, 2004
 - *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais
 - *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, Carme Hermida Gulías, Ed. Sotelo Blanco
 - *Gramática da lingua galega*, R. Álvarez e X. Xove, Ed. Galaxia
 - *Gramática da lingua galega*, Xosé Feixó Cid, Ed. do Cumio, 2004
 - *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega*, Ed. Galaxia, 2004
 - *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega. Caderno de exercicios*, Ed. Galaxia, 2004

- *Gramática do Consello da Cultura Galega*: <http://consellodacultura.gal/arquivos/cdsg/loia/>
- *Manual de lingua galega I. Teoría e práctica. Nivel superior*, X. A. Granxa e M^a X. Méndez, Ed. Xerais
- *Ortografía da lingua galega*, Begoña González Rey, Ed. Galinova
- *Ortografía da lingua galega*, M^a Xesús Méndez Álvarez, Ed. Xerais
- Páxina web de Rosa Salgueiro: *Na punta da lingua*: <http://www.rosasalgueiro.com/>
- Páxina web de Vitoria Ogando: <http://www.ogalego.eu/>
- Conxugadores para móbil: <http://smartgalapps.com/gl/proyectos/conxugalego>
<https://play.google.com/store/apps/details?id=es.sonxurxo.android.conxugalego>

Correctores

- http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_nas_novas_tecnoloxias#correctores
- Corrector 2.mil3: www.imaxin.com
- Corrector de galego IMAXIN GALGO 2.0 © <http://www.xunta.es/linguagalega/galgo>
- Corrector para Open Office:
http://wiki.mancomun.org/index.php/Corrector_ortogr%C3%A1fico_para_OpenOffice.org
- Corrector gramatical Golfiño:
http://wiki.mancomun.org/index.php/Golfi%C3%B1o._Corrector_gramatical_para_OpenOffice.org

Tradutores

- http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_nas_novas_tecnoloxias#tradutores
- *comprendiumtranslatium es-gl*: <http://www.xunta.es/tradutor/>
- *apertium*, <http://sli.uvigo.es/tradutor>
- Para *Open Office*, <http://www.traducindote.com/http://www.opentrad.org/>

Dicionarios de consulta recomendados

- Dicionario da Real Academia Galega, ILG/RAG, <http://academia.gal/dicionario#inicio.do>
- *Dicionario Xerais da lingua*, 2004 (edición revisada)
- *Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*, Ed. Xerais, 2007
- *Gran dicionario Xerais da lingua*, VVAA, Ed. Xerais, 2009
- *Dicionario castelán-galego Rinoceronte editora*, <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- *Dicionario castelán-galego*, Real Academia Galega/Fundación Barrié, 2005
- *Dicionario Xerais de sinónimos*, VVAA, Ed. Xerais, 2008
- *Galego XXI*, VVAA, Galaxia
- *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)*, RAG / ILG, Galaxia. <http://academia.gal/recursos-volg?#http://academia.gal/Volga>
- *Dicionario de usos e dificultades da lingua galega*, Galaxia, 2005
- *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega*, Ed. Galaxia, 2004
- *Dicionario de pronuncia da lingua galega*, VVAA, ILG: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>

- *WordReference.com, Online Language Dictionaires*, <http://www.wordreference.com>
- Dicionario e buscador en contexto: <http://www.linguee.es/espanol-portugues/page/about.php>
- Outros <http://maos.gal/recursos/recursos-galego/#Dicionarios>

Enderezos web de interese

- Páxina da EOI de Santiago de Compostela, <http://www.eoisantiago.org/>, para ver a programación didáctica, titorías, avaliación, datas das probas, notas en centros.net, faltas do profesorado etc.
- Páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega/Fundación Barrié: [http://portaldaspalabras.gal/\(dicionario,xogos,videos...\)](http://portaldaspalabras.gal/(dicionario,xogos,videos...))
- #DígochoEU, [DigochoEu – G24 CRTVG \(digochoeu.gal\)](http://DigochoEu-G24-CRTVG(digochoeu.gal))
- Páxina de Rosa Salgueiro *Na punta da lingua*: <http://www.rosasalgueiro.com/>
- Páxina de Vitoria Ogando: <http://www.ogalego.eu/>
- *Galipedia*: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- *Enciclopedia Galega Universal*: http://www.xunta.es/linguagalega/enciclopedias_na_rede
- Bitácoras: Blogalego.com: <http://latri.ca/> Blogaliza.com: <http://blogaliza.org/?val=alta>
- Ferramentas lingüísticas innovadoras: <https://linguakit.com/about>
- Nomenclátor: <http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator>
- Ferramentas en galego para Crome: <http://cabozo.com/wordpress/?p=1718>
- Redes sociais: http://www.lingua.gal/recursos/outros/_aprendelo/contido_0097/rede-sociais
Latri.ca, Cabozo...
- Fraseoloxía visual 1: <https://www.youtube.com/watch?v=Isn8Iso5UF4&feature=youtu.be>

Libros de lectura

Non hai libros de lectura obrigatorios. Con todo, a lectura neste nivel considérase imprescindible para mellorar as destrezas de comprensión escrita e expresión escrita, así como os coñecementos de gramática e vocabulario. Neste estadio de aprendizaxe, o material de lectura deberá ser sen adaptar e variado, deberá abranguer distintos xéneros tales como a obra literaria, xornais (incluso especializados), revistas (xeneralistas e especializadas), cómics, blogs etc.

NIVEL AVANZADO C1 e C2

Os materiais e recursos existentes na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística, <http://www.lingua.gal/portada> son de moita utilidade, máis concretamente <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-4>. Tamén en formato libro *Aula de galego 4*, VVAA, Xunta de Galicia, 2008

Libros de consulta recomendados

- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 2003 (edición revisada) RAG/ILG.
En papel e en formato electrónico: <http://www.realacademiagalega.org/recursos> ou en <http://www.lingua.gal/o-galego/conhecendo/normas-ortograficas-e-morfoloxicas>
Un resumo das normas está en https://gl.wikisource.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego_-_Cambios_morfol%C3%B3xicos

- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Ed. Xerais
- *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, VVAA, Baía Edicións, 2010

Dicionarios e outros recursos recomendados

É importante usar dicionarios actualizados á normativa vixente, dicionarios posteriores ao 2003.

- *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)*, RAG / ILG, Galaxia, só trae entradas, sen significado. Está esgotado pero pódese consultar na rede: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>
- *Diccionario da Real Academia Galega* <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
Descargade a aplicación para o móbil
- *O Portal das Palabras*, <http://www.portaldaspalabras.org/>, RAG e Fundación Barrié
- *Diccionario de pronuncia da lingua galega* <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- *Diccionario Digalego*, <https://digalego.xunta.gal/>
- *Diccionario de castelán-galego* Rinoceronte, <https://rinoceronte.gal/diccionario/>
- *Diccionario Xerais da lingua*, VVAA, 2004
- *Gran Diccionario Xerais da lingua*, VV AA, Xerais, 2 tomos, 2009
- *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos* Xerais, 2007
- *Diccionario Xerais castelán-galego/galego-castelán*, 2005 (ed. revisada)
- Corrector ortográfico: <http://sli.uvigo.es/corrector/index.php>
- Tradutores: http://www.lingua.gal/recursos/para-traballar-en-galego/_aprendelo/contido_0112/gaio
- *WordReference.com, Online Language Dictionaires*, na ligazón <http://www.wordreference.com>
- Dicionario e buscador en contexto *Linguee*, <https://www.linguee.es/espanol-portugues>

Exercicios e prácticas de lingua

- Caderno de Lingua, <https://cadernodelingua.wordpress.com/> (antiga web de Rosa Salgueiro)
- Páxina de Vitoria Ogando: <http://www.ogalego.eu/>
- A profa, páxina de Pilar Ponte <http://aprofa.gal/>
- *Proxecto Artello*
http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0014/proxecto-artello
- Ximnasio dos verbos. Descargade a aplicación para o móbil
http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0123/ximnasio-dos-verbos
- Cursos de linguaxes específicas http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0010/linguaxes-especificas
- Léxico específico http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0020/lexico-especifico
- Tergal: Banco de termos galegos recomendados http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0121/tergal-banco-terminos-galegos-recomendados

Enderezos web de interese

- *Galipedia* <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- Vídeos: <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/videosdidacticos.html>
- Biblioteca virtual galega <http://bvg.udc.es/index.jsp>

- Servizo de Normalización Lingüística da USC <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/>
- Cinema en galego, <https://engalecine.jimdo.com/>
- Música en galego: <http://musicaengalego.blogspot.com/>
- Divulgación científica: <https://www.gciencia.com/>
- Bitácoras: <http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/blogs-e-recursos-na-rede>
- Portal educativo Aulas Galegas <https://aulasgalegas.org/>
- Nomenclátor: <http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator>
- Buscatermos <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm>
- Dicionario do imaxinario: <http://www.galiciaencantada.com/>
- Radio Picariña: <http://www.crtvg.es/en-directo/canles-directos-rg/radio-picarina>
- #DigochoEU, <https://digochoeu.gal/>
- Proxecto yotubeir@as <https://youtubeiras.gal/inicio/>
- Balea Vermella, <https://www.youtube.com/channel/UCcz6VrfBLvOwusla1B8pWEw>
- Páxina da Radio e da Televisión de Galicia: <http://ww2.crtvg.es/rsc/>
- Podgalego: <https://podgalego.agora.gal/>
- Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega: <https://www.aelg.gal/>

Libros de lectura

Non hai libros de lectura obrigatorios. Con todo, a lectura neste nivel considérase imprescindible para mellorar as destrezas de comprensión escrita e expresión escrita, así como os coñecementos de gramática e vocabulario. Neste estadio de aprendizaxe, o material de lectura deberá ser sen adaptar e variado, deberá abranguer distintos xéneros tales como obras literarias (poesía, narrativa e teatro), xornais, revistas (xeneralistas e especializadas), cómics, blogs etc.

<http://www.eoisantiago.org/> para ver a programación didáctica, horas de titoría, avaliación, datas das probas, notas en centros.net, ausencias do profesorado etc.

10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, están a cada paso máis presentes, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial.

Gran parte do noso alumnado é cidadán do mundo dixital, polo tanto está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais. Daquela, resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outros alumnos, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo.

Polo tanto, resulta conveniente utilizar, ademais dos recursos tradicionais dispoñibles no centro (TV, DVD, lector de CD, laboratorio), outros presentes na internet, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión *wifi*, encerado interactivo en todas as aulas e espazos de traballo que permiten tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da aula) aos recursos existentes na rede. Intentarase que de vez en cando o alumnado dispoña da aula móbil de portátiles ou das *tabletas*.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo ao ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinabilidade. Máis especificamente, a internet permite estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

Así pois, convén:

- favorecer o uso de redes sociais e da *web* como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción / intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de *blogs*, *podcasts*, *wikis*..).
- fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (*chat*, correo electrónico, foros, telefonía ou videoconferencia a través da internet, co programa *Skype*, por exemplo): estes recursos permiten realizar proxectos con participantes de países nos que o galego tamén se estuda ou é vehículo de comunicación (por exemplo, nos centros galegos, nas universidades, noutras EOI ou centros de ensinanza do Estado) ou nos que se traballe de forma multilingüe.
- favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na *web* (como por exemplo, a través das *webquests*: investigacións a través da internet) e promover a creación de *webquests* para usalas nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.
- promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais, como Moodle: son ferramentas útiles para construír o coñecemento no traballo en grupo e tamén para a tutoría e a orientación individualizada do alumnado. Trátase, en definitiva, de favorecer a continuidade fóra da aula do proceso de aprendizaxe. Traballar cunha aula virtual de autoaprendizaxe, como Moodle, resulta moi beneficioso para o alumnado, pois nelas podería ter unha listaxe de ligazóns, material audiovisual para a comprensión oral ou lectora, tarefas interactivas, así como recibir avisos, suxestións e propostas de traballo do profesorado, participar en foros etc.
- incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados polo alumnado e o profesorado na intranet da EOI e na internet, por exemplo mediante a publicación nunha bitácora.
- Poner á disposición do alumnado exercicios interactivos, ben creándoos con recursos como *Hot Potatoes*, ben ensinándolles as páxinas onde estes poden aparecer, como <http://www.ogalego.eu/> de Vitoria Ogando.
- tests en liña: autoavaliación, proba de clasificación...
- boletíns pedagóxicos

Co obxectivo de sistematizar un pouco fronte á multitude de recursos que temos ao noso arredor, imos tentar caracterizar un recurso de Internet. Para isto, podemos mencionar brevemente os seguintes criterios:

- tamaño ou duración do recurso
- obxectivos que se pretenden acadar
- destrezas traballadas
- tipo de público: nivel, idade, necesidades específicas
- temática
- tarefa aberta (de creación) ou pechada (como *Hot Potatoes*), escrita ou oral
- soporte filtrado (semiauténtico) ou auténtico
- natureza do soporte: interactividade, multicanalidade, actualidade
- relación coa vida real
- posta en situación a través dunha simulación ou dun xogo de rol
- tipo de participación: actividade por parellas, en grupo pequeno ou en grupo grande
- ferramentas necesarias: ordenador, proxector, encerado interactivo...

A partir dos criterios arriba mencionados, pódense establecer as seguintes categorías de recursos pedagóxicos dispoñibles na internet:

- exercicios

- tests en liña: autoavaliación, proba de clasificación...
- tarefas pechadas
- tarefas abertas (ou guións) con produción escrita: foros, wikis, blogs...
- tarefas abertas (ou guións) con interacción oral
- cursos ou complementos de cursos: cursos xerais, por destrezas parciais, linguaxes específicas
- boletíns pedagóxicos

Para concluir, pódese salientar que as actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o Marco europeo común de referencia para as linguas.

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Seguiranse as indicacións, pautas e protocolos de actuación dos Departamentos de Orientación Específicos da Consellería de Educación para a diferente tipoloxía de alumnado con NEAE.

O Decreto 191/2007, de 20 de setembro, establece na súa disposición adicional cuarta que:

"1. No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes na materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto."

A atención á diversidade é o conxunto de accións educativas que tentan dar resposta ás necesidades dos alumnos do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica por mor de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso das EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren, por unha banda, ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma –dos que xa se falou en parte no apartado de metodoloxía–, e, por outra, aos que teñen algún tipo de discapacidade física ou sensorial (fundamentalmente, problemas de vista ou audición) ou psíquica. Cómpre ter en conta que tamén podemos atoparnos con alumnado con altas capacidades intelectuais, así que hai que ter en conta o establecido no RD 943/2003.

Nas situacións de semi presencialidade e non presencialidade, seguiranse as indicacións, pautas e protocolos de actuación dos departamentos de orientación específicos da Consellería de Educación para a diferente tipoloxía de alumnado con NEAE.

Alumnado con dificultades cognitivas e/ou de memoria de traballo

Estratexias para minimizar as dificultades de aprendizaxe prevendo unha sobrecarga da memoria de traballo, promover as funcionalidades de traballo e empregar estratexias de aula e impacto no deseño das unidades didácticas:

- Reducir as intervencións faladas do profesorado, canto máis fala máis ten que loitar o alumnado por entender.
- Avaliar as demandas de traballo das actividades de aprendizaxe e reducir a dificultade de procesamento. As actividades que supoñen demandas dun almacenamento moi grande de memoria de traballo implican frecuentemente a retención de cantidades significativas de material verbal cun

contido relativamente arbitrario (p.e. lembrar secuencias de tres ou máis números ou palabras que non se relacionan entre si).

- Dar tempo de procesamento extra para contestaren preguntas (tempo de espera); simplificar a **cantidade de procesamento mental dándolles "pistas" escritas no taboleiro**.
- Acrecentar o grao de significado e de familiaridade do material que hai que lembrar (personalizar e contextualizar).
- Repetir información importante (repetición espazada), deterse de cando en cando e preguntarlles que resuman o que aprenderon até o momento.
- Dividir instrucións que teñen múltiples pasos en pasos separados, dándolles tempo para realizar os pasos; darlles instrucións escritas como referencia; reestruturar tarefas complexas (dividir en anacos máis pequenos).
- Animar a usar axudas para a memoria (información chave, incluídos os obxectivos das unidades ou actividades, criterios de avaliación etc; usar mapas conceptuais; apoios visuais...).
- Empregar diferentes organizadores gráficos para ensinar novos conceptos e informacións.
- Minimizar a ansiedade e temores do alumnado porque impactan na capacidade cognitiva.
- Proporcionar recursos prácticos (na súa mesa, se se precisar) para reducir a sobrecarga de memoria, por exemplo, comezos de oracións, soletreo de vocabulario chave, papel pautado etc.
- Reducir a cantidade total de material que haxa que almacenar ou lembrar (por exemplo, acurtar as oracións que teñan que escribir ou o número de *items* que teñan que lembrar).
- Usar técnicas de ancoraxe para asegurar que poidan ligar coñecementos previos, proporcionar o contexto, desenvolver rutinas etc.

O procesamento oral na memoria de traballo supón grandes dificultades; por exemplo, seguir as instrucións orais, coller apuntamentos nas clases, respostas escritas a preguntas orais etc. Por tanto, debemos reducir as cargas da memoria de traballo por medio de:

- Simplificar as instrucións e dividilas en pasos individuais (con axuda de axudas de memoria se for posible).
- Dividir as preguntas en segmentos para minimizar a carga de memoria.
- Repetir o contido varias veces para que o alumnado o oia e o procese claramente.
- Animar o alumnado a pedir información cando se require.
- Darlle ao alumnado máis tempo para poder procesar a información.

Cómpre, ademais, lembrarmos que:

- Cada estudante ten un nivel e función de memoria de traballo e dificultades cognitivas diferentes.
- A memoria de traballo e as dificultades cognitivas van afectar o desempeño nas probas de avaliación.
- A ansiedade, o estrés e o medo engaden máis problemas ás dificultades cognitivas e á memoria de traballo.
- O alumnado que ten moitas dificultades cognitivas e/ou moitos problemas de memoria de traballo na súa L1 vai ter aínda moitos máis coas dificultades cognitivas e coa súa memoria de traballo nunha L2

Os organizadores gráficos son facilitadores da memoria de traballo e que palían as dificultades cognitivas:

- mapas conceptuais e 2 columnas pros/contras (para remuíños de ideas, revisión, vocabulario, conceptualización...)
- fichas boca abaixo para descubrir pares, con imaxes, palabras, sons, grafías...
- arañeiras ou mapas conceptuais (vocabulario)
- dados
- nubes de palabras (vocabulario, conceptos)
- gráficos: liñas, de barras, torta.
- "decision tree": elaborar instrucións para resolver un problema

- diagrama de Venn: mostrar similitudes e diferenzas
- Smart Art de ciclo: mostrar un proceso de causas-consecuencias
- Liñas temporais: tempos verbais
- Mostrar información sobre cinco tipos de dietas por categorías: táboa ou gráfico, fichas con nomes dos tipos de dietas e outras con definicións, e unilos (isto xa non sería presentación, sería o exercicio)
- Clasificar características: Diagrama de Carroll
- Placemat: debater, contrastar

Atención á diversidade: alumnado con diferentes niveis de coñecemento.

As probas de clasificación e os sistemas de acceso directo deberían asegurar unha homoxeneización dentro dos mesmos cursos en canto ao nivel. Porén, parte do alumnado non realiza as primeiras e, no tocante aos segundos, as titulacións e certificados que dan acceso a un determinado curso son diversas en canto a nivel, e a isto hai que engadir as diferenzas derivadas do tempo que haxa que a persoa cursou eses estudos: non ten o mesmo nivel unha persoa que cursou estudos de galego hai quince anos que outra que o fixo hai cinco. E, respecto dos alumnos antigos, tamén é diferente o nivel dunha persoa que cursou galego na EOI en función dos anos que haxa diso.

A solución ao problema dos distintos niveis de competencia dentro do mesmo curso non é doada. O primeiro paso debería ser o de presentarlles este tipo de situación como algo totalmente normal, xa que está claro que calquera intento de solución ten que pasar pola cooperación entre eles, así que é esencial salientar a necesidade do traballo en equipo. O traballo en parellas ou grupos é fundamental se queremos involucrar todos os membros da clase. Xuntar alumnos con distintos niveis de competencia asegura unha participación óptima nas actividades. Se os que teñen maior nivel de competencia saben asumir ese papel de axudante, a actividade, lonxe de ser frustrante ou aburrida, terá un efecto altamente positivo.

Crearase un ambiente de socialización que faga evidente a función comunicativa da linguaxe e introducíranse mecanismos de cooperación (corrección colectiva, remuíño de ideas, traballos en grupo, postas en común...).

Debería evitarse que o alumnado con menos nivel sexa o primeiro en responder preguntas. É menos tenso que sexa o alumnado con maior competencia o que responda primeiro mentres eles prestan atención para responder despois preguntas similares. Cando este tipo de interacción sexa habitual, a clase será máis dinámica e produtiva para eles.

Outra acción educativa que pode ter resultados produtivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente con varios grupos homoxéneos, pero tamén cando se xuntan grupos de distinto nivel, se se lles asignan aos distintos grupos as tarefas adecuadas, de forma que se lle proporcione a cada grupo o nivel adecuado de dificultade e impida que se vexan desmotivados, tanto pola excesiva facilidade da tarefa nun caso como pola dificultade noutro.

Cómpre realizar actividades de ampliación e reforzo sempre que for necesario. A inclusión de actividades de reforzo dentro da aula é fundamental para solucionar o problema do alumnado con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra. De vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que o alumnado con menor nivel de competencia leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza.

Tamén no traballo para a casa é importante programar actividades de reforzo, para proporcionarlles aos alumnos con menor competencia práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e actividades de ampliación, para que o alumnado máis avanzado continúe a progresar. As tarefas para o alumnado menos avanzado deben ser menos esixentes, de modo que as poidan realizar, e para o máis avanzado, máis estimulantes, a fin de que continúen a progresar, e así nin uns nin outros perdan a motivación.

As notas de revisión das tarefas de expresión escrita deben tamén axustarse ao nivel do alumnado: a ensinanza efectiva das composicións escritas debe ser personalizada; igual que a ensinanza de estratexias e procedementos que melloren a comprensión e a expresión oral e escrita.

Por outra parte, a análise en grupo dos problemas máis frecuentes que aparecen nunha tarefa é importante, mais debe realizarse sen relacionar os problemas coa persoa que os ten, para non poñela en evidencia.

A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente.

Atención á diversidade: alumnado con diversidade funcional

Ainda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha diversidade funcional, a súa situación presenta peculiaridades e por tanto precisa dunha metodoloxía específica. Temos que atender o alumnado con necesidades educativas especiais facendo as adaptacións necesarias co fin de compensar as dificultades que teñan para alcanzar os obxectivos. Estas adecuacións establécenas os distintos órganos da comunidade educativa.

Para evitar que estas persoas teñan problemas para levar o ritmo da clase, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para unha parte do alumnado, pero aqueles con algunha disfunción visual non terán as mesmas oportunidades de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de audición resultará menos atractiva para aqueles que teñan problemas auditivos. Un achegamento multisensorial, onde se integren as catro destrezas de ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito.

Outro tipo de solución pasa por facer unha distribución do alumnado na aula de xeito que o que presente discapacidade auditiva poida escoitar o profesor ou o material auditivo con máis facilidade e o que teña discapacidade visual poida ver o escrito no encerado máis claramente, colocándoos máis preto do encerado, do profesor ou dos aparellos electrónicos.

As actividades fotocopiáveis e os exames pódense entregar tamén nun formato máis grande (A3 en lugar de A4), e o uso de auriculares individuais tamén podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

Por outra banda, á hora de realizar as diferentes probas, o alumnado con discapacidade auditiva que o solicite poderá dispoñer de auriculares e mais lector de CD ou ordenador, nunha aula independente.

Por outra banda, hai que dotar a aula e o centro dos recursos adecuados: por exemplo, que o alumnado en cadeira de rodas teña unha mesa de maior altura ou de altura regulable, e que a súa aula estea situada na planta baixa preferiblemente ou ben que teña acceso a ela no ascensor; no caso de ter aulas con mesas de pa, que haxa algunha adecuada para os alumnos zurdos; que as persoas con problemas de mobilidade nas mans poidan usar o ordenador para as tarefas de expresión escrita etc.

Aos cursos da EOI tamén asisten ás veces persoas con algunha enfermidade psíquica, como depresións, fobia social etc. ou con algunha discapacidade psíquica, a miúdo por recomendación facultativa. Debe conseguirse que se sintan integradas e apoiadas polo resto da clase, que non se rexeite o diferente e que se valore o positivo que cada individuo achega á formación do grupo.

Ademais, debemos ter presentes os seguintes recursos dispoñibles en lingua galega para o alumnado con algún tipo de discapacidade para a produción de textos:

No caso de termos alumnado con problemas relacionados coa produción de textos escritos, poderíamos botar man dos conversores de voz *Cotovia* ou *Loquendo*; e, de termos alumnado con discapacidade visual, poderíamos poñernos en contacto coa Fundación ONCE-Galicia, que dispón dalgúns textos no noso idioma en código Braille.

Tamén poderíamos ver o DVD *Os sextos sentidos*, editado pola Fundación Menela, mercé ao programa Interreg II da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, no que nos amosan formas de integración de persoas xordas, cegas, autistas e con discapacidade física e/ou intelectual.

Poden ser de utilidade os diversos materiais de reforzo e ampliación editados por distintas editoriais, ben como cadernos á parte (caso dos de A Nosa Terra ou de Xerais), ben os incluídos no libro do profesorado e tamén as adaptacións curriculares da editorial Obradoiro.

En xeral, tratarase de que o alumnado con calquera tipo de diversidade se sinta totalmente integrado.

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidades basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, e aplicaranse aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado.

12. OUTROS CURSOS

12.1. CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA

Na Orde do 29 de xullo de 2022 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2022/23, inclúese a oferta de cursos de linguaxe administrativa galega (LAG).

No punto 9.2.2 da Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25, establécese que os cursos de linguaxe administrativa galega (LAG) serán impartidos polo profesorado con destino nos departamentos didácticos de galego das EOI e que estes cursos, que terán carácter gratuito, impartiranse de acordo coas directrices que estableza a Secretaría Xeral de Política Lingüística e serán obxecto dunha normativa específica por parte da Dirección Xeral de Formación Profesional.

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS DOS CURSOS

Os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior van dirixidos aos empregados/as públicos/as da Administración autonómica, da Administración local e da Administración periférica do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia, exceptuando o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o persoal sanitario, non entendendo por tales os empregados públicos da escala de saúde pública e administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes cursos organízanse en dous niveis: medio e superior, e os seus contidos recóllense nos anexos I e II, respectivamente, da Orde do 13 de xuño de 2011.

No curso 2024/25, na EOI de Santiago de Compostela impártense 3 cursos, dous de nivel medio e outro de nivel superior. Cada curso ten unha duración de 75 horas e impártense na modalidade en liña.

Os dous cursos de nivel medio impártense no primeiro cuadrimestre. Este curso comeza o día 30 de setembro e acaba o 1 de decembro de 2024.

O curso de nivel superior impártese no segundo cuadrimestre. Este curso comeza o día 17 de febreiro e remata o 27 de abril de 2025.

AVALIACIÓN

A avaliación destes cursos será progresiva e continua e terá en conta o dominio da materia, a visualización dos contidos na aula virtual e a realización das actividades e das probas programadas. Para superar os

cursos é necesario cumprir os requisitos establecidos nos puntos 3 a) e 3 b) do apartado décimo terceiro da Resolución do 18 de xuño de 2024, nos prazos establecidos na programación didáctica do curso; así como superar a proba final indicada no punto 3 c) do apartado décimo segundo desta resolución.

A proba final é de carácter presencial e consta de dúas partes, unha escrita e outra oral. Esta proba será elaborada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e terá carácter unificado. Para poder realizala, o alumnado deberá ter superados os requisitos establecidos nos puntos 3 a) e 3 b) a que se fai referencia no apartado anterior.

A proba final escrita para o curso de nivel medio realizarase o día 4 de decembro de 2024 ás 10.00 horas.

A proba final escrita para o curso de nivel superior realizarase o día 30 de abril de 2025 ás 12.00 horas.

As datas da proba oral serán fixadas por cada EOI e informarase o alumnado cunha antelación mínima dunha semana. Estas datas faranse públicas na aula virtual.

As datas de inicio e remate dos cursos de linguaxe administrativa galega, así como as datas de realización das probas finais establécense na Resolución do 18 de xuño de 2024. No punto 3 do apartado décimo segundo desta resolución indícase que, de xeito excepcional, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá modificar estas datas. Neste caso o alumnado será informado coa suficiente antelación a través da aula virtual.

As guías didácticas dos cursos de linguaxe administrativa galega (CMLA e CSLA), elaboradas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, teñen como finalidade servirllle de referencia ao alumnado para coñecer o desenvolvemento do curso. Nelas establécense os contidos, os obxectivos, a metodoloxía, a temporalización e os criterios de avaliación de cada curso.

Normativa básica que regula os cursos de linguaxe administrativa galega:

[ORDE do 13 xuño de 2011](#), da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

[RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2024](#), da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia.

RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

Todos os recursos e materiais están dispoñibles na páxina da [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#) e, máis concretamente, na etiqueta "[Linguaxes específicas](#)".

12.2. CURSOS CELGA

As escolas oficiais de idiomas de Galicia poden impartir cursos preparatorios para a obtención dos certificados de lingua galega, Celga, froito dun convenio existente coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Estes cursos réxense pola Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas, orde que derroga a Orde do 1 de abril do 2005, e polas diferentes ordes de convocatoria que se publican anualmente, en virtude das cales se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para a obtención dos certificados de lingua galega, Celga.

A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela programou para o curso escolar 2024/2025 cursos preparatorios para obter o Celga 2, o Celga 3 e o Celga 4, máis en concreto, programou un curso de Celga 2 no primeiro cuadrimestre en horario de tarde; dous cursos de Celga 3 en horario de mañá e un en cada cuadrimestre; e catro cursos de Celga 4, dous por cuadrimestre, en horario de mañá e de tarde. Esta programación actual de cursos responde á demanda existente e ás prioridades que nos marcou a Inspección Educativa.

Os contidos, obxectivos, destrezas, avaliación etc. poden consultarse no manual *Niveis de competencia en lingua galega, descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas*, Xunta de Galicia, 2007. Este manual está dispoñible en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística na seguinte ligazón: [Temario: niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas.](#)

Principal normativa que regula os cursos preparatorios Celga:

- [Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria](#), do 13 xuño de 2011, pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24.06.2011).
- [Resolución do 18 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional](#), pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia.

RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

Todos os recursos e materiais están dispoñibles na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga>

Estes cursos celga son gratuítos e a asistencia a eles é de carácter voluntario para o alumnado.

12.3. CURSOS CALG

Duración do curso: 60 h (2º cuadrimestre)

A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela programou para o curso escolar 2024/2025 un curso de actualización de lingua galega (CALG) de nivel C2 que se vai impartir no segundo cuadrimestre e en horario de tarde para responder á demanda existente e ás prioridades que nos marcou a Inspección Educativa. Este curso está destinado a profesorado tanto para actualizar os coñecementos en lingua galega, como para preparar as probas de certificación deste nivel.

Os contidos, obxectivos, destrezas, avaliación etc. deste curso son os mesmos que os do [curso ordinario de C2](#) que se imparte tamén na escola, mais muda a temporalización, xa que se adapta ás 60 horas que dura este curso CALG.

13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos que a compoñen. Estes elementos non son máis que a composición do propio proxecto curricular; polo tanto, esta análise terá que ser feita desde unha perspectiva práctica tendo en conta que metas se presentan, arredor de que contidos xira, que medidas de intervención didáctica se presupoñen, que materiais e recursos didácticos se utilizaron, que sistemas de avaliación se aplicaron e a funcionalidade do procedemento xeralmente empregado. Seguindo os criterios aprobados no PEC da EOI de Santiago estes procedementos incluírán as seguintes avaliacións:

1. Avaliación dos obxectivos. Valorarase:

- A adecuación dos obxectivos
- Se se relacionan con todos os niveis evolutivos da adquisición da lingua.
- Se os requirimentos se adaptan aos coñecementos e capacidades reais do alumnado nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

2. Avaliación dos contidos. Observarase:

- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se se adaptan ao currículo vixente.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- Se inclúen autoavaliación do estudante nas súas propias metas.

3. Avaliación do conxunto da experiencia educativa. Valorarase:

- Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos e propostas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumnado.
- Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumnado.

4. Avaliación dos recursos didácticos. Valorarase:

- Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado-alumnado.
- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá ou feitos con fins didácticos do tipo de trípticos, xornais etc.
- Se os recursos son útiles para desenvolver os contidos e acadar os obxectivos.
- Se permiten exercitar diferentes formas de expresión.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.

☒ Se o/a estudante participa dalgún xeito na súa escola.

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno.

Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

- Reunións de departamento / coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito. O seguimento da programación tamén se poderá facer mediante unha enquisa mensual que se pode facer de maneira virtual. Este tema tratarase, como mínimo, unha vez cada mes.
- Informes mensuais por parte de cada profesor/a sobre o cumprimento da secuenciación dos contidos e os obxectivos.
- Reunións periódicas formais ou informais do profesorado que comparta cursos e/ou niveis.
- Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a súa opinión respecto da adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.
- Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación e reflectiranse na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.
- Estatísticas. Despois de facer a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto do número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.
- Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria deberán terse en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

Outro instrumento usado na aula para a valoración do desenvolvemento da programación son as táboas de autoavaliación do Portfolio Europeo das Linguas, as cales son útiles para que o profesorado faga unha reflexión sobre o enfoque do curso e para que o alumnado reflexione sobre a seu grao de adquisición das competencias do nivel.

14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

Observación

A simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas, do contacto co profesorado do departamento tanto persoalmente como por correo electrónico, e das queixas de alumnas e alumnos.

Reflexión en grupo

Pode facerse entre os seguintes colectivos:

- nas reunións de departamento, con todo o profesorado

- nas reunións de coordinación de nivel, se as houber
- na CCP e noutras reunións co equipo directivo

Enquisas

Poden ser enviadas ao profesorado do departamento a mediados de curso ou ao finalizar este para analizar o seu funcionamento. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:

- anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir á man e non se farán preguntas identificadoras.
- Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
- Brevidade.

O principal problema da enquisa, a pesar destas "precaucións", será a inevitable subxectividade das percepcións dos suxeitos entrevistados.

O modelo de enquisa relativo á avaliación interna do departamento será o seguinte:

Como podemos mellorar o noso departamento?

Por favor, marca os seguintes aspectos do 1 ao 5: tendo en conta que 1 será a valoración máis baixa e 5 a máis alta. Deixa tamén os teus comentarios sobre como cres que as cousas se poden mellorar.

Como valorarías os seguintes aspectos do Departamento de Galego?

| | | | | |
|--|---|---|---|---|
| 1. Actividades culturais: Como poden mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 2. Recursos didácticos: Como poden mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 3. Reunións de departamento: Como poden mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 4. Reunións de coordinación: Como poden mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5. Aulas virtuais: Como poden mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 6. Elaboración dun banco de probas: Como pode mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 7. Organización das probas finais de maio/xuño: Como pode mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 8. Comunicación coa xefa do departamento: Como pode mellorar? | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 9. Outras cuestións: Algún outro comentario? | 1 | 2 | 3 | 4 |

15. PROCEDIMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO.

Como en calquera aspecto da vida, tamén nos centros de ensino é necesario, antes de deseñar e intervir, realizar unha análise de necesidades que nos permita calcular coa maior exactitude posible os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo etc.

É importante que a análise das necesidades non sexa realizada "de arriba para abaixo", é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellería os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado; para isto é importante lembrar que as necesidades non son só déficits ou carencias e que existen necesidades de diferente tipo:

- Normativas: aluden ao establecido por lei normal ou social.
- Sentidas: percepcións subxectivas de cada persoa.
- Expresas: esixencias xeneralizadas.
- Comparativas: derivadas da diferenza entre grupos en igualdade de condicións onde un posúe algo que os outros non teñen.
- Prospectivas: referidas a necesidades que xurdirán no futuro.

Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán, principalmente, tres:

Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados a través da acción formativa (dificultades para gravar un CD, para usar programas de gravación de vídeos e audios como Roxio, Nero, Audacity no formato adecuado (Avi, mp3...), para reproducir audios e vídeos nos aparellos da aula, para usar o encerado interactivo etc. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas do alumnado.

Reflexión en grupo. Este proceso podería ser como segue:

- Distribución do profesorado (dun único departamento ou de varios) en grupos de 5 ou 6 persoas.
- Reflexión individual sobre as propias necesidades e elaboración dunha listaxe.
- Debate no grupo e contraste das reflexións individuais para conseguir unha proposta consensuada (sen excluír ningunha das anteriores); posteriormente repetirase o proceso cos resultados dos outros grupos.

Enquisas dirixidas ao profesorado ou ao alumnado. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas, aínda sendo inevitable a percepción subxectiva dos suxeitos entrevistados:

- anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir á man e non se farán preguntas identificadoras.
- Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
- Brevidade.

O modelo de enquisa relativo ás necesidades de actualización e formación en materia de uso das TIC realizado no noso centro é como segue:

ENQUISA SOBRE EMPREGO DE MEDIOS TÉCNICOS ENTRE O PERSOAL DOCENTE DA EOI

Que cousas das seguintes utilizas para o teu labor docente? Que ferramentas utilizas para que cousa? Marca o que corresponda.

A/ VÍDEOS

| |
|---|
| • Sei baixar vídeos de Internet. |
| • Sei poñer vídeos baixados da internet nas aulas. <i>Con que dispositivo os reproduces? _____</i> |

| |
|--|
| • Sei cambiar o formato de vídeo. |
| • Non teño problemas para reproducir a maioría dos formatos de vídeo. |
| • Sei editar un vídeo (poñerlle subtítulos, rótulos introductorios, cortarlle cachos, etc.) <i>Con que programa?:</i> _____ |
| • A edición de vídeos resúltame útil e fácil. |

B/ ARQUIVOS DE AUDIO

| |
|---|
| • Sei baixar arquivos en MP3 e utilízalos na clase. <i>Con que os reproduces na clase?</i> _____ |
| • Sei extraer pistas dun cd e pasalas a mp3. |
| • Sei extraer pistas dun cd-rom. |
| • Sei extraer o audio dun dvd. |
| • Sei gravar un cd con arquivos de audio sacados de diferentes lugares. <i>Con que programa?</i> _____ |

C/ POWERPOINT

| |
|--|
| • Sei facer presentacións en POWERPOINT. |
| • Sei incorporar <input type="checkbox"/> imaxes <input type="checkbox"/> sons <input type="checkbox"/> vídeos |
| • Sei facer "actividades innovadoras" con esta ferramenta. Cales? _____ |
| • Nas clases, o POWERPOINT éme útil para: _____ |

D/ AUDACITY

| |
|---|
| • Sei gravar cousas con este programa |
| • Sei editar arquivos de audio: <ul style="list-style-type: none"> • Sei cortar e pegar cachos. • Sei introducir sons e pitos. • Sei meter pausas no medio dun discurso. • Sei meter voces do estilo: "<i>parte 1</i>", "<i>Escoite atentamente e conteste as preguntas</i>"... • Sei exportar a MP3. • Sei combinar dous arquivos de audio diferentes sen que haxa distorsión. |
| • Outras cousas para as que utilizo este programa son: _____ |

F/ HOT POTATOES

| |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • fago exercicios con este programa. E utilízooos... • na clase • na aula virtual • en comunidades de aprendizaxe en Internet. |
| <ul style="list-style-type: none"> • Tipoloxía de exercicios que fago con este programa: • Exercicios de gramática e vocabulario • Exercicios de comprensión lectora |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios de comprensión auditiva <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios de expresión escrita |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Fago exercicios nos que integro <input type="checkbox"/> imaxes <input type="checkbox"/> sons <input type="checkbox"/> vídeos |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Comentarios sobre este programa: _____ |

E/ AULAS VIRTUAIS

| | |
|--|---|
| | Teño unha aula virtual e penso que é unha ferramenta moi útil. <i>En que plataforma a tes?</i> |
| | O alumnado que teño pensa que esta ferramenta é moi útil. |
| | As ferramentas da aula virtual que uso son: Subida de documentos Exercicios/Solucionarios Avisos ao alumnado Recollida/Corrección de tarefas do alumnado Foros Ligazóns Outros: _____ |
| | Na miña aula virtual hai... <ul style="list-style-type: none"> • Documentos de WORD/ .pdf... • Arquivos de audio (MP3). • Fotos e imaxes • Arquivos de vídeo • Presentacións de POWERPOINT • Exercicios online con posibilidade de autocorrección e autoavaliación |

G/ BLOGS

| | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Sei crear blogs. |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Un blog éme útil para as clases de idiomas. <i>Por que?</i> _____ |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Sei incorporar <input type="checkbox"/> imaxes <input type="checkbox"/> sons <input type="checkbox"/> vídeos |
| | <ul style="list-style-type: none"> • Sei incorporar ligazóns. |

F/ OUTRAS TECNOLOXÍAS e PROGRAMAS que considero útiles ou que emprego a miúdo son:

—

A vicedirección da EOI realiza anualmente unha enquisa virtual para solicitar unha formación adaptada a partir dos resultados; logo de analizar os resultados, trata de crear grupos de traballos interdepartamentais entre o profesorado.

Esta programación didáctica para o curso 2024/2025 foi coordinada pola xefatura do Departamento de Galego da EOI de Santiago de Compostela e elaborada en colaboración por todas as profesoras integrantes do departamento.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2024